



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 180
4 de agosto de 2021

Fascículo 1



CSV: BOPGDSPG5p1sK3O653

Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

Admisión a trámite e publicación

■ 19234 (11/POP-002634)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre as previsións que baralla a Xunta de Galicia para dotar de infraestruturas intermodais as principais cidades galegas

[66239](#)

■ 19237 (11/POP-002635)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis

Sobre a valoración do uso da Tarxeta Xente Nova

[66241](#)

■ 19243 (11/POP-002636)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a necesidade de elaborar un plan integral de renovación da rede de saneamento do polígono empresarial de Bergondo

[66243](#)

■ 19253 (11/POP-002637)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre as vantaxes ofrecidas ao sector polo Observatorio de Custos de Transportes de Mercadorías por Estrada de Galicia, impulsado pola Xunta

[66246](#)

■ 19257 (11/POP-002638)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre o contido da Orde de axudas publicada o día 3 de febreiro no *Diario Oficial de Galicia* para a renovación da frota de taxis, así como as outras medidas de apoio ao sector que impulsou o Goberno galego no actual contexto de pandemia sanitaria para garantir unha mobilidade segura

[66248](#)

■ 19264 (11/POP-002639)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis



Sobre a situación en que queda o alumnado que non puido presentarse á convocatoria das probas da ABAU 2021 por causas relacionadas coa covid-19 [66250](#)

I 19280 (11/POP-002640)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a valoración por parte do Goberno galego da decisión do Goberno de Illes Balears de limitar os prezos das probas diagnósticas para evitar a especulación [66253](#)

I 19337 (11/POP-002645)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as medidas elaboradas polo Goberno galego, no ámbito da colaboración coas entidades locais, para fomentar a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero [66255](#)

I 19339 (11/POP-002646)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o orzamento destinado á convocatoria para o ano 2021 das axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e aos fillos menores de trinta anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por ese tipo de violencia [66257](#)

I 19341 (11/POP-002647)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a relación das entidades sociais beneficiarias das axudas concedidas con cargo ao 0,7 por cento do imposto sobre a rendas das persoas físicas para promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e loitar contra a violencia de xénero, así como o tipo de actuacións subvencionadas [66259](#)

I 19344 (11/POP-002648)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as actuacións previstas para promover a autonomía económica das vítimas de violencia de xénero e a cantidade do seu importe [66261](#)

I 19346 (11/POP-002649)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o balance da colaboración mantida pola Consellería de Emprego e Igualdade co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia desde o ano 2009 para a atención das vítimas de violencia de xénero [66263](#)

I 19356 (11/POP-002650)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís



Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da denuncia da Fiscalía de Medio Ambiente sobre as verteduras da conserveira Jealsa á ría de Arousa e das actuacións da Administración autonómica ao respecto [66265](#)

I 19365 (11/POP-002651)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto do persoal sanitario do Centro de Saúde de Campo Lameiro [66269](#)

I 19371 (11/POP-002652)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da apertura dunha liña de axudas para a hostalaría, especialmente para o sector do ocio nocturno [66271](#)

I 19374 (11/POP-002653)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para a declaración da casa Cornide como ben de interese cultural [66274](#)

I 19376 (11/POP-002654)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á aplicación, ao abeiro do artigo 88 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, de políticas de mobilización da vivenda baleira para a súa inclusión no mercado do alugueiro [66277](#)

I 19377 (11/POP-002655)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a previsión de elaborar unha cartografía cos datos do censo de vivenda baleira [66281](#)

I 19378 (11/POP-002656)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a avaliación da situación do parque de vivenda baleira [66285](#)

I 19379 (11/POP-002657)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis

Sobre o número de aulas dos centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (Cemit) en Galicia, necesarias para dar solución aos problemas de conectividade, cobertura e analfabetismo dixital [66289](#)



I 19380 (11/POP-002658)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre a adecuación das instalacións do Conservatorio Superior de Música de Vigo e a actualización dos sistemas tecnolóxicos e informáticos [66292](#)

I 19381 (11/POP-002659)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 2 máis**

Sobre a necesidade de que a Xunta de Galicia volva ofrecer anualmente a posibilidade de realizar as probas para acreditar o Celga fóra de Galicia [66295](#)

I 19382 (11/POP-002660)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a restauración no parque do Pasatempo, en Betanzos [66298](#)

I 19383 (11/POP-002661)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia relativas á falta de pediatra no Centro de Saúde da Pobra do Caramiñal [66301](#)

I 19384 (11/POP-002662)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre a situación da pesca galega logo do acordo entre a Unión Europea e o Reino Unido en relación co *Brexit* [66305](#)

I 19385 (11/POP-002663)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da concesión e da renovación de títulos nobiliarios á familia Franco [66310](#)

I 19386 (11/POP-002664)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da encarga a unha comisión independente dun informe referido a todos os bens que puideron pasar a formar parte do patrimonio da familia Franco de xeito irregular ou ilícito [66313](#)

I 19387 (11/POP-002665)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, así como coa Estratexia galega de acción exterior [66316](#)



I 19388 (11/POP-002666)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do remate da distribución discrecional e partidista de fondos públicos

[66319](#)**I 19389 (11/POP-002667)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o número de casas de apostas, salóns e máquinas de xogo que están autorizadas en Galicia

[66321](#)**I 19390 (11/POP-002668)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as iniciativas que levou a cabo o Goberno galego na pasada lexislatura e no comezo desta en relación coa convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias co obxecto de acordar co Goberno do Estado a transferencia a Galicia das competencias pendentes

[66323](#)**I 19391 (11/POP-002669)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o apoio da Xunta de Galicia ao sector do xogo

[66326](#)**I 19392 (11/POP-002670)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do sometemento á información e ao estudo no Parlamento de Galicia do Plan de investimentos conxuntos da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal para o período 2021-2027

[66329](#)**I 19393 (11/POP-002671)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da creación dunha delegación permanente de Galicia en Lisboa

[66332](#)**I 19394 (11/POP-002672)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o balance global da etapa de presidencia da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal no período 2017-2020

[66335](#)**I 19395 (11/POP-002673)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para reducir a presenza do eucalipto nos espazos naturais protexidos e nas áreas de especial interese paisaxístico

[66338](#)

I 19396 (11/POP-002674)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia das denuncias referidas ás supostas irregularidades na tramitación dos novos contratos do transporte público por estrada [66341](#)

I 19397 (11/POP-002675)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para cumprir o requirimento da Comisión Europea respecto da ampliación da Rede Natura [66344](#)

I 19398 (11/POP-002676)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o estado de tramitación do expediente do proxecto denominado Explotación da concesión derivada do permiso de investigación *Alberta I*, 1ª fracción, nº 4966.1, no termo municipal de Beariz [66348](#)

I 19399 (11/POP-002677)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a necesidade de aplicar descontos nas tarifas das autovías de titularidade autonómica AG-55 e AG-57 [66351](#)

I 19400 (11/POP-002678)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre as previsións de Augas de Galicia respecto da realización de investimentos na mellora da rede de saneamento e depuración dos concellos que verten á foz do Miñor [66354](#)

I 19401 (11/POP-002679)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre as previsións de investimentos na mellora da rede de saneamento e depuración nos concellos que verten á foz do Miñor [66358](#)

I 19402 (11/POP-002680)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre as actuacións de mellora ambiental do río Eume levadas a cabo no marco do pacto ambiental asinado con Endesa no ano 2012 e a contía do seu orzamento [66362](#)

I 19403 (11/POP-002681)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as razóns da demora na aprobación do regulamento de desenvolvemento da Lei de caza de Galicia [66366](#)



I 19404 (11/POP-002682)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para reducir a sinistralidade provocada pola caza e as previsións para o futuro [66369](#)

I 19405 (11/POP-002683)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a aprobación da estratexia de prevención, atención e abordaxe integral da soidade non desexada [66372](#)

I 19406 (11/POP-002684)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre o actual índice de cobertura do servizo de teleasistencia en Galicia [66375](#)

I 19407 (11/POP-002685)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre os informes remitidos polo Goberno galego ao Goberno central en relación co cumprimento en Galicia da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias no ensino e cos resultados da aplicación do Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia [66378](#)

I 19408 (11/POP-002686)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa listaxe de bens inmatriculados pola Igrexa católica ao abeiro da Lei hipotecaria [66382](#)

I 19409 (11/POP-002687)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a asunción por parte do Goberno galego do compromiso de demandar, desde a súa representación no Consello de Administración da Autoridade Portuaria, un plan estratéxico de impulso e dinamización económica do porto da Coruña [66386](#)

I 19410 (11/POP-002688)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a asunción por parte da Xunta de Galicia do compromiso de atender a demanda do sector da música e do baile tradicional de actualizar o Libro branco do ensino na música tradicional en Galicia [66389](#)

I 19411 (11/POP-002689)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a asunción por parte da Xunta de Galicia do compromiso de atender a demanda do sector da música e do baile tradicional de actualizar o Libro branco do ensino da música tradicional en Galicia [66392](#)

I 19412 (11/POP-002690)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego dos datos referidos á situación da cultura na cidade de Vigo, reflectidos no informe elaborado pola Fundación Contemporánea respecto da situación do mapa cultural do Estado español [66396](#)

I 19413 (11/POP-002691)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego da situación da cultura na cidade de Vigo e as súas intencións referidas ao impulso ou á colaboración na elaboración dun plan estratéxico ao respecto [66399](#)

I 19414 (11/POP-002692)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a avaliación e as medidas previstas polo Goberno galego respecto da situación de colapso do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda [66402](#)

I 19415 (11/POP-002693)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co proxecto de execución do parque eólico do Campo das Rosas, no concello de Cerdedo-Cotobade [66406](#)

I 19417 (11/POP-002694)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a garantía de acceso ao dereito á tutela xudicial efectiva mediante unha xustiza máis áxil [66408](#)

I 19419 (11/POP-002695)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre o cumprimento por parte das instalacións do Xulgado de Garda da Coruña dos requisitos de seguridade, privacidade e dignidade necesarios [66410](#)

I 19421 (11/POP-002696)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lorenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir unha oferta de prazas nos mäs-teres de Profesorado nas universidades galegas adaptada á demanda real de Galicia [66412](#)



I 19422 (11/POP-002697)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre a implantación de escolas infantís nos centros de traballo

[66416](#)**I 19424 (11/POP-002698)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento de programas de recollida, recuperación e reciclaxe de residuos mariños

[66418](#)**I 19426 (11/POP-002699)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3 máis**

Sobre a urxencia da dragaxe do río Lérez

[66421](#)**I 19429 (11/POP-002700)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para prestar unha atención sanitaria digna no Centro de Saúde de Cerdedo

[66423](#)**I 19430 (11/POP-002701)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á elaboración dun informe respecto das carencias que presentan as infraestruturas xudiciais de Galicia

[66426](#)**I 19432 (11/POP-002702)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3 máis**

Sobre os obxectivos marcados no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia

[66428](#)**I 19434 (11/POP-002703)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre a consideración por parte da Xunta de Galicia do nivel de concentración de accidentes que presenta a estrada PO-313, no treito que vai desde A Cruz da Maceira, no concello de Marín, ata Pardavila

[66431](#)**I 19435 (11/POP-002704)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da autorización do parque eólico Monte Chan, debido á afectación que provoca na paisaxe protexida dos penedos de Pasarela e Traba

[66433](#)

I 19437 (11/POP-002705)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reforma da Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia

[66437](#)**I 19439 (11/POP-002706)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a garantía por parte da Xunta de Galicia do bo estado das instalacións de Ence, en Lourizán, e da ausencia de riscos para as persoas e o ambiente

[66440](#)**I 19441 (11/POP-002707)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre as condicións de seguridade viaria que presenta a estrada AC-550, nomeadamente para os peóns, ao seu paso polos lugares de Orro e Boa, no concello de Noia

[66443](#)**I 19454 (11/POP-002708)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis**

Sobre o alcance dos investimentos da Consellería de Emprego e Igualdade para apoiar a contratación de persoas sen emprego nos concellos galegos

[66446](#)**I 19460 (11/POP-002709)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis**

Sobre o orzamento das axudas para o desenvolvemento dos obradoiros de emprego para a edición 2021-2022

[66448](#)**I 19462 (11/POP-002710)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 9 máis**

Sobre a fase concreta en que se atopan as obras de rehabilitación do edificio administrativo do antigo Hospital Xeral de Lugo para a posta en marcha da nova oficina de emprego e formación no barrio da Residencia e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

[66450](#)**I 19469 (11/POP-002711)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 9 máis**

Sobre o balance por parte da Xunta de Galicia da primeira edición do Programa de *mentoring* traballo autónomo, así como as súas previsións ao respecto para o ano 2021

[66452](#)**I 19470 (11/POP-002712)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 9 máis**

Sobre a axenda da Xunta de Galicia a prol da formación para o emprego

[66454](#)

I 19474 (11/POP-002713)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e 8 máis**

Sobre o avance que presentan os traballos da primeira fase para a conversión en autovía da vía de altas prestacións Nadela-Sarria, no treito comprendido entre A Pobra de San Xiao e o centro de Sarria

[66456](#)**I 19476 (11/POP-002714)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e 6 máis**

Sobre o estado actual de desenvolvemento do programa de inspeccións en pontes e obras de paso que vén aplicando a Xunta de Galicia nas estradas da súa titularidade

[66458](#)**I 19478 (11/POP-002715)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e 7 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das obras executadas para acadar a integración paisaxística dos camiños de Santiago á súa entrada en Santiago de Compostela

[66460](#)**I 19480 (11/POP-002716)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis**

Sobre o baixo ritmo de execución das obras nos treitos pendentes da autovía A-54, Lugo-Santiago de Compostela

[66462](#)**I 19485 (11/POP-002717)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para contribuír economicamente co Concello de Ribeira a reparar as deficiencias do edificio onde se localiza o Conservatorio de Música de Ribeira, mellorar a súa oferta educativa e as condicións do seu profesorado

[66464](#)**I 19486 (11/POP-002718)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre a conservación do patrimonio histórico-arquitectónico de Galicia

[66468](#)**I 19488 (11/POP-002719)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a seguridade na estrada PO-322 no lugar da Xesteira, no concello de Cerdedo-Cotobade

[66471](#)**I 19490 (11/POP-002720)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3 máis**

Sobre a implementación de medidas que garantan a protección e o acceso á xustiza das vítimas da violencia de xénero [66473](#)

I 19496 (11/POP-002721)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego relativas á corrección do topónimo de Ourense na sinalización viaria galega, singularmente na estrada OU-536, Ourense-A Pobra de Trives [66476](#)

I 19499 (11/POP-002722)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego do desenvolvemento do Plan de xestión de riscos de inundación Galicia-Costa 2021-2027 [66480](#)

I 19501 (11/POP-002723)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 8 máis

Sobre o contido e a resposta do protocolo de colaboración proposto pola Xunta de Galicia ao Concello de Vigo para avanzar no plan para reducir o risco de inundacións do río Lagares ao seu paso por ese municipio [66482](#)

I 19506 (11/POP-002724)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto de ofertar os estudos do bacharelato de Artes en Redondela antes do curso 2022/2023 [66484](#)

I 19507 (11/POP-002725)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en relación co acceso aos postos de axentes do Servizo de Gardacostas [66486](#)

I 19509 (11/POP-002726)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Sanxenxo [66489](#)

I 19511 (11/POP-002727)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 4 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para o cumprimento da Directiva europea de protección das aves [66491](#)



I 19516 (11/POP-002728)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego após a emisión do informe da Universidade de Santiago de Compostela

[66493](#)**I 19522 (11/POP-002729)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis**

Sobre os avances respecto do desenvolvemento das unidades poscovid na sanidade pública

[66496](#)**I 19524 (11/POP-002730)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 7 máis**

Sobre os próximos pasos previstos respecto das actuacións anunciadas no Complexo Hospitalario de Ourense

[66498](#)**I 19525 (11/POP-002731)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 3 máis**

Sobre a autorización dos dous novos proxectos eólicos promovidos na contorna da paisaxe protexida dos penedos de Pasarela e Traba

[66500](#)**I 19526 (11/POP-002732)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre o impulso do uso do software libre en todas as áreas e dependencias da competencia da Xunta de Galicia

[66505](#)**I 19527 (11/POP-002733)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra**

Sobre as razóns do Goberno galego para non aprobar os plans de recuperación e conservación de cento noventa e seis especies ameazadas

[66508](#)**I 19529 (11/POP-002734)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Carballo Páez, Ramón e 9 máis**

Sobre a situación das obras de construción do centro integral de saúde de Lugo no barrio da Residencia

[66510](#)**I 19531 (11/POP-002735)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis**

Sobre a avaliación por parte da Xunta de Galicia das iniciativas postas en marcha para promover a innovación no Sistema público de saúde

[66512](#)

I 19533 (11/POP-002736)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis**

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do desenvolvemento da campaña de reforzo para o cumprimento das medidas sanitarias fronte ao coronavirus nos establecementos galegos

[66515](#)**I 19535 (11/POP-002737)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis**

Sobre os resultados que espera obter a Xunta de Galicia dos proxectos de investigación beneficiarios do programa Traslaciona covid-19

[66518](#)**I 19537 (11/POP-002738)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para promover melloras na plataforma informática de teleasistencia domiciliaria Telea

[66520](#)**I 19539 (11/POP-002739)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e 6 máis**

Sobre as medidas adoptadas pola Consellería do Medio Rural no ámbito do sector cárnico

[66523](#)**I 19541 (11/POP-002740)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e 6 máis**

Sobre valoración por parte da Xunta de Galicia da convocatoria para a anualidade do 2021 do "préstamo vendima"

[66526](#)**I 19543 (11/POP-002741)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e 6 máis**

Sobre as previsións do impacto que terá a Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia en cada un dos eixes sobre os que actúa

[66529](#)**I 19545 (11/POP-002742)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para dotar Pontevedra dun centro sociosanitario público

[66532](#)**I 19547 (11/POP-002743)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da sentenza que afecta as traballadoras da Escola Infantil As Galeras, en Oleiros

[66534](#)

I 19555 (11/POP-002744)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da asunción da demanda da maxistratura referida á dotación de dous xulgados de primeira instancia máis no partido xudicial de Vigo [66536](#)

I 19556 (11/POP-002745)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución no ano 2021 dalgún tipo de actuación para mellorar a seguridade viaria da estrada PO-546, coñecida como a “estrada vella Pontevedra-Marín” [66538](#)

I 19557 (11/POP-002746)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á execución no ano 2021 do proxecto de senda peonil e mellora da seguridade viaria da estrada PO-308, nos treitos Fontela-Combarro e Combarro-Chancelas [66541](#)

I 19558 (11/POP-002747)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3 máis**

Sobre o balance respecto do nivel de cumprimento do Plan de saneamento 2000-2015 [66543](#)

I 19559 (11/POP-002748)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para pór en marcha un procedemento que permita a corrección progresiva da linguaxe sexista da lexislación autonómica actualmente en vigor [66546](#)

I 19560 (11/POP-002749)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para desenvolver a través de Portos de Galicia o acondicionamento do paseo marítimo do Covelo nos termos acordados ou de forma consensuada co Concello de Poio [66548](#)

I 19561 (11/POP-002750)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da anticipación e coordinación das forzas e corpos de seguridade de cara á celebración do Ano Xacobeo [66550](#)

I 19562 (11/POP-002751)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 4 máis**

Sobre a importancia das salas Gesell para a protección das persoas máis vulnerables nun procedemento xudicial [66552](#)

I 19563 (11/POP-002752)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre o estado de elaboración en que se atopa a proposta de novos lugares de importancia comunitaria ou ampliación dos existentes no ámbito de protección da Rede Natura 2000 en Galicia

[66554](#)

I 19564 (11/POP-002753)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da apertura do expediente de declaración do patrimonio etnográfico gandeiro da serra do Suído e Alto Tea como ben de interese cultural, na categoría de paisaxe cultural

[66557](#)

I 19565 (11/POP-002754)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da paralización cautelara dos proxectos eólicos da serra do Suído e Alto Tea para evitar o risco de destrución irreversible de especies e hábitats de interese comunitario e prioritario

[66561](#)

I 19566 (11/POP-002755)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre os plans desenvolvidos ou que vai desenvolver a Xunta de Galicia para a protección e a conservación das zonas húmidas e das turbeiras da serra do Suído

[66568](#)

I 19567 (11/POP-002756)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a elaboración por parte do Goberno galego dalgún plan de reactivación urxente para os sectores culturais

[66575](#)

I 19568 (11/POP-002757)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do aumento da dotación de persoal sanitario prevista pola Consellería de Sanidade para o novo Centro de Saúde de Bouzas, na cidade de Vigo

[66578](#)

I 19569 (11/POP-002758)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir a conservación e a posta en valor da torre de Caldaloba, no concello de Cospeito

[66581](#)



I 19570 (11/POP-002759)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para a apertura do centro social de Alende, no concello de Moraña, e a posta en funcionamento da Unidade de Atención ao Alzhéimer [66584](#)

I 19572 (11/POP-002760)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do aumento do número de profesionais de rehabilitación do Hospital da Mariña [66587](#)

I 19573 (11/POP-002761)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre a nova carreira investigadora anunciada pola Xunta de Galicia [66590](#)

I 19574 (11/POP-002762)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego para a designación do tribunal das oposicións da categoría A2, para o acceso aos postos de psicólogo e traballador social da Xunta de Galicia [66593](#)

I 19576 (11/POP-002763)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre a sentenza xudicial referida á xestión do presidente da Federación Galega de Fútbol en relación coas obras de construción do campo de fútbol de Moraña [66595](#)

I 19577 (11/POP-002764)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para dotar con carácter permanente dunha praza de medicina de familia e doutra de enfermaría o Centro de Saúde de Salceda de Caselas [66598](#)

I 19580 (11/POP-002765)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis**

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia de modificar a convocatoria de axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para mellorar a súa eficacia e non discriminar as mulleres [66601](#)

I 19586 (11/POP-002766)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dos aloxamentos para peregrinos e peregrinas mentres os albergues continúen coa ocupación reducida [66603](#)



Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 2 de agosto de 2021, en relación coas iniciativas parlamentarias que se citan

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5, do 20 de agosto de 2020), resolve:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

Admisión a trámite e publicación

- 19234 (11/POP-002634)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre as previsións que baralla a Xunta de Galicia para dotar de infraestruturas intermodais as principais cidades galegas

- 19237 (11/POP-002635)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis

Sobre a valoración do uso da Tarxeta Xente Nova

- 19243 (11/POP-002636)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a necesidade de elaborar un plan integral de renovación da rede de saneamento do polígono empresarial de Bergondo

- 19253 (11/POP-002637)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre as vantaxes ofrecidas ao sector polo Observatorio de Custos de Transportes de Mercadorías por Estrada de Galicia, impulsado pola Xunta

- 19257 (11/POP-002638)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre o contido da Orde de axudas publicada o día 3 de febreiro no *Diario Oficial de Galicia* para a renovación da frota de taxis, así como as outras medidas de apoio ao sector que impulsou o Goberno galego no actual contexto de pandemia sanitaria para garantir unha mobilidade segura



- 19264 (11/POP-002639)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a situación en que queda o alumnado que non puido presentarse á convocatoria das probas da ABAU 2021 por causas relacionadas coa covid-19

- 19280 (11/POP-002640)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a valoración por parte do Goberno galego da decisión do Goberno de Illes Balears de limitar os prezos das probas diagnósticas para evitar a especulación

- 19337 (11/POP-002645)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as medidas elaboradas polo Goberno galego, no ámbito da colaboración coas entidades locais, para fomentar a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero

- 19339 (11/POP-002646)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o orzamento destinado á convocatoria para o ano 2021 das axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e aos fillos menores de trinta anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por ese tipo de violencia

- 19341 (11/POP-002647)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a relación das entidades sociais beneficiarias das axudas concedidas con cargo ao 0,7 por cento do imposto sobre a rendas das persoas físicas para promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e loitar contra a violencia de xénero, así como o tipo de actuacións subvencionadas

- 19344 (11/POP-002648)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as actuacións previstas para promover a autonomía económica das vítimas de violencia de xénero e a cantidade do seu importe

- 19346 (11/POP-002649)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o balance da colaboración mantida pola Consellería de Emprego e Igualdade co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia desde o ano 2009 para a atención das vítimas de violencia de xénero



- 19356 (11/POP-002650)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da denuncia da Fiscalía de Medio Ambiente sobre as verteduras da conserveira Jealsa á ría de Arousa e das actuacións da Administración autonómica ao respecto

- 19365 (11/POP-002651)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto do persoal sanitario do Centro de Saúde de Campo Lameiro

- 19371 (11/POP-002652)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da apertura dunha liña de axudas para a hostalaría, especialmente para o sector do ocio nocturno

- 19374 (11/POP-002653)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para a declaración da casa Cornide como ben de interese cultural

- 19376 (11/POP-002654)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á aplicación, ao abeiro do artigo 88 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, de políticas de mobilización da vivenda baleira para a súa inclusión no mercado do alugueiro

- 19377 (11/POP-002655)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a previsión de elaborar unha cartografía cos datos do censo de vivenda baleira

- 19378 (11/POP-002656)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a avaliación da situación do parque de vivenda baleira

- 19379 (11/POP-002657)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis



Sobre o número de aulas dos centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (Cemit) en Galicia, necesarias para dar solución aos problemas de conectividade, cobertura e analfabetismo dixital

- 19380 (11/POP-002658)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a adecuación das instalacións do Conservatorio Superior de Música de Vigo e a actualización dos sistemas tecnolóxicos e informáticos

- 19381 (11/POP-002659)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a necesidade de que a Xunta de Galicia volva ofrecer anualmente a posibilidade de realizar as probas para acreditar o Celga fóra de Galicia

- 19382 (11/POP-002660)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a restauración no parque do Pasatempo, en Betanzos

- 19383 (11/POP-002661)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia relativas á falta de pediatra no Centro de Saúde da Pobra do Caramiñal

- 19384 (11/POP-002662)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a situación da pesca galega logo do acordo entre a Unión Europea e o Reino Unido en relación co *Brexit*

- 19385 (11/POP-002663)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da concesión e da renovación de títulos nobiliarios á familia Franco

- 19386 (11/POP-002664)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da encarga a unha comisión independente dun informe referido a todos os bens que puideron pasar a formar parte do patrimonio da familia Franco de xeito irregular ou ilícito



- 19387 (11/POP-002665)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, así como coa Estratexia galega de acción exterior

- 19388 (11/POP-002666)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do remate da distribución discrecional e partidista de fondos públicos

- 19389 (11/POP-002667)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o número de casas de apostas, salóns e máquinas de xogo que están autorizadas en Galicia

- 19390 (11/POP-002668)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as iniciativas que levou a cabo o Goberno galego na pasada lexislatura e no comezo desta en relación coa convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias co obxecto de acordar co Goberno do Estado a transferencia a Galicia das competencias pendentes

- 19391 (11/POP-002669)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o apoio da Xunta de Galicia ao sector do xogo

- 19392 (11/POP-002670)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do sometemento á información e ao estudo no Parlamento de Galicia do Plan de investimentos conxuntos da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal para o período 2021-2027

- 19393 (11/POP-002671)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da creación dunha delegación permanente de Galicia en Lisboa

- 19394 (11/POP-002672)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis



Sobre o balance global da etapa de presidencia da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal no período 2017-2020

- 19395 (11/POP-002673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para reducir a presenza do eucalipto nos espazos naturais protexidos e nas áreas de especial interese paisaxístico

- 19396 (11/POP-002674)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia das denuncias referidas ás supostas irregularidades na tramitación dos novos contratos do transporte público por estrada

- 19397 (11/POP-002675)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para cumprir o requirimento da Comisión Europea respecto da ampliación da Rede Natura

- 19398 (11/POP-002676)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o estado de tramitación do expediente do proxecto denominado Explotación da concesión derivada do permiso de investigación *Alberta I*, 1ª fracción, nº 4966.1, no termo municipal de Beariz

- 19399 (11/POP-002677)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a necesidade de aplicar descontos nas tarifas das autovías de titularidade autonómica AG-55 e AG-57

- 19400 (11/POP-002678)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as previsións de Augas de Galicia respecto da realización de investimentos na mellora da rede de saneamento e depuración dos concellos que verten á foz do Miñor

- 19401 (11/POP-002679)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as previsións de investimentos na mellora da rede de saneamento e depuración nos concellos que verten á foz do Miñor



- 19402 (11/POP-002680)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as actuacións de mellora ambiental do río Eume levadas a cabo no marco do pacto ambiental asinado con Endesa no ano 2012 e a contía do seu orzamento

- 19403 (11/POP-002681)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as razóns da demora na aprobación do regulamento de desenvolvemento da Lei de caza de Galicia

- 19404 (11/POP-002682)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para reducir a sinistralidade provocada pola caza e as previsións para o futuro

- 19405 (11/POP-002683)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a aprobación da estratexia de prevención, atención e abordaxe integral da soidade non desexada

- 19406 (11/POP-002684)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o actual índice de cobertura do servizo de teleasistencia en Galicia

- 19407 (11/POP-002685)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os informes remitidos polo Goberno galego ao Goberno central en relación co cumprimento en Galicia da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias no ensino e cos resultados da aplicación do Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

- 19408 (11/POP-002686)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa listaxe de bens inmatriculados pola Igrexa católica ao abeiro da Lei hipotecaria

- 19409 (11/POP-002687)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis



Sobre a asunción por parte do Goberno galego do compromiso de demandar, desde a súa representación no Consello de Administración da Autoridade Portuaria, un plan estratéxico de impulso e dinamización económica do porto da Coruña

- 19410 (11/POP-002688)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a asunción por parte da Xunta de Galicia do compromiso de atender a demanda do sector da música e do baile tradicional de actualizar o Libro branco do ensino na música tradicional en Galicia

- 19411 (11/POP-002689)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a asunción por parte da Xunta de Galicia do compromiso de atender a demanda do sector da música e do baile tradicional de actualizar o Libro branco do ensino da música tradicional en Galicia

- 19412 (11/POP-002690)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego dos datos referidos á situación da cultura na cidade de Vigo, reflectidos no informe elaborado pola Fundación Contemporánea respecto da situación do mapa cultural do Estado español

- 19413 (11/POP-002691)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego da situación da cultura na cidade de Vigo e as súas intencións referidas ao impulso ou á colaboración na elaboración dun plan estratéxico ao respecto

- 19414 (11/POP-002692)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a avaliación e as medidas previstas polo Goberno galego respecto da situación de colapso do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda

- 19415 (11/POP-002693)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co proxecto de execución do parque eólico do Campo das Rosas, no concello de Cerdedo-Cotobade

- 19417 (11/POP-002694)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a garantía de acceso ao dereito á tutela xudicial efectiva mediante unha xustiza máis áxil



- 19419 (11/POP-002695)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre o cumprimento por parte das instalacións do Xulgado de Garda da Coruña dos requisitos de seguridade, privacidade e dignidade necesarios

- 19421 (11/POP-002696)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir unha oferta de prazas nos másteres de Profesorado nas universidades galegas adaptada á demanda real de Galicia

- 19422 (11/POP-002697)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a implantación de escolas infantís nos centros de traballo

- 19424 (11/POP-002698)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento de programas de recollida, recuperación e reciclaxe de residuos mariños

- 19426 (11/POP-002699)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a urxencia da dragaxe do río Lérez

- 19429 (11/POP-002700)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para prestar unha atención sanitaria digna no Centro de Saúde de Cerdedo

- 19430 (11/POP-002701)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á elaboración dun informe respecto das carencias que presentan as infraestruturas xudiciais de Galicia

- 19432 (11/POP-002702)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre os obxectivos marcados no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia



- 19434 (11/POP-002703)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a consideración por parte da Xunta de Galicia do nivel de concentración de accidentes que presenta a estrada PO-313, no treito que vai desde A Cruz da Maceira, no concello de Marín, ata Pardavila

- 19435 (11/POP-002704)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da autorización do parque eólico Monte Chan, debido á afectación que provoca na paisaxe protexida dos penedos de Pasarela e Traba

- 19437 (11/POP-002705)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reforma da Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia

- 19439 (11/POP-002706)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a garantía por parte da Xunta de Galicia do bo estado das instalacións de Ence, en Lourizán, e da ausencia de riscos para as persoas e o ambiente

- 19441 (11/POP-002707)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as condicións de seguridade viaria que presenta a estrada AC-550, nomeadamente para os peóns, ao seu paso polos lugares de Orro e Boa, no concello de Noia

- 19454 (11/POP-002708)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre o alcance dos investimentos da Consellería de Emprego e Igualdade para apoiar a contratación de persoas sen emprego nos concellos galegos

- 19460 (11/POP-002709)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre o orzamento das axudas para o desenvolvemento dos obradoiros de emprego para a edición 2021-2022

- 19462 (11/POP-002710)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 9 máis



Sobre a fase concreta en que se atopan as obras de rehabilitación do edificio administrativo do antigo Hospital Xeral de Lugo para a posta en marcha da nova oficina de emprego e formación no barrio da Residencia e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

- 19469 (11/POP-002711)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 9 máis

Sobre o balance por parte da Xunta de Galicia da primeira edición do Programa de *mentoring* traballo autónomo, así como as súas previsións ao respecto para o ano 2021

- 19470 (11/POP-002712)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 9 máis

Sobre a axenda da Xunta de Galicia a prol da formación para o emprego

- 19474 (11/POP-002713)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 8 máis

Sobre o avance que presentan os traballos da primeira fase para a conversión en autovía da vía de altas prestacións Nadela-Sarria, no treito comprendido entre A Pobra de San Xiao e o centro de Sarria

- 19476 (11/POP-002714)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre o estado actual de desenvolvemento do programa de inspeccións en pontes e obras de paso que vén aplicando a Xunta de Galicia nas estradas da súa titularidade

- 19478 (11/POP-002715)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 7 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das obras executadas para acadar a integración paisaxística dos camiños de Santiago á súa entrada en Santiago de Compostela

- 19480 (11/POP-002716)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre o baixo ritmo de execución das obras nos treitos pendentes da autovía A-54, Lugo-Santiago de Compostela

- 19485 (11/POP-002717)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para contribuír economicamente co Concello de Ribeira a reparar as deficiencias do edificio onde se localiza o Conservatorio de Música de Ribeira, mellorar a súa oferta educativa e as condicións do seu profesorado



- 19486 (11/POP-002718)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a conservación do patrimonio histórico-arquitectónico de Galicia

- 19488 (11/POP-002719)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a seguridade na estrada PO-322 no lugar da Xesteira, no concello de Cerdedo-Cotobade

- 19490 (11/POP-002720)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a implementación de medidas que garantan a protección e o acceso á xustiza das vítimas da violencia de xénero

- 19496 (11/POP-002721)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego relativas á corrección do topónimo de Ourense na sinalización viaria galega, singularmente na estrada OU-536, Ourense-A Pobra de Trives

- 19499 (11/POP-002722)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego do desenvolvemento do Plan de xestión de riscos de inundación Galicia-Costa 2021-2027

- 19501 (11/POP-002723)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 8 máis

Sobre o contido e a resposta do protocolo de colaboración proposto pola Xunta de Galicia ao Concello de Vigo para avanzar no plan para reducir o risco de inundacións do río Lagares ao seu paso por ese municipio

- 19506 (11/POP-002724)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto de ofertar os estudos do bacharelato de Artes en Redondela antes do curso 2022/2023

- 19507 (11/POP-002725)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en relación co acceso aos postos de axentes do Servizo de Gardacostas



- 19509 (11/POP-002726)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Sanxenxo

- 19511 (11/POP-002727)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 4 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para o cumprimento da Directiva europea de protección das aves

- 19516 (11/POP-002728)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego após a emisión do informe da Universidade de Santiago de Compostela

- 19522 (11/POP-002729)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis

Sobre os avances respecto do desenvolvemento das unidades poscovid na sanidade pública

- 19524 (11/POP-002730)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 7 máis

Sobre os próximos pasos previstos respecto das actuacións anunciadas no Complexo Hospitalario de Ourense

- 19525 (11/POP-002731)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre a autorización dos dous novos proxectos eólicos promovidos na contorna da paisaxe protexida dos penedos de Pasarela e Traba

- 19526 (11/POP-002732)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre o impulso do uso do software libre en todas as áreas e dependencias da competencia da Xunta de Galicia

- 19527 (11/POP-002733)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as razóns do Goberno galego para non aprobar os plans de recuperación e conservación de cento noventa e seis especies ameazadas



- 19529 (11/POP-002734)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Carballo Páez, Ramón e 9 máis

Sobre a situación das obras de construción do centro integral de saúde de Lugo no barrio da Residencia

- 19531 (11/POP-002735)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a avaliación por parte da Xunta de Galicia das iniciativas postas en marcha para promover a innovación no Sistema público de saúde

- 19533 (11/POP-002736)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do desenvolvemento da campaña de reforzo para o cumprimento das medidas sanitarias fronte ao coronavirus nos establecementos galegos

- 19535 (11/POP-002737)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre os resultados que espera obter a Xunta de Galicia dos proxectos de investigación beneficiarios do programa Traslaciona covid-19

- 19537 (11/POP-002738)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para promover melloras na plataforma informática de teleasistencia domiciliaria Telea

- 19539 (11/POP-002739)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Consellería do Medio Rural no ámbito do sector cárnico

- 19541 (11/POP-002740)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre valoración por parte da Xunta de Galicia da convocatoria para a anualidade do 2021 do "préstamo vendima"

- 19543 (11/POP-002741)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre as previsións do impacto que terá a Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia en cada un dos eixes sobre os que actúa



- 19545 (11/POP-002742)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para dotar Pontevedra dun centro sociosanitario público

- 19547 (11/POP-002743)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da sentenza que afecta as traballadoras da Escola Infantil As Galeras, en Oleiros

- 19555 (11/POP-002744)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da asunción da demanda da maxistratura referida á dotación de dous xulgados de primeira instancia máis no partido xudicial de Vigo

- 19556 (11/POP-002745)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución no ano 2021 dalgún tipo de actuación para mellorar a seguridade viaria da estrada PO-546, coñecida como a “estrada vella Pontevedra-Marín”

- 19557 (11/POP-002746)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á execución no ano 2021 do proxecto de senda peonil e mellora da seguridade viaria da estrada PO-308, nos treitos Fontela-Combarro e Combarro-Chancelas

- 19558 (11/POP-002747)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre o balance respecto do nivel de cumprimento do Plan de saneamento 2000-2015

- 19559 (11/POP-002748)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para pór en marcha un procedemento que permita a corrección progresiva da linguaxe sexista da lexislación autonómica actualmente en vigor

- 19560 (11/POP-002749)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para desenvolver a través de Portos de Galicia o acondicionamento do paseo marítimo do Covelo nos termos acordados ou de forma consensuada co Concello de Poio



- 19561 (11/POP-002750)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da anticipación e coordinación das forzas e corpos de seguridade de cara á celebración do Ano Xacobeo

- 19562 (11/POP-002751)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 4 máis

Sobre a importancia das salas Gesell para a protección das persoas máis vulnerables nun procedemento xudicial

- 19563 (11/POP-002752)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre o estado de elaboración en que se atopa a proposta de novos lugares de importancia comunitaria ou ampliación dos existentes no ámbito de protección da Rede Natura 2000 en Galicia

- 19564 (11/POP-002753)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da apertura do expediente de declaración do patrimonio etnográfico gandeiro da serra do Suído e Alto Tea como ben de interese cultural, na categoría de paisaxe cultural

- 19565 (11/POP-002754)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da paralización cautelar dos proxectos eólicos da serra do Suído e Alto Tea para evitar o risco de destrución irreversible de especies e hábitats de interese comunitario e prioritario

- 19566 (11/POP-002755)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre os plans desenvolvidos ou que vai desenvolver a Xunta de Galicia para a protección e a conservación das zonas húmidas e das turbeiras da serra do Suído

- 19567 (11/POP-002756)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a elaboración por parte do Goberno galego dalgún plan de reactivación urxente para os sectores culturais

- 19568 (11/POP-002757)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis



Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do aumento da dotación de persoal sanitario prevista pola Consellería de Sanidade para o novo Centro de Saúde de Bouzas, na cidade de Vigo

- 19569 (11/POP-002758)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir a conservación e a posta en valor da torre de Caldaloba, no concello de Cospeito

- 19570 (11/POP-002759)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para a apertura do centro social de Alende, no concello de Moraña, e a posta en funcionamento da Unidade de Atención ao Alzheimer

- 19572 (11/POP-002760)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do aumento do número de profesionais de rehabilitación do Hospital da Mariña

- 19573 (11/POP-002761)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a nova carreira investigadora anunciada pola Xunta de Galicia

- 19574 (11/POP-002762)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego para a designación do tribunal das oposicións da categoría A2, para o acceso aos postos de psicólogo e traballador social da Xunta de Galicia

- 19576 (11/POP-002763)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a sentenza xudicial referida á xestión do presidente da Federación Galega de Fútbol en relación coas obras de construción do campo de fútbol de Moraña

- 19577 (11/POP-002764)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para dotar con carácter permanente dunha praza de medicina de familia e doutra de enfermaría o Centro de Saúde de Salceda de Caselas

- 19580 (11/POP-002765)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis



Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia de modificar a convocatoria de axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para mellorar a súa eficacia e non discriminar as mulleres

- 19586 (11/POP-002766)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dos aloxamentos para peregrinos e peregrinas mentres os albergues continúen coa ocupación reducida

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno**.

O Goberno galego está a apostar polo desenvolvemento da intermodalidade nas principais cidades galegas. Unha aposta froito do convencemento de que este tipo de infraestruturas son estratéxicas para o fomento dunha mobilidade sostible a través do transporte público, así como para a creación nas cidades galegas de novos polos de dinamización económica e para o fortalecemento da competitividade do noso territorio.

Esta aposta vense traducindo en feitos no que respecta ás actuacións dependentes da Administración autonómica, tanto no que atinxe aos trámites administrativos e urbanísticos que tales actuacións requiren, como no impulso das obras necesarias. Dilixencia que deu como resultado que, cando menos no que respecta á parte que corresponde á Xunta de Galicia, as terminais de autobuses das estación intermodais de Ourense e Santiago xa estean operativas.

A posta en marcha de infraestruturas desta envergadura require, a maiores dun salientable investimento económico, a colaboración e coordinación entre as administración implicadas para, co esforzo de todas, poder executalas en prazos razoables e así poder poñelas á disposición da cidadanía o antes posible.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Que previsións baralla o Goberno galego para a dotación de infraestruturas intermodais nas principais cidades galegas?

Santiago de Compostela, 22 de xullo 2021

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Diego Calvo Pouso na data 22/07/2021 14:10:17

Carmen María Pomar Tojo na data 22/07/2021 14:10:29

Ramón Carballo Páez na data 22/07/2021 14:10:39

José Manuel Balseiro Orol na data 22/07/2021 14:10:56

María Sol Díaz Mouteira na data 22/07/2021 14:11:07

Marta Nóvoa Iglesias na data 22/07/2021 14:11:18

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/07/2021 14:11:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno**.

O Goberno galego leva dado mostras nos últimos anos da súa aposta decidida e comprometida co fomento do uso do transporte público por estrada.

Entre as accións encamiñadas a acadar este obxectivo cabe salientar a posta en marcha da tarxeta Xente Nova, especialmente dirixida a promover o emprego do transporte público entre os mozos. Unha iniciativa concibida tamén con un marcado carácter social, xa que permite aos seus beneficiarios viaxar de balde nos autobuses interurbanos da Xunta, que redonda nun importante aforro para as familias.

Así, a Xunta de Galicia impulsou esta tarxeta o ano 2016, que inicialmente permitía a viaxe gratuíta dos menores de 19 anos en todos os servizos interurbanos do sistema de transporte público de Galicia prestados no ámbito das áreas de transporte metropolitano da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo e Vigo.

Posteriormente, o 1 de xaneiro de 2020, a Xunta ampliou o rango de idade dos beneficiarios en dous anos, polo que a tarxeta Xente Nova pode ser empregada desde entón por todos os menores de 21 anos.

Máis tarde, en xuño de 2020, o Goberno galego ampliou o ámbito territorial de implantación a toda a provincia de Ourense e a 13 concellos do entorno da cidade de Pontevedra.

O pasado 21 de maio ampliouse a cobertura deste dispositivo a toda a Comunidade Autónoma, de tal xeito que todos os rapaces menores de 21 anos, vivan onde vivan, poden viaxar de balde por Galicia nos autobuses que xestiona a Xunta.

Transcorrido tempo suficiente dende a implantación destas melloras, tanto dende o punto de vista xeográfico como de rango de idade, é momento de ponderar o resultado da iniciativa e cuantificar o incremento experimentado en canto a número de usuarios.



Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Que valoración fai o Goberno galego do uso da tarxeta Xente Nova?

Santiago de Compostela, 23 de xullo 2021.

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Domínguez na data 23/07/2021 09:03:51

Diego Calvo Pouso na data 23/07/2021 09:04:13

Carmen María Pomar Tojo na data 23/07/2021 09:04:43

Ramón Carballo Páez na data 23/07/2021 09:05:05

José Manuel Balseiro Orol na data 23/07/2021 09:05:19

María Sol Díaz Mouteira na data 23/07/2021 09:07:24

Marta Nóvoa Iglesias na data 23/07/2021 09:07:35

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/07/2021 09:07:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de elaborar un plan integral de renovación da rede de saneamento do polígono empresarial de Bergondo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O polígono de Bergondo (A Coruña) acolle nesta altura 330 empresas en que traballa de forma moi maioritaria a veciñanza das comarcas das Mariñas, da Coruña e de Ferrol, converténdose nun moi importante motor económico do municipio.

Unha superficie empresarial que está ocupada na súa totalidade e para o que se vén reclamando dun tempo a esta parte a necesidade da súa ampliación para dar resposta á demanda.

Unha actividade empresarial de altura que se vén desenvolvendo desde hai 30 anos, que non se corresponde coa situación de abandono que vén sendo denunciado desde hai tempo que pode poñer en risco pequenas empresas e postos de traballo neste polígono.

Desde a comunidade de propietarios do polígono de Bergondo trasládannos as súas necesidades, ben coñecidas pola administración local e difundidas a través dos medios de comunicación, derivadas dos problemas de saneamento e depuración que





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

están provocando, cada vez con máis frecuencia, inundacións nas naves e importantes perdas materiais e económicas.

Actualmente a rede de saneamento de pluviais e fecais que recolle as augas do polígono, mais tamén da conca, é unitaria. A depuradora só se executou na súa primeira fase das tres inicialmente previstas, o que xustifica a súa incapacidade para canalizar o volume de auga en días de choivas intensas e/ou continuadas. Esta capacidade insuficiente provoca o desbordamento das augas que se encamiñan directamente ao río de Sada, coa consecuente degradación medioambiental que se xenera río abaixo en profundidade.

Esta situación, que compromete unha oferta empresarial de calidade, persiste a diario, independentemente das condicións metereolóxicas, véndose ademais acrecentada debido ao deterioro da rede de abastecemento que presenta deficiencias persistentes, derivadas de continuas avarías e rotura de canalizacións.

É por iso que se está a demandar ao concello un plan de actuación integral que modernice a rede de abastecemento que permita a curto, medio e longo prazo un mantemento correcto e a reposición gradual das infraestruturas.

Esta rede de abastecemento, xunto coa anteriormente amentada de saneamento urxen ser resoltas, pois afectan a servizos básicos imprescindíbeis para o desenvolvemento da actividade normal das empresas, como garantía de resposta ao elevado potencial laboral e económico deste polígono referencial.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Está disposta a Xunta a coordinar co Concello un plan integral de renovación da rede de saneamento do polígono industrial de Bergondo que poña fin a esta demanda do empresariado afectado polos frecuentes asolagamentos das súas propiedades en días de choiva?

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 23/07/2021 10:17:38

Xosé Luis Bará Torres na data 23/07/2021 10:17:42



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno**.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, puxo á disposición das empresas de transporte de mercadorías por estrada unha nova ferramenta para favorecer o seu labor diario: o Observatorio de Custos de Transportes de Mercadorías por Estrada de Galicia.

A través dun portal web, a Xunta facilitou que as empresas de transporte, as empresas cargadoras, ou calquera interesado en xeral, poidan dispoñer dunha ferramenta para o cálculo dos custos do transporte de mercadorías por estrada dentro da Comunidade Autónoma galega.

A posta en marcha desta ferramenta contou coa participación activa, para a súa definición e desenvolvemento, das federacións representativas de empresas de transporte público de mercadorías por estrada como son Fegatrans, Fegatramer e Fetran.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en pleno:

1.-Que vantaxes ofrece ao sector o Observatorio de Custos de Transportes de Mercadorías por Estrada de Galicia impulsado pola Xunta?

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2021.

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 23/07/2021 11:04:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Carmen María Pomar Tojo na data 23/07/2021 11:04:32

Ramón Carballo Páez na data 23/07/2021 11:04:45

José Manuel Balseiro Orol na data 23/07/2021 11:05:06

María Sol Díaz Mouteira na data 23/07/2021 11:05:17

Marta Nóvoa Iglesias na data 23/07/2021 11:05:30

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/07/2021 11:05:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno**.

O Diario Oficial de Galicia recollía o pasado 3 de febreiro unha nova orde de axudas para a renovación da flota de taxis de Galicia. As achegas están dirixidas á adquisición de vehículos adaptados a persoas con mobilidade reducida, os eurotaxis, e para taxis eléctricos e híbridos ou de gas.

O pasado 9 de xullo, o Goberno galego ampliou o orzamento destinado a este tipo de incentivos, cos que se pretende contribuír á modernización do sector, de 350.000 a 650.000 euros. A iniciativa fundaméntase no convencemento de que uns taxis mellor preparados permitirán tamén a prestación dun servizo de maior calidade aos seus clientes e, ademais, contribuír a reducir as emisións contaminantes.

O obxectivo último da medida é, en definitiva, facilitar a mobilidade das persoas coa menor contaminación posible, ao tempo que se presta axuda a un sector, o do taxi, que está a sufrir de modo especial as consecuencias derivadas das restricións de mobilidade por mor da pandemia da covid-19.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Cales son os detalles da orde de axudas para a adquisición de taxis que promove o Goberno galego?

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 23/07/2021 11:09:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Carmen María Pomar Tojo na data 23/07/2021 11:10:07

Ramón Carballo Páez na data 23/07/2021 11:10:19

José Manuel Balseiro Orol na data 23/07/2021 11:10:36

María Sol Díaz Mouteira na data 23/07/2021 11:11:01

Marta Nóvoa Iglesias na data 23/07/2021 11:11:17

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/07/2021 11:11:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a situación na que queda o alumnado que non puido presentarse a convocatoria das ABAU 2021 por causas relacionadas coa COVID-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestes días vimos de coñecer a situación de abandono na que fica o alumnado que non puido participar na convocatoria extraordinaria das probas da ABAU 2021 por teren sido positivos en covid-19 ou por teren que gardar corentena tralo contacto con algún positivo.

Estamos a falar de alumnas e alumnos que levan todo un curso preparándose para estas probas e que, sen que se lles ofrecese ningún tipo de alternativa, foron privados do dereito a participar na convocatoria extraordinaria da ABAU 2021.

É evidente que as consecuencias desta situación son de grande impacto para este alumnado que se ve obrigado a perder un ano, a non poder iniciar a súa vida universitaria canda os seus compañeiros de promoción e a ficar sen máis alternativa que a de se presentar as probas da ABAU 2022.

Sen deixarmos de entender a complexidade do problema que se dá tras destas circunstancias, así como das posíbeis solucións; non é menos certo que a pandemia obrigou a adoptar medidas extraordinarias en diferentes eidos deste curso académico e





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que o dereito deste alumnado a participar na ABAU pode e debe garantirse con mediadas extraordinarias para evitar as nefasta consecuencia de perder un ano por causa dunha situación de enfermidade ou corentena da que non son responsábeis.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o goberno galego levar adiante as actuacións precisas coa CIUG, a Secretaría Xeral de Universidades e calquera outro axente implicado para ofertar alternativas que eviten perder o ano académico ao alumnado privado de participar na convocatoria extraordinaria da ABAU 2021 por teren sido positivos por Covid-ou por estaren corentenados?

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/07/2021 11:30:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 23/07/2021 11:30:13

Daniel Castro García na data 23/07/2021 11:30:34



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O avance la quinta vaga da Covid introduce no funcionamento da hostalería a necesidade de demandar probas negativas de contaxio, ou outras opcións como certificado vacinal. A pesares de que o Plan Estatal de Vacinación avanza de maneira exitosa, a orde de vacinación está establecida por idade, polo que existe aínda un grupo de idade que non está sendo vacinado non por vontade propia senón porque non están sendo citados aínda, a pesares de que noutras comunidades autónomas si que se está a facer con maior axilidade.

Esta situación pode provocar un aumento da demanda na realización de probas diagnósticas e, aínda que en diversas ocasións estas poidan chegar a través de cribados ou test realizados a través do sistema público, o recurso de ser atendido vía privada para estas probas pode verse aumentado.

Con respecto a isto, véñense producindo moitas variacións de prezos para ofertar estas probas de diagnóstico, non estando regulado nada en Galicia a este respecto. A existencia agora de condicionantes impostos polo sistema público para a súa utilización fan de interese que se poida, tamén, introducir algún control dos prezos para que poidan ser garantidos os dereitos de acceso toda vez que se respecten os razoables marxes de mercado para distribuidores e fabricantes.

Esta medida xa foi introducida por outras comunidades autónomas, que limitou vía decreto (e posterior tramitación como proxecto de lei) o prezo das probas diagnósticas marcando, por exemplo, un tope para as probas PCR de 75 euros e para as de antíxenos de 30 euros.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora o Goberno da Xunta de Galicia a decisión do goberno das Illes Balears de limitar os prezos das probas diagnósticas para evitar a especulación?

Pazo do Parlamento, 23 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 23/07/2021 13:21:21

Marina Ortega Otero na data 23/07/2021 13:21:30



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñado, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A loita contra a violencia de xénero debe marcar a folia de ruta da acción política dos diferentes poderes públicos do noso país e da nosa comunidade.

Neste sentido destaca o firme compromiso da Xunta de Galicia demostrado coa posta en marcha de diferentes medidas de detección, prevención e acompañamento, en ámbitos como o sanitario, económico ou laboral, entre outros, todas elas, encamiñadas a erradicar esta lacra social.

Un dos eixos fundamentais desta actuación é a procura da independencia económica das vítimas, xa que esta é clave para garantir que as mulleres en situación de violencia de xénero logren unha maior estabilidade persoal, social e laboral, podendo romper deste xeito co círculo da violencia.

Para impulsar á estabilidade económica destas mulleres, a Consellería de Emprego e Igualdade vén artellando actuacións como as subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas (concellos, grupos de municipios, consorcios ou mancomunidades), no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

– Con que medidas conta o Goberno galego para fomentar a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021.

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Paula Prado del Río na data 25/07/2021 20:01:35

María Corina Porro Martínez na data 25/07/2021 20:01:50

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/07/2021 20:02:06

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/07/2021 20:02:24

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 25/07/2021 20:02:34

José Alberto Pazos Couñago na data 25/07/2021 20:02:47

Noelia Pérez López na data 25/07/2021 20:02:57

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/07/2021 20:03:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Pacto de Estado contra a violencia de xénero establece entre os seus principais eixos de actuación a necesidade de intensificar a asistencia e protección dos menores e sinala que a “protección específica dos e das menores parte do seu recoñecemento como vítimas directas e leva aparellada a necesidade de ampliar e mellorar as medidas dirixidas a súa asistencia e protección coa implantación de novas prestacións nos casos de orfandade como consecuencia da violencia de xénero”.

Facendo propios os compromisos acadados no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, a Xunta de Galicia artellou indemnizacións económicas dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero.

Durante o pasado ano o Goberno autonómico concedeu indemnizacións a tres mulleres vítimas da violencia de xénero que resultaron gravemente feridas e a dous descendentes que quedaron orfos a causa desta lacra.

As contías ascenderon a 7.000 euros de indemnización e completáronse cunha asistencia integral a todos eles, no marco das medidas que a Comunidade brinda para apoiar a mulleres e aos menores na súa recuperación.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

– A canto ascende a convocatoria para o ano 2021 das axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 26 de Xullo 2021.



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 25/07/2021 20:13:02

María Corina Porro Martínez na data 25/07/2021 20:13:21

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/07/2021 20:13:30

José Alberto Pazos Couñago na data 25/07/2021 20:13:42

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/07/2021 20:14:04

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 25/07/2021 20:14:17

Noelia Pérez López na data 25/07/2021 20:14:24

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/07/2021 20:14:42



Á Mesa do Parlamento,

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñado, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O labor das entidades do terceiro sector establécese como imprescindible, máis aínda no actual contexto de crise sociosanitaria provocada pola covid-19, para velar pola protección dos dereitos das persoas en situación de vulnerabilidade.

Neste sentido, instrumentos coma a Lei 43/2015, do 9 de outubro, do Terceiro Sector de Acción Social ou o 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) para a realización de programas de interese xeral con fins de carácter social, tórnanse fundamentais.

Instrumentos que posibilitan o desenvolvemento de programas e accións por parte entidades sociais referentes na nosa comunidade e en beneficio das persoas que máis o precisan. Coñecedora da necesidade do desenvolvemento destas ferramentas, a Xunta vén de resolver a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) para o ano 2020.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

– Cales son as entidades sociais beneficiarias das axudas con cargo ao 0,7% do IRPF para promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e loitar contra a violencia de xénero e que tipo de actuacións se subvencionan con estas axudas?

Santiago de Compostela, 26 de xullo 2021.



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 25/07/2021 20:20:58

María Corina Porro Martínez na data 25/07/2021 20:21:10

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/07/2021 20:21:53

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 25/07/2021 20:22:03

José Alberto Pazos Couñago na data 25/07/2021 20:22:11

Noelia Pérez López na data 25/07/2021 20:22:29

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/07/2021 20:22:42

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/07/2021 20:23:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento,

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, foi modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispoñendo no seu artigo 39 apartado 1 que “a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, garantirá a existencia dunha prestación económica de carácter periódico dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

A prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor, ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación e máis a tentar axudalas a romper coa situación de violencia”.

Por outra banda a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, establece, no seu artigo 27, o dereito a unha axuda económica para aquelas mulleres vítimas de violencia de xénero que se sitúen nun determinado nivel de rendas e sobre as que se presuma que, pola súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais, teñen especiais dificultades para obter un emprego.

Neste sentido, a Xunta vén de publicar a convocatoria 2020-2021 das axudas periódicas de entre 200 e 800 euros mensuais coas que o Goberno autonómico apoia ás vítimas da violencia de xénero co obxecto de que gañen independencia económica dos seus agresores e consigan saír da situación de perigo. Ademais, anunciáronse as axudas de pago único para apoiar ás vítimas con especiais dificultades para a busca de emprego e a liña destinada a garantir que as mulleres que sofren violencia de xénero e/ou os menores ou persoas dependentes delas, perciban as indemnizacións que lles corresponden polos danos ou perdas ocasionadas pola situación de violencia, decretada mediante sentenza xudicial.

Todos estes instrumentos perseguen garantir que as mulleres vítimas da violencia de xénero contan cunhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor, e deste xeito poidan rachar o círculo da violencia de xénero.



Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

-Cales son as actuacións previstas para promover a autonomía económica das vítimas de violencia de xénero e a canto ascende seu importe?

Santiago de Compostela, 26 de Xullo de 2021.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 25/07/2021 20:27:04

María Corina Porro Martínez na data 25/07/2021 20:27:17

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/07/2021 20:27:32

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/07/2021 20:27:50

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 25/07/2021 20:28:08

José Alberto Pazos Couñago na data 25/07/2021 20:28:15

Noelia Pérez López na data 25/07/2021 20:28:24

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/07/2021 20:28:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento,

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñado, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Organización das Nacións Unidas (ONU) fixou para o período 2015-2030 os coñecidos como Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS), que teñen como meta superar os principais retos que se presentan a nosa sociedade. Entre eles, destaca o obxectivo número 5 que consiste en acadar a igualdade de xénero e empoderar a todas as mulleres e nenas, que representan a metade da poboación mundial e, polo tanto, tamén a metade do noso potencial.

Sen embargo, a desigualdade de xénero persiste hoxe en todo o mundo e limita o progreso social, xerando dinámicas de discriminación e exclusión. En consecuencia, a violencia de xénero constitúe o reflexo máis cruel desta desigualdade e un dos ataques máis flagrantes contra a dignidade persoal e o benestar social, que esixe unha actuación contundente por parte das administracións públicas a todos os niveis.

Neste sentido, a atención psicolóxica resulta fundamental para a prevención, recuperación e adquisición de habilidades que permitan lograr a autonomía e a reincorporación á vida en sociedade das vítimas, rachando así coas situacións de violencia.

Nesta liña, o Consello da Xunta vén de renovar o convenio entre a Consellería de Emprego e Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención a mulleres e menores vítimas de violencia de xénero, así como aos seus familiares.

Para conseguilo, ponse a disposición das persoas que viven, ou viviron, situacións de violencia de xénero, unha rede de profesionais da psicoloxía especializada nesta atención. Así mesmo, este convenio contempla actuacións para a atención psicolóxica a homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar. En concreto, a través do programa Abramos o círculo, os participantes reciben recursos para resolver os conflitos sen recorrer á violencia.

Trátase dunha colaboración que, desde o 2009, ofrece unha resposta global á violencia de xénero proporcionando, por unha banda, recursos para ás mulleres vítimas es as súas familias e, por outra, a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, que queiran mellorar a súa conducta polo ben da súa familia.



Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Cal é o balance da colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica das vítimas de violencia de xénero desde 2009?

Santiago de Compostela, 26 de xullo 2021.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 25/07/2021 20:38:33

María Corina Porro Martínez na data 25/07/2021 20:38:48

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/07/2021 20:38:59

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/07/2021 20:39:10

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 25/07/2021 20:39:26

José Alberto Pazos Couñago na data 25/07/2021 20:39:35

Noelia Pérez López na data 25/07/2021 20:39:53

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/07/2021 20:40:11



Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 3 de xuño pasado, a Fiscalía de Medio Ambiente da Coruña vén de presentar denuncia no Xulgado de Instrución de Ribeira contra a empresa conserveira Jealsa, ubicada no lugar de Bodión, no concello de Boiro, por verteduras á ría de Arousa.

En realidade, esta denuncia vén de poñer negro sobre branco os “reiterados vertidos” que se veñen dando na zona dende hai décadas, sen que a administración autonómica tomara cartas nun asunto que é da súa competencia e que, ademais de vir prexudicando aos veciños e veciñas da zona, vén causando danos importantes ao medio ambiente e á actividade pesqueira e marisqueira da ría de Arousa, que vén sendo menosprezada sistematicamente a pesar das múltiples queixas e denuncias do sector ao longo dos anos.

E é a propia Fiscalía de Medio Ambiente quen asegura nesa denuncia que non consta un “seguimento axeitado” nin “o exercicio de maneira adecuada da potestade sancionadora da Administración.”

Á vista da denuncia, resulta totalmente sorprendente, e inxustificábel, que a Consellaría do Mar, coñecedora dos feitos, moitas veces repetidos, e das súas consecuencias, non teña actuado de oficio coa determinación que requirirían estes casos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

onde, nalgún momento os vertidos acadaron “quilómetros” e “con resultado de marisco morto”. Igualmente, tamén é rechamante que os expedientes incoados á conserveira por Augas de Galicia fosen todos arquivados, agás un con imposición de sanción por infracción leve.

As actuacións da Xunta de Galiza en materia de vertidos ás rías, e nomeadamente en materia de vertidos industriais, non son precisamente coñecidas pola súa dilixencia e, moito menos, pola súa contundencia. Xa no ano 2018, o conselleiro de Medio Ambiente naquela altura recoñecía publicamente que a situación da ría de Arousa era peor que había catro anos (no 2014) e que “por iso é urxente intensificar o control e actuar decididamente ante calquera denuncia”.

Non só non foi así, senón que agora, tres anos despois, as cousas seguen empeorando, tal e como veñen de amosar os propios datos que Augas de Galiza vén de facer públicos recentemente e que conclúen que no ano 2020 acadouse nas rías galegas a maior cifra de vertidos dos últimos anos: 1.596, a metade deles contaminantes. E nesta escandalosa estatística, sobresaen os vertidos á ría de Arousa, encabezándoa con 444, un 37% do total.

Despois de anos de promesas, anuncios de obras e melloras, resulta xa moi pouco críbel para as miles de persoas que viven do mar na ría de Arousa a actuación da Xunta de Galiza en materia de vertidos contaminantes. En moitos casos, as numerosas denuncias tanto de particulares como de asociacións e organizacións non son sequera obxecto de investigación, noutros, a falla de dilixencia para evitar danos aos recursos naturais, ao medio ambiente e á saúde pública é máis que evidente e, noutros moitos, a cidadanía ten que asistir durante anos ao apodrecemento dos problemas e á deixación de funcións por parte da administración competente ata que a vía xudicial, coma neste caso, se acaba impoñendo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tampouco as moitas iniciativas parlamentares dos últimos anos ao respecto correron mellor sorte. Nomeadamente, a presentada por este Grupo no mes de novembro pasado, relativa ás verteduras ao mar e cheiros insoportábeis que veñen padecendo os veciños e veciñas do lugar de Couso-Aguiño, no concello de Ribeira, e que continúan a día de hoxe nunha área costeira de gran valor medioambiental e protexida.

Naquela ocasión, o Grupo Parlamentario Popular recoñeceu que a empresa CONRESA, fábrica de fariña de peixe curiosamente moi vinculada a Jealsa, era a causante dos cheiros que levan soportando na zona tamén máis de 20 anos e anunciou un investimento dun millón de euros por parte da empresa para poñer solución ao problema. Un investimento que xa fora anunciado a mediados dese 2020 e que hoxe, un ano despois, non nos consta que se teña realizado.

A ría de Arousa acolle unha inmensa riqueza marítima que sostén miles de postos de traballo, mais a permisividade coa que actúa a Xunta de Galiza, a súa falla de vixilancia e control e a opacidade e falla de transparencia que envolve calquera episodio de contaminación, sobre todo industrial, e outras malas prácticas están non só a poñer en risco unha actividade esencial e a propia riqueza natural dunha das rías máis produtivas do mundo senón tamén a crear unha sensación de impiedade totalmente inadmisíbel nos tempos e na sociedade actual.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galiza da denuncia da Fiscalía de Medio Ambiente sobre os vertidos da conserveira Jealsa á ría de Arousa e das actuacións da administración autonómica ao respecto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 26/07/2021 09:32:17

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 09:32:20



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Centro de Saúde do municipio de Campolameiro é outro exemplo do desleixo do goberno de Feijóo coa sanidade pública e o abastecemento de servizos nos concellos do rural.

Este centro non conta co número de persoal sanitario necesario para prestar un servizo de calidade, na actualidade conta cun plantel que redúcese unicamente a 1 médico, unha enfermeira e un administrativo, para unha poboación de aproximadamente 2.000 habitantes.

A maiores durante as baixas ou vacacións do persoal sanitario, estas non se cobren, quedando o centro sen esa asistencia.

Ata o ano 2017 contaba con 2 médicos e ata 2018 tamén con pediatra pero o Sergas na súa política de desmantelamento da atención primaria decidiu prescindir destes servizos, a pesar da oposición da veciñanza.

Por outra banda, atópase dende hai anos nun moi mal estado de conservación. Dende o Grupo Municipal Socialista reclamaron en múltiples ocasións a reforma deste local para poder dignificar a atención médica alí prestada.

O alcalde de Campolameiro informou hai uns meses que firmaría un convenio coa Xunta na que se levarían a cabo reformas por valor aproximado de 130.000 €, consistentes entre outras na remodelación da cuberta, un soportal na entrada de ambulancias, un ascensor que dera acceso a 1ª planta, o acondicionamento desta planta, cambio de fiestras, arranxo de humidades, pintura.....

Hai uns días atopámonos na prensa, que se procedeu á firma deste convenio por un valor de 94.812 € co obxecto de cofinanciar estas obras de reforma do centro de saúde, asumindo cada unha das partes o 50 % do custo.



Unhas obras que consistirán no arranxo da cuberta e creación dun novo soportal para o acceso dos pacientes dende a ambulancia.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que isto non é suficiente, xa que o edificio ten outras múltiples carencias que deben ser arranxadas, e por outra banda tampouco compartimos este cofinanzamento, xa que un investimento de 47.406 € para un concello como o de Campolameiro é un gasto inasumible que suporá o detrimento doutros servizos públicos.

Sendo a sanidade unha competencia autonómica e un servizo público esencial este custo tería que ser asumido integramente pola Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entende o Goberno da Xunta que co só un médico para 2.000 habitantes pode garantirse unha asistencia sanitaria de calidade?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2021 09:45:46

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2021 09:45:54

Marina Ortega Otero na data 26/07/2021 09:46:02



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Martín Seco García, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A quinta vaga da Covid en Galicia estase producindo de maneira acelerada e cun incremento exponencial de contaxiados, o que debe levar a reorganizar a maneira de afrontar sanitaria e socialmente a situación que, indubidablemente, é preocupante.

Non en tanto, dentro de todas as precaucións, o avance do Plan Nacional de Vacinación permite comprender que a situación epidemiolóxica, sendo complexa, ten características distintas respecto das anteriores vagas sufridas. A poboación máis vulnerable, fundamentalmente a de maior idade, xa está vacinada con pauta completa, e este avance está comezando a entrar xa nos menores de 40 anos. Hoxe é posible identificar os grupo poboacionais que máis afectación de contaxios están conlevando e tamén o nivel de sustentabilidade do sistema sanitario e de saturación de hospitais está en datos diametralmente distintos dos obtidos en situacións anteriores.

A situación social permite identificar, tamén, que a orixe dos contactos non está especificamente en contornos sociais como podía ser sinalado anteriormente. Nomeadamente, a hostalería non é hoxe un lugar de circulación do virus como o puido ser noutras ocasións, pois os contornos sociais nos que se están a producir os contaxios entre a xente máis nova non é, unicamente, nestes espazos e, particularmente, non en todos eles. As celebracións privadas e os contornos públicos abertos son lugares de frecuentación de grandes agrupacións de xente nova, que se suman á confluencia de celebracións sociais froito do verán.

Tamén a afluencia turística, que aumenta o volume poboacional e por tanto redimensiona as taxas de contaxios, e os tipos de turismo que afrontamos en función dalgunhas poboacións, debера ser útil para poder afinar as decisións de maneira máis concisa.

Dado todo isto, parece necesario afrontar a situación epidemiolóxica e as medidas a tomar con un enfoque distinto que o realizado ata o de agora, axustando a busca e control nos contornos de maior fluidez de contaxios, e tratando de non culpabilizar e sentenciar a un entorno concreto, como pode ser a hostalería. Máis,



polo visto, as medidas tomadas pola Xunta de Galicia están dirixidas de maneira case exclusiva á hostalería naquelas zonas que están sufrindo un maior repunte de contaxios. Estas zonas son as fundamentalmente turísticas de Galicia.

En pleno verán, que para moitos negocios de hostalería altamente dependentes dun sector tan importante para Galicia como o turismo viña supoñendo a gran esperanza para salvar un tempo tan condicionado e negativo, está sendo un tránsito moi duro e difícil. As decisións que apuntan de maneira case en exclusiva a este sector están supoñendo poñer en risco un volume de negocios de pequenos empresarios que están ao borde de ter que pechar, por non poder recuperar algo de folgos nestas semanas. O sentimento de inxustiza nalgunhas decisións, sumado á percepción de estar pagando unhas consecuencias dunha situación que non merecen, conflúe nun problema de carácter socioeconómico que é necesario afrontar tamén.

As decisións tan determinantes para un sector tan dependente estacionalmente, que agora non ten a posibilidade de afrontar a realidade diaria debido ao formato de toma de decisións que se continúa utilizando, supoñen un mazazo durísimo. Para afrontar esta situación excepcional, que está esixindo medidas excepcionais, débense establecer políticas especiais que neste caso deben pasar por abrir unha liña de axudas sinaladas aos negocios de hostalería afectados por estas decisións da quinta vaga. O ocio hostaleiro que ten licencias para as horas e aperturas máis limitadas e condicionadas debe ter, ademais unha prioridade. O volume de negocios de hostalería que se engloban no chamado “ocio nocturno” son suficientes para que poida ser aberta unha liña especial, que permita a estas pequenas empresas sobrevivir ante a situación. O goberno da Xunta de Galicia recibiu do Estado un enorme volume de contías extraordinarias para facer fronte ás consecuencias da Covid, o que permitiría abrir unha liña para un volume de negocios que, na situación actual de afectación dun número non elevado de concellos, afecta a poucos centenaes de pequenas empresas.



Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que tipo de liña de axudas valora o goberno da Xunta de Galicia abrir para compensar as perdas da hostalería das comarcas afectadas polas últimas decisións de restricións?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Martín Seco García
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 26/07/2021 10:13:12

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2021 10:13:21

Martín Seco García na data 26/07/2021 10:13:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, en demanda de información sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galiza para a declaración da Casa Cornide como BIC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Casa Cornide é un senlleiro edificio que foi doado pola ilustre familia Cornide ao Concello da Coruña.

Porén, durante a ditadura, a Administración local sacouna a unha poxa pública, previamente amañada, que foi gañada por Pedro Barrié de la Maza, para ser inmediatamente agasallada a Carmen Polo, dona de Franco.

É así como a coruñesa Casa Cornide se converte nun novo fío da historia do espolio que sostivo a ditadura franquista, ao longo de décadas, tecendo unha rede da ignominia mediante manobras ilícitas e usurpadoras que derivaron propiedades públicas ás mans privadas da familia do ditador Franco.

Recentemente, coincidindo co inicio da celebración do xuízo polo pazo de Meirás e mais co proceso de estudo para a declaración da Casa Cornide como Ben de Interese Cultural, atendendo aos obxectivos marcados polo Consello da Memoria Democrática do Concello da Coruña, a familia Franco respondeu cunha nova provocación poñendo a Casa Cornide en venda, o que, para alén de requirir unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

resposta contundente en forma de repulsa, tamén obriga a activarmos con celeridade todos os resortes necesarios para recuperar para o ben público este patrimonio espoliado ao pobo galego con actitudes despóticas.

Insistimos na importancia de activar, con carácter urxente, as medidas de protección necesarias para que un dos edificios máis singulares da cidade conte coa maior protección legal.

Por iso defendemos, na Comisión de Educación e Cultura celebrada o pasado 17 de novembro, unha proposición non de lei instando a Xunta de Galiza a axilizar o procedemento necesario para declarar BIC o histórico edificio coruñés coñecido como Casa Cornide, que foi aprobada por unanimidade.

Por todo o anteriormente exposto, fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que xestións leva desenvolvido a Xunta de Galiza para axilizar o procedemento necesario que declare BIC o histórico edificio coruñés coñecido como Casa Cornide, en cumprimento do acordo unánime conseguido na Comisión de Educación e Cultura celebrada o 17 de novembro de 2020?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 26/07/2021 11:09:47

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/07/2021 11:10:03

Mercedes Queixas Zas na data 26/07/2021 11:10:17





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na en Pleno**, sobre o Censo de vivenda baleira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galiza, sinala que corresponde a Administración Pública impulsar accións, plans e programas orientados a favorecer o acceso á vivenda en rexime de alugueiro. Con esa finalidade esa mesma lei habilita ás mesmas Administracións Públicas a aplicar medidas específicas para impulsar a posta no mercado de vivendas en alugueiro, sinalando como obxectivo prioritario a mobilización de vivendas baleiras. Sen embargo a Xunta de Galiza leva oito anos sen aplicar medidas efectivas para a mobilización de vivenda baleira.

A falta de medidas da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda contrasta co grande potencial que terían este tipo de medidas no noso país para aumentar de forma significativa a oferta de vivenda en aluguer, pois cómpre recordar que Galiza é a CCAA co maior número de vivenda baleira de todo o Estado ao contar cun parque superior ás 300.000 vivendas baleiras.

As políticas de mobilización de vivenda baleira revélanse altamente eficaces sobre dous eixos fundamentais da política de vivenda: O acceso á vivenda e a redución do consumo do solo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En primeiro lugar, a intervención sobre o parque de vivenda baleira, especialmente sobre aquelas en mans dos grandes propietarios que mediante medidas de presión fiscal provocasen a súa inclusión no mercado, resultan o mecanismo máis áxil e eficaz para aumentar a oferta de vivenda en aluguer e favorecer, así, a baixada dos prezos das rendas de alugueiro. Esta medida permitiría dar resposta ante a actual burbulla que se vive no mercado de aluguer e que se demostra como o principal problema actual en materia de vivenda, que, recordemos, provocan situacións tan dramáticas como que unha cuarta parte dos fogares galegos dediquen máis do 30% dos ingresos ao pago do alugueiro, que no ano 2019 se producirán 1.800 lanzamentos por impago do aluguer ou que o prezo medio das rendas nas cidades galegas se disparase nos últimos seis anos de entre un 15 e un 30%.

En segundo lugar, a intervención sobre o parque de vivenda baleira e a regulación e a reordenación do uso do parque de vivenda é tamén unha necesidade para a racionalización dos usos do territorio. Despois de décadas marcadas pola ausencia de políticas equilibradas de consumo de solo, hoxe debemos facer fronte a unha urbanización difusa e un sobredimensionamento do parque inmobiliario. Cómpre, por tanto, mudar o rumbo e transformar a actual lóxica guiada pola xeración e apropiación de inxentes plusvalías, por outra distinta que pretenda a racionalización dun recurso limitado como é o solo e que aposte pola mobilización do parque xa construído.

Na actual situación de crise económica, social e ambiental a actuación sobre estes dous eixos fundamentais é, se cabe, aínda máis urxente. A crise da COVID vén colocar aínda máis de relevo dous problemas fundamentais, no que por unha banda as dificultades para o acceso á vivenda son cada vez maiores, e por outro pon freo ao ciclo expansivo das áreas urbanas que deixa tras de si un parque inmobiliario excesivo que cómpre xestionar e dotar de uso e mantemento.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante esta situación e a pesar de que este tipo de intervencións estean expresamente recollidas na Lei 8/2012 de Vivenda, a Xunta de Galiza ven posicionándose de xeito contrario á intervención sobre a vivenda baleira.

A pesar desta negativa e como consecuencia da presión social que reclama vivenda accesible, a Consellaría de Infraestruturas e Vivenda deu impulso a un instrumento para obter maior información sobre a situación do parque de vivendas baleiras, mediante o decreto 17/2016, do 18 de febreiro, polo que se crea e se regula o Censo de Vivendas Baleiras da Comunidade Autónoma de Galiza.

Un instrumento que resulta insuficiente, en tanto que deixa fóra do censo as vivendas en concellos de menos de 10.000 habitantes, que restrinxen a incorporación de determinadas tipoloxías de edificación ou que deixa con carácter optativo o rexistro das vivendas que non sexan propiedade de entidades financeiras, o que resulta nunha visión bastante limitada do actual parque de vivenda baleira.

A pesar destas eivas, o Censo podería supor un primeiro impulso para obter información detallada da situación do parque inmobiliario en Galiza e un primeiro paso para comezar a desenvolver a tan necesaria planificación pública da política de vivenda e a reorganización do parque inmobiliario.

Pasados catro anos dende a aprobación deste Censo de Vivenda Baleira, a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda nin rendeu contas sobre os datos recollidos, nin se coñece ningunha valoración ou análise dos mesmos e tampouco deu impulso a medidas tendentes á intervención deste parque de vivenda baleira.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pensa a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda facer públicos os datos relativos ao Censo de Vivenda Baleira?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 11:13:49

Alexandra Fernández Gómez na data 26/07/2021 11:13:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na en Pleno**, sobre o Censo de vivenda baleira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galiza, sinala que corresponde a Administración Pública impulsar accións, plans e programas orientados a favorecer o acceso á vivenda en rexime de alugueiro. Con esa finalidade esa mesma lei habilita ás mesmas Administracións Públicas a aplicar medidas específicas para impulsar a posta no mercado de vivendas en alugueiro, sinalando como obxectivo prioritario a mobilización de vivendas baleiras. Sen embargo a Xunta de Galiza leva oito anos sen aplicar medidas efectivas para a mobilización de vivenda baleira.

A falta de medidas da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda contrasta co grande potencial que terían este tipo de medidas no noso país para aumentar de forma significativa a oferta de vivenda en aluguer, pois cómpre recordar que Galiza é a CCAA co maior número de vivenda baleira de todo o Estado ao contar cun parque superior ás 300.000 vivendas baleiras.

As políticas de mobilización de vivenda baleira revélanse altamente eficaces sobre dous eixos fundamentais da política de vivenda: O acceso á vivenda e a redución do consumo do solo.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En primeiro lugar, a intervención sobre o parque de vivenda baleira, especialmente sobre aquelas en mans dos grandes propietarios que mediante medidas de presión fiscal provocasen a súa inclusión no mercado, resultan o mecanismo máis áxil e eficaz para aumentar a oferta de vivenda en aluguer e favorecer, así, a baixada dos prezos das rendas de alugueiro. Esta medida permitiría dar resposta ante a actual burbulla que se vive no mercado de aluguer e que se demostra como o principal problema actual en materia de vivenda, que, recordemos, provocan situacións tan dramáticas como que unha cuarta parte dos fogares galegos dediquen máis do 30% dos ingresos ao pago do alugueiro, que no ano 2019 se producirán 1.800 lanzamentos por impago do aluguer ou que o prezo medio das rendas nas cidades galegas se disparase nos últimos seis anos de entre un 15 e un 30%.

En segundo lugar, a intervención sobre o parque de vivenda baleira e a regulación e a reordenación do uso do parque de vivenda é tamén unha necesidade para a racionalización dos usos do territorio. Despois de décadas marcadas pola ausencia de políticas equilibradas de consumo de solo, hoxe debemos facer fronte a unha urbanización difusa e un sobredimensionamento do parque inmobiliario. Cómpre, por tanto, mudar o rumbo e transformar a actual lóxica guiada pola xeración e apropiación de inxentes plusvalías, por outra distinta que pretenda a racionalización dun recurso limitado como é o solo e que aposte pola mobilización do parque xa construído.

Na actual situación de crise económica, social e ambiental a actuación sobre estes dous eixos fundamentais é, se cabe, aínda máis urxente. A crise da COVID vén colocar aínda máis de relevo dous problemas fundamentais, no que por unha banda as dificultades para o acceso á vivenda son cada vez maiores, e por outro pon freo ao ciclo expansivo das áreas urbanas que deixa tras de si un parque inmobiliario excesivo que cómpre xestionar e dotar de uso e mantemento.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante esta situación e a pesar de que este tipo de intervencións estean expresamente recollidas na Lei 8/2012 de Vivenda, a Xunta de Galiza ven posicionándose de xeito contrario á intervención sobre a vivenda baleira.

A pesar desta negativa e como consecuencia da presión social que reclama vivenda accesible, a Consellaría de Infraestruturas e Vivenda deu impulso a un instrumento para obter maior información sobre a situación do parque de vivendas baleiras, mediante o decreto 17/2016, do 18 de febreiro, polo que se crea e se regula o Censo de Vivendas Baleiras da Comunidade Autónoma de Galiza.

Un instrumento que resulta insuficiente, en tanto que deixa fóra do censo as vivendas en concellos de menos de 10.000 habitantes, que restrinxen a incorporación de determinadas tipoloxías de edificación ou que deixa con carácter optativo o rexistro das vivendas que non sexan propiedade de entidades financeiras, o que resulta nunha visión bastante limitada do actual parque de vivenda baleira.

A pesar destas eivas, o Censo podería supor un primeiro impulso para obter información detallada da situación do parque inmobiliario en Galiza e un primeiro paso para comezar a desenvolver a tan necesaria planificación pública da política de vivenda e a reorganización do parque inmobiliario.

Pasados catro anos dende a aprobación deste Censo de Vivenda Baleira, a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda nin rendeu contas sobre os datos recollidos, nin se coñece ningunha valoración ou análise dos mesmos e tampouco deu impulso a medidas tendentes á intervención deste parque de vivenda baleira.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda realizar unha cartografía cos datos obtidos a través do Censo de Vivenda Baleira?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 26/07/2021 11:14:11

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 11:14:14





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na en Pleno**, sobre o Censo de vivenda baleira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galiza, sinala que corresponde a Administración Pública impulsar accións, plans e programas orientados a favorecer o acceso á vivenda en rexime de alugueiro. Con esa finalidade esa mesma lei habilita ás mesmas Administracións Públicas a aplicar medidas específicas para impulsar a posta no mercado de vivendas en alugueiro, sinalando como obxectivo prioritario a mobilización de vivendas baleiras. Sen embargo a Xunta de Galiza leva oito anos sen aplicar medidas efectivas para a mobilización de vivenda baleira.

A falta de medidas da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda contrasta co grande potencial que terían este tipo de medidas no noso país para aumentar de forma significativa a oferta de vivenda en aluguer, pois cómpre recordar que Galiza é a CCAA co maior número de vivenda baleira de todo o Estado ao contar cun parque superior ás 300.000 vivendas baleiras.

As políticas de mobilización de vivenda baleira revélanse altamente eficaces sobre dous eixos fundamentais da política de vivenda: O acceso á vivenda e a redución do consumo do solo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En primeiro lugar, a intervención sobre o parque de vivenda baleira, especialmente sobre aquelas en mans dos grandes propietarios que mediante medidas de presión fiscal provocasen a súa inclusión no mercado, resultan o mecanismo máis áxil e eficaz para aumentar a oferta de vivenda en aluguer e favorecer, así, a baixada dos prezos das rendas de alugueiro. Esta medida permitiría dar resposta ante a actual burbulla que se vive no mercado de aluguer e que se demostra como o principal problema actual en materia de vivenda, que, recordemos, provocan situacións tan dramáticas como que unha cuarta parte dos fogares galegos dediquen máis do 30% dos ingresos ao pago do alugueiro, que no ano 2019 se producirán 1.800 lanzamentos por impago do aluguer ou que o prezo medio das rendas nas cidades galegas se disparase nos últimos seis anos de entre un 15 e un 30%.

En segundo lugar, a intervención sobre o parque de vivenda baleira e a regulación e a reordenación do uso do parque de vivenda é tamén unha necesidade para a racionalización dos usos do territorio. Despois de décadas marcadas pola ausencia de políticas equilibradas de consumo de solo, hoxe debemos facer fronte a unha urbanización difusa e un sobredimensionamento do parque inmobiliario. Cómpre, por tanto, mudar o rumbo e transformar a actual lóxica guiada pola xeración e apropiación de inxentes plusvalías, por outra distinta que pretenda a racionalización dun recurso limitado como é o solo e que aposte pola mobilización do parque xa construído.

Na actual situación de crise económica, social e ambiental a actuación sobre estes dous eixos fundamentais é, se cabe, aínda máis urxente. A crise da COVID vén colocar aínda máis de relevo dous problemas fundamentais, no que por unha banda as dificultades para o acceso á vivenda son cada vez maiores, e por outro pon freo ao ciclo expansivo das áreas urbanas que deixa tras de si un parque inmobiliario excesivo que cómpre xestionar e dotar de uso e mantemento.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante esta situación e a pesar de que este tipo de intervencións estean expresamente recollidas na Lei 8/2012 de Vivenda, a Xunta de Galiza ven posicionándose de xeito contrario á intervención sobre a vivenda baleira.

A pesar desta negativa e como consecuencia da presión social que reclama vivenda accesible, a Consellaría de Infraestruturas e Vivenda deu impulso a un instrumento para obter maior información sobre a situación do parque de vivendas baleiras, mediante o decreto 17/2016, do 18 de febreiro, polo que se crea e se regula o Censo de Vivendas Baleiras da Comunidade Autónoma de Galiza.

Un instrumento que resulta insuficiente, en tanto que deixa fóra do censo as vivendas en concellos de menos de 10.000 habitantes, que restrinxen a incorporación de determinadas tipoloxías de edificación ou que deixa con carácter optativo o rexistro das vivendas que non sexan propiedade de entidades financeiras, o que resulta nunha visión bastante limitada do actual parque de vivenda baleira.

A pesar destas eivas, o Censo podería supor un primeiro impulso para obter información detallada da situación do parque inmobiliario en Galiza e un primeiro paso para comezar a desenvolver a tan necesaria planificación pública da política de vivenda e a reorganización do parque inmobiliario.

Pasados catro anos dende a aprobación deste Censo de Vivenda Baleira, a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda nin rendeu contas sobre os datos recollidos, nin se coñece ningunha valoración ou análise dos mesmos e tampouco deu impulso a medidas tendentes á intervención deste parque de vivenda baleira.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que avaliación fai a Xunta de Galiza da situación do parque de vivenda baleira?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 11:14:38

Alexandra Fernández Gómez na data 26/07/2021 11:14:40





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de aumentar o número de aulas CeMIT..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses vemos como de necesario é que todas as persoas que conforman a sociedade galega teñan acceso a uns medios dixitais e tecnolóxicos adaptados aos tempos nos que vivimos. A pandemia do coronavirus fixo que os baixos niveis de conectividade, de uso de Internet e de alfabetización dixital fosen máis visibles. Esta problemática que xa viña de moitos anos atrás tornou máis grave coa chegada da Covid, provocando problemas a nivel educativo, laboral e empresarial.

Dada esta situación colle maior relevancia actuar directamente no sector para dotar dos mesmos dereitos aos e ás cidadás en materia de dixitalización e tecnoloxía. Por esta razón, vemos necesario, entre outras moitas medidas, que a Xunta de Galiza promova políticas de achegamento das tecnoloxías ás vilas e concellos a través da rede de aulas CeMIT.

A día de hoxe, Galiza conta con 98 aulas CeMIT en 92 concellos, un número demasiado baixo para un país coma o noso xa en anos pre-covid, mais extremadamente reducido nun contexto como o que temos nestes días. E para solucionar todos estes problemas non chegan as pequenas subidas orzamentarias deste ano, xa que precisamos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dunha actuación moito máis potente neste eido, co obxectivo de que no futuro, todos os concellos deste país conten con unha destas aulas para diminuír así as porcentaxes de analfabetismo dixital, de territorios sen conectividade e de igual maneira, favorecer o teletraballo e a teleescola no rural.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta que o número de aulas CeMIT existentes en Galiza son necesarias para dar solución aos problemas de conectividade, cobertura e analfabetismo dixital que existe no noso país?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 26/07/2021 11:31:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/07/2021 11:31:12

Iria Carreira Pazos na data 26/07/2021 11:31:21

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 11:31:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o Conservatorio Superior de Música de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O alumnado do Conservatorio Superior de Música de Vigo leva máis de un ano denunciando a lamentable situación na que se atopa este centro. As instalacións do centro levan anos sufrindo unha degradación permanente sen que a Xunta de Galicia teña tomado ningunha medida para solucionar os problemas estruturais do edificio.

Tanto o edificio antigo coma o de máis recente construción teñen evidentes patoloxías construtivas que se van agravando co paso dos anos. Neste momento o alumnado convive con pingueiras e caldeiros de auga nas aulas, e mesmo con inundacións habituais, o cal non só ten unha impacto evidente no discorrer das aulas senón que se están a degradar os propios instrumentos, libros, material informático e a instalación eléctrica.

Ao problema de infiltracións hai que sumarlle o pésimo illamento térmico e un sistema de calefacción insuficiente e obsoleto, e que combinados tradúcense en baixas temperaturas e unha elevada humidade que xeran un ambiente incompatible coa práctica musical e que afectan a propia saúde do alumnado e do profesorado. O ambiente é tan





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

insalubre e a deixación por parte das Administracións Públicas é tal que incluso proliferan insectos, fungos e fauna diversa.

Tampouco o edificio está acondicionado para o seu uso como Conservatorio, xa que a insonorización é pésima, de forma que alumnos e profesores deben dar aulas co son de fondo do resto de aulas. O mesmo sucede cos sistemas tecnolóxicos que non son os que require un Conservatorio do ano 2021 xa que están absolutamente obsoletos.

Despois de máis de un ano en que o alumnado do centro leva denunciando esta situación absolutamente insoportable, e a pesar de a daquela Delegada da Xunta en Vigo, a Sra. Porro, se reunir co alumnado e for coñecedora do estado lamentable das instalacións, a Consellaría de Educación segue sen dar resposta ningunha.

A proposta de orzamentos para 2021 revela a falta de compromiso da Xunta por resolver esta situación tan grave. O estado das instalacións é tan lamentable que non pode solucionarse con pequenos parches senón que require dunha avaliación técnica das patoloxías do edificio e dun proxecto de reforma integral cunha dotación suficiente para acometer todas as actuacións requiridas para adecuar as instalacións ao seu uso como Conservatorio Superior de Música.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza a iniciar de forma urxente a reforma das instalacións do Conservatorio Superior de Música de Vigo necesarias para garantir a salubridade, seguridade e confort ambiental e térmico do alumnado e do profesorado, así como a conservación dos instrumentos e do material do centro?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 26/07/2021 11:33:02

María do Carme González Iglesias na data 26/07/2021 11:33:09

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/07/2021 11:33:16





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Manuel Lourenzo Sobral e Mercedes Queixas Zas deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza volva ofrecer anualmente a posibilidade de realizar as probas para acreditar o CELGA fóra de Galiza nas que anteriormente se podía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 2015 a posibilidade de realizar as probas do Certificado de Estudos de Lingua Galega (CELGA) fóra das fronteiras do noso país para acreditar un determinado nivel de galego é misión imposible debido a unha decisión da Xunta de Galiza que decidiu suspender os cursos preparatorios e os exames fóra dos límites da Comunidade Autónoma galega, agás na cidade de Ponferrada. Isto fai que a día de hoxe calquera persoa non-universitaria só poda preparar dito exame nas cidades de Santiago de Compostela e Ponferrada, salvando o caso da EOI Jesús Maestro de Madrid.

As consecuencias desta ausencia de cursos preparatorios provoca que, ademais da redución das saídas laborais dos e das graduadas en lingua e literatura galegas, haxa un importante déficit na preparación das probas, levando a que moitas persoas teñan que empregar a autoapredizaxe a través da rede cuns materiais didácticos sempre escasos. Alén disto, súmanse outras problemáticas como o feito evidente de que se calquera persoa quere recibir aulas presenciais atópase con dificultades para atopar centros que impartan galego entre os seus cursos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A esta ausencia de posibilidades de estudo da nosa lingua hai que sumarlle as dificultades coas que se atopan as persoas, que a pesar destas problemáticas deciden estudar pola súa conta e examinarse para acreditar o CELGA.

O ano pasado, un grupo de alumnos e alumnas catalás que están a estudar galego na cidade condal, a través da cooperativa Aula d'Idiomes, lanzaron unha petición ao Goberno galego para que se lles permitira acreditar oficialmente a nosa lingua en Barcelona, como se tiña feito anos atrás, sen ter que desprazarse até Galiza. A través desta petición deixaron ver os impedimentos que atoparon para poder presentarse aos exames. Deben viaxar, si ou si, até Santiago de Compostela ou Ponferrada. Ademais, a parte da viaxe que teñen que pagar do seu peto, tamén se encontran con que as datas se convocan con moi pouca antelación. A Xunta de Galiza adoita anunciar o mes no que se desenvolverán as probas, mais non concretan os días até pouco antes de celebrarse, concretamente uns 15 días, cousa que encarece mercar billetes, aloxamento e crea problemas no traballo para conciliar esta viaxe.

Este estudantado pon como exemplo o funcionamento do Institut Ramon Llull, institución xestionada polo Goberno catalá, polo Goberno balear e polo Concello de Barcelona para a promoción e aprendizaxe do catalán fóra de Cataluña, o cal organiza probas alén das fronteiras catalás, entre outros moitos lugares na Galiza.

Son moitos os lugares fóra das fronteiras estatais e incluso europeas, onde se demandan facilidades para poder estudar a nosa lingua como outra máis entre as opativas nos centros de linguas que culmine coa súa acreditación e dándolle o prestixio social e profesional que tiña hai anos en diferentes cidades.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

A que se debe o feito de que a Xunta de Galiza non ofrezca a posibilidade de realizar os cursos preparatorios ou as probas CELGA naqueles lugares onde anteriormente se podía?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/07/2021 11:34:52

Mercedes Queixas Zas na data 26/07/2021 11:34:55

Daniel Castro García na data 26/07/2021 11:35:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** en demanda de actuacións de restauración no Parque do Pasatempo en Betanzos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En resposta á Proposición non de lei presentada polo grupo parlamentario do BNG perante a Comisión 4ª de Educación e Cultura o pasado 30 de outubro de 2020, a respecto da demanda de apoio económico para iniciar a restauración do Parque do Pasatempo de Betanzos, unha vez declarado BIC, o Partido Popular xustificou o seu voto en contra alegando que, antes de comprometer achegas económicas por parte da Xunta de Galiza para a recuperación deste ben cultural senlleiro, cumpría a elaboración dun plan director.

Nunha nova convocatoria desta mesma comisión celebrada o 29 de decembro, a directora xeral de patrimonio cultural afirmou que desde o primeiro momento a Consellería dispuxera os medios técnicos en diferentes reunións co concello e axentes implicados para valorar cales eran as fases que se debían trazar para o proceso de recuperación deste ben que se encontra nun estado de deterioro moi preocupante, mesmo perdido xa para sempre unha parte pola desidia das administracións.

Nesta comparecencia a directora xeral indicou que este plan director é asumido pola Xunta de Galiza co obxectivo de analizar as problemáticas deste parque e as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesidades de restauración e conservación do ben para proceder a actuar con posterioridade.

Un plan director que, segundo o goberno, está a supeditar calquera posíbel achega económica para a súa conservación; unha demora de anos que está a condicionar a sobrevivencia dun xardín histórico senlleiro declarado BIC en 2020, furtándollo ao presente e ao futuro da sociedade galega e universal.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións está a desenvolver o goberno galego para pór en andamento a elaboración do anunciado e comprometido Plan director do Parque do Pasatempo de Betanzos que dea comezo á implicación económica para a súa urxente restauración?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Manuel Lourenzo Sobral

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 26/07/2021 11:36:29

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/07/2021 11:36:33

Mercedes Queixas Zas na data 26/07/2021 11:36:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a falla de pediatra no centro de saúde da Pobra do Caramiñal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego está a aplicar dun xeito xeneralizado, tanto na atención hospitalaria como na atención primaria e no conxunto do territorio, unha política de recortes que está a provocar un deterioro progresivo do sistema sanitario público.

Os usuarios e usuarias da sanidade pública son os principais afectados dunha política devastadora que míngua a calidade da atención sanitaria, sobre todo reducindo o persoal, tanto sanitario como non sanitario, e sobrecargando ata a extenuación ao que permanece nos centros.

A asistencia pediátrica é un dos servizos que está a sufrir con maior virulencia esta situación de recortes, con masificación nas consultas e con moita poboación infantil que non é atendida por especialistas en pediatría, o que tamén empeora a calidade asistencial.

Este é o caso da atención pediátrica no centro de saúde da Pobra do Caramiñal, cuxas deficiencias veñen sendo postas de manifesto insistentemente dende hai xa moitos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

anos por este grupo parlamentar e que agora se ven agravadas por mor da pandemia que vivimos.

Por enésima vez, as familias dese localidade vense obrigadas a prescindir do único profesional en pediatría do que dispón o centro de saúde, cun cupo moi superior (máis de 1.300 nenos e nenas) ao que é recomendábel.

Este pediatra, que consulta só en horario de mañá, non é substituído cando se ausenta por vacacións, permisos ou baixa laboral, o que obriga ás familias a desprazarse para ser atendidas por un pediatra doutra localidade ou a ser atendidas por unha ou un médico de familia.

Nesta ocasión, os nenos e nenas están sendo derivados ao centro de saúde de Ribeira, centro que debería dispoñer de 4 pediatras e que tan só ten 2 para atender á poboación infantil de Ribeira, que xa suma 3.536 pacientes, e máis á da Pobra. Unha situación que xa está a ocasionar que das 5 tardes nas que debera haber atención pediátrica nese centro só se atendan 3, con cupos moi superiores aos que lle corresponde e, polo tanto, cunha presión asistencial extrema.

Garantir, pois, que se cubran as ausencias no centro da Pobra é unha necesidade perentoria así como tamén o é a mellora e reforzo dese servizo. As reclamación das familias para ampliar a consulta ao horario de tarde veñen tamén xa de vello. O horario de tarde permitiría a moitas desas familias non ter que pedir permiso no traballo nin que os nenos e nenas tiveran que ausentarse das súas clases.

No entanto, o que vén de anunciar a Consellería dista moito destas peticións e supón a desaparición de facto dese servizo no centro da Pobra. A súa intención é que a partir do 11 de xaneiro non haxa servizo de atención pediátrica e que se deriven os nenos e nenas de 0 a 3 anos aos centro de saúde de Boiro e Ribeira, xa saturados, e os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

maiores de 3 sexan atendidos polos médicos e médicas de familia, que non son especialistas e que, ademais, incrementan así tamén o seu cupo correspondente.

A saúde é un dereito fundamental que neste caso estase máis unha vez a vulnerar gravemente por parte do goberno galego ao non permitir que se dispoña do persoal necesario e, polo tanto, que a atención sanitaria que se preste sexa de calidade.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está disposta a Xunta de Galiza a manter en todo caso o servizo de pediatria no centro de saúde da Pobra do Caramiñal?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 26/07/2021 11:37:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 26/07/2021 11:38:04

Olalla Rodil Fernández na data 26/07/2021 11:38:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a situación da pesca galega logo do acordo entre a UE e o Reino Unido en relación ao Brexit.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acordo acadado entre a UE e o Reino Unido sobre o Brexit o pasado 24 de decembro non só confirmou os peores temores do sector pesqueiro galego senón que abriu unha mancha de interrogantes e incertezas sobre un futuro da pesca galega a medio e longo prazo que, cando menos, conta con todos os ingredientes para consideralo moi preocupante.

A medida que van pasando os días e se van coñecendo cada vez máis detalles do acordo máis inxustificábeis nos resultan as declaracións dos primeiros momentos realizadas polas principais autoridades europeas e do goberno de España, que celebraron o acordo e que mesmo o cualificaron de “xusto e equilibrado”. Declaracións que, dende o punto de vista dos intereses do sector pesqueiro galego e da entidade que este ten no conxunto da economía do noso país, resultan mesmo irrespetuosas e amosan, claramente, o nulo valor que para a UE e o goberno do Estado teñen a pesca e a economía galega e, o que é máis grave aínda, a escasísima importancia e falla de peso político que ten Galiza para esas institucións.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha relevancia que tampouco o propio goberno galego foi quen de poñer enriba da mesa con contundencia dende o mesmo momento en que a cidadanía do Reino Unido tomara a decisión de non seguir formando parte de UE e esixindo o que nos corresponde como principal produtor pesqueiro dentro do Estado e un dos principais dentro da UE.

Independentemente das cifras, dos parámetros e das valoracións que tomemos como referencia, resulta evidente que o resultado do acordo ten consecuencias moi negativas para a nosa pesca, agora e no futuro, e que, chegados a este punto, as medidas a tomar para tratar de reverter a situación non poden ser meramente conxunturais e limitárense a compensacións puntuais senón que deben ir moito máis alá, á cerna do problema e encamiñadas a remover os acordos políticos de fondo que provocaron unha discriminación de partida da nosa flota dentro da UE.

En primeiro lugar. Faise indispensable traballar politicamente en todas as institucións co obxectivo claro de iniciar un proceso de revisión da noción, ata o de agora rixida e inamovíbel, de 'rexión altamente dependente da pesca', inspirada no seu momento, entre outros, polo propio Reino Unido.

Galiza ten elementos suficientes como para ser recoñecida como tal porque a actividade pesqueira inflúe económica, laboral e socialmente de tal xeito no conxunto que as graves dificultades que o sector pesqueiro vén acumulando dende hai anos contribúen en alto grao na redución da actividade económica total e na perda de emprego, de maneira que o tecido socioeconómico vese gravemente afectado.

En segundo lugar. O coñecido como 'principio de estabilidade relativa' (PER) é cuestionado a día de hoxe dende ámbitos políticos, económicos, xurídicos e científicos e, precisamente, as negociacións sobre o Brexit eran o momento considerado por moitos





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como o idóneo para intentar negociar un novo status para a frota galega que puidese evitar a súa continua desaparición.

Agora, asinado o acordo entre a UE e o Reino Unido, e vistos os resultados do mesmo, esa posibilidade ten que cobrar forza e reunir todos os esforzos para poder levala a cabo e conseguir que a UE derroque o PER definitivamente.

A aplicación deste ‘principio’ -polo cal se asigna unha porción fixa de total admisíbel de capturas, TAC, a cada estado membro da UE para unha determinada poboación de peixes en función do rexistro de capturas históricas de cada flota-mantense dende os anos 80 e, a pesar de ser cada vez máis discutíbel e discutido, resultou intocábel nas sucesivas reformas da política pesqueira común. Galiza foi a grande perdedora desas decisións e sofre especialmente as consecuencias deste mecanismo ano tras ano dende a adhesión do Estado español á UE co reparto discriminatorio dos TACs e as cotas que se establecen, e a día de hoxe as súas posibilidades de pesca son moi inferiores á súa capacidade.

En terceiro lugar. Faise urxente abordar tamén a participación de Galiza na defensa dos seus intereses e na toma de decisións que lle afecten de xeito tan directo para o que cómpre recoñecerlle capacidade de negociar directamente e que as cuestións en materia de pesca ou outras que afecten ás súas competencias non podan ser adoptadas sen contar co seu consentimento e aceptación.

Por razóns obvias, a consecución destes tres obxectivos non é tarefa doada nin vai ser inmediata a súa materialización e, polo tanto, cómpre poñer en marcha outro tipo de medidas a curto prazo que sirvan para paliar as consecuencias puntuais máis inminentes que se van derivar da redución do 25% das cotas de pesca para a frota galega en augas británicas. Así, as repercusións económicas e sociais que implica o acordo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tomado requiren, tanto no económico como no social, axilidade na súa programación e efectividade na súa aplicación. A resposta e o soporte do goberno galego non pode quedar á marxe de prever medidas de apoio económico e social para o sector pesqueiro e as zonas máis afectadas.

Por outra banda, non parece ter lóxica que diante dun tema de tal envergadura os grupos políticos representados no parlamento galego non teñan máis mecanismos de participación e de aportación que un tempo moi reducido nunha comisión ou no pleno. Mesmo a propia conselleira de Mar propuxo nunha súa comparecencia no pleno, no mes de maio de 2017, “realizar cada semestre unha sesión monográfica, na Comisión 8ª, na que se dea conta da información dispoñíbel e se proceda a analizar e complementar os informes e argumentos”. Sesións que nunca se levaron a cabo dende aquela e que a día de hoxe fanse imprescindíbeis á hora de que os grupos políticos teñan todos os datos, coñezan polo miúdo os detalles do acordo, participen nos debates e contribúan coas súas aportacións nas decisións dos pasos a dar de cara ao futuro.

Tamén, o artigo 21 do Decreto 123/2011, polo que se regula o Consello Galego de Pesca, contempla que “poderán asistir ás reunións do Pleno ou das comisións sectoriais, con voz pero sen voto, as persoas, representantes de organismos, institucións e entidades públicas ou privadas que, polas súas actividades, coñecemento ou experiencia, a presidencia considere oportuno por razón dos asuntos que se vaian tratar. Respecto da Comisión sectorial de política social e seguridade da frota, a presidencia poderá invitar ás súas reunións un representante de cada un dos grupos con representación no Parlamento de Galicia”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para protexer e asegurar o desenvolvemento futuro consonte ás súas capacidades de pesca do sector pesqueiro galego após o recente acordo entre a UE e o Reino Unido sobre o Brexit?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 26/07/2021 11:42:55

María do Carme González Iglesias na data 26/07/2021 11:43:03

Daniel Castro García na data 26/07/2021 11:43:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pouco despois da morte do Ditador Francisco Franco, o seu sucesor Juan Carlos de Borbón concedía á súa descendencia os títulos nobiliarios do Señorío de Meirás e do Ducado de Franco, coa dignidade de Grandeza de España. Con estes títulos a Monarquía lexitimaba e concedía privilexios á familia do Ditador, unha situación que se mantivo por decisións dos sucesivos gobernos do Estado. E asemade dáballe continuidade e lexitimidade á concesión de títulos nobiliarios por parte do Ditador a destacados dirixentes fascistas, títulos que foron renovados por todos os gobernos de España e sancionados polo Monarca.

A concesión dos citados privilexios, a apropiación por parte da familia Franco de propiedades e bens públicos, a impiedade dos crimes do franquismo, o esquecemento das vítimas da Ditadura conforman unha páxina negra da transición e poñen en evidencia as eivas do réxime do 78. Constitúen unha vergoña para a democracia, unha ofensa para as vítimas e un ataque á dignidade colectiva do pobo galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No mes de marzo de 2018 o BOE publicaba a solicitude de Carmen Martínez Bordiú para herdar o título do Ducado de Franco. Unha herdanza polo demais libre de cargas por decisión no seu día de Juan Carlos I.

A xuízo do BNG e de moitas persoas e entidades, a pervivencia destes títulos é incompatíbel co respecto aos valores democráticos e co recoñecemento á memoria de centos de miles de persoas que foron vítimas da Ditadura.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está de acordo o goberno galego coa concesión de títulos nobiliarios á familia Franco e coa renovación dos citados privilexios?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/07/2021 11:44:26

Iria Carreira Pazos na data 26/07/2021 11:44:34

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 11:44:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente sentenza do xulgado de primeira instancia número 1 de Coruña que condena á familia Franco a devolver O Pazo de Meirás ao Estado sen ningún tipo de indemnización pon en evidencia o roubo sistemático perpetrado polo Ditador Francisco Franco en Galiza durante a Ditadura, no que constituíu un auténtico “latrocinio” de bens mobles e inmobles de titularidade pública e privada que acabaron no patrimonio persoal do Ditador e da súa familia. Estamos diante dun claro exemplo de enriquecemento ilícito e de malversación de fondos públicos posto que unha grande parte destes bens foron adquiridos mediante a coacción, a forza ou o uso de recursos públicos.

Se ben o Pazo de Meirás é o expoñente máis claro desta apropiación de bens, existen moitos outros que tamén pasaron a ser propiedade do Ditador por medios fraudulentos, irregulares ou ilícitos, como é o caso da Casa Cornide, as estatuas de Abraham e Isaac, as pías bautismais de San Xián de Moraime, o Pazo de Bendaña (Dodro), diversas obras de arte, así como fontes, cruceiros, balaustradas e escudos que foron trasladados desde outros pazos galegos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En realidade, estamos a falar dun macroespolio que contou coa participación do aparello do Estado e coa complicidade da elite política e empresarial daquel tempo, que tamén resultou beneficiada da trama: por iso o BNG considera que o estudo desta apropiación de bens tamén debe poñer o foco nas prebendas e beneficios que obtiveron as persoas que participaron na trama que fixo posíbel o enriquecemento dos Franco.

Para o BNG, o coñecemento da verdade histórica é unha mostra de saúde democrática e de transparencia. E tamén o primeiro paso para que se faga xustiza, para que se recoñeza o roubo sistemático e a corrupción a grande escala que son sinais de identidade do franquismo, e para que se devolvan aos seus lexítimos propietarios todos aqueles bens que foron adquiridos e transmitidos de maneira enganosa, ilícita ou fraudulenta.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galiza encargar a unha comisión independente un informe amplo e exhaustivo sobre todos os bens que puideron pasar a formar parte do patrimonio dos Franco de maneira irregular ou ilícita?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
Iria Carreira Pazos
Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 11:46:41

Iria Carreira Pazos na data 26/07/2021 11:46:45

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/07/2021 11:46:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Co Decreto de Acción Exterior aprobado en 2015 a Xunta de Galiza optou por unha política exterior dependente, subordinada e pouco ambiciosa. O 1 de febreiro de 2018 o Consello da Xunta aprobou a Estratexia de Acción Exterior de Galicia, que concreta o marco creado polo Decreto nun documento xeralista, sen prioridades claras, sen liñas estratéxicas e sen medidas orzamentarias.

Na actualidade, a Xunta de Galiza carece dunha auténtica política de acción exterior. Non hai coordinación efectiva ao máis alto nivel, como o demostra o feito de que as competencias na materia teñan o rango de Dirección Xeral. De aí que en lugar dunha acción coordinada e conxunta teñamos unha suma de accións desconectadas e illadas de cada departamento. O Consello de Acción Exterior, creado polo Decreto 368/2009, é un organismo pouco operativo, que nin sequera se reúne coa periodicidade prevista. Tampouco existe desde a Xunta interese en coordinar e impulsar a acción exterior das cidades e en cooperar coas universidades na súa proxección internacional.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, cando se cumpriron 5 anos da entrada en vigor da Lei de aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, non existe un balance nin unha folla de rota a este respecto, e moitas das expectativas creadas pola Lei Paz Andrade ficaron nunha declaración de boas intencións. Mentres en Galiza esta materia segue a ser unha asignatura pendente, outras comunidades como Extremadura están a facer os deberes e levan moita vantaxe ao respecto.

O pasado 18 de xullo o Consello da Xunta deu inicio á tramitación do anteproxecto de Lei de Acción Exterior e Cooperación, que deberá fixar os obxectivos, as prioridades e as liñas de actuación neste ámbito. A elaboración dunha norma destas características debería ser obxecto dun amplo proceso de interlocución social e institucional, coa participación de persoas expertas, universidades, centros de estudo e análise, concellos, organizacións non gubernamentais de cooperación, e de todos os sectores sociais, económicos e culturais que teñen intereses e presenza no exterior.

Por todo isto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que previsións e prioridades ten a Xunta de Galiza en relación coa Lusofonía e co desenvolvemento da chamada Lei Paz Andrade?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/07/2021 11:47:59

Iria Carreira Pazos na data 26/07/2021 11:48:03

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 11:48:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Resulta habitual ver na prensa referencias a reunións de conselleiros e conselleiras con alcaldías do PP no que anuncian a sinatura de convenios ou a concesión de axudas da Xunta para a realización de investimentos en materia de infraestruturas, equipamentos, medio ambiente, servizos, etc. Periodicamente tamén se dan a coñecer os convenios asinados polas consellarías e os concellos, a través dos cales se fai a asignación de fondos públicos sen ningún criterio obxectivo de reparto.

Por outra parte, o goberno galego utiliza habitualmente o procedemento de convocatoria de subvencións a entidades locais en concorrencia non competitiva, o que non garante un trato xusto para os concellos.

Nos últimos anos, a FEGAMP elaborou diversos documentos sobre o financiamento local, a transferencia de recursos da Xunta aos concellos, as convocatorias de subvencións ou a necesidade de aprobar unha lei de facendas locais, sen que ningunha destas propostas fose atendida pola Xunta de Galiza.

Detrás deste *modus operandi* do goberno galego hai unha intención clara: manter a utilización partidista da Xunta para favorecer a concellos do PP na distribución dos fondos públicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galiza acabar coa distribución discrecional e partidista dos fondos públicos?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 11:49:36

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/07/2021 11:49:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás máquinas de apostas, casas de apostas e salas de xogo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo datos da Xunta de Galiza, a comezos de 2019 había 136 casas de apostas e salóns de xogo abertas en Galiza. Esta cifra aumentou a 159 en maio de 2019: 118 salóns de xogo e 41 casas de apostas. Segundo estes datos, entre xaneiro e maio de 2019 abríronse ou iniciouse a tramitación de 23 destes locais de xogo.

Con respecto ás máquinas de apostas, en xaneiro de 2019 había instaladas 3.853, das cales 3.171 estaban en locais de hostalaría e 682 en casas de apostas e en salóns de xogo. Cómpre ter en conta que o regulamento do xogo aprobado pola Xunta en 2012 fixaba un número máximo de 2.000 máquinas en bares e cafetarías, mais esta cifra foi incrementada en 2017 vía lei de acompañamento até un máximo de 3.600.

No mes de maio de 2019, a Xunta de Galiza decretou unha moratoria na apertura de novas casas de apostas e salóns de xogo, mais esta limitación non lle afecta ás máquinas de apostas.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o goberno galego axeitado o número de casas de apostas, salóns de xogo e máquinas de xogo que están autorizadas en Galiza?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/07/2021 11:53:18

Iria Carreira Pazos na data 26/07/2021 11:53:22

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 11:53:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O período de goberno Feixó entre 2009 e 2019 pasará á historia como un erro en materia de transferencias do Estado, xa que non se logrou ningunha nova competencia.

Este resultado non se corresponde coas previsións do primeiro ano de goberno, que se inaugura cun informe presentado no consello da xunta o 8 de outubro de 2009 que deu pé ao presidente da Xunta a pronunciar unha frase que tamén pasará á historia dos fiascos: “Iniciaremos a fase de maior autogoberno de Galicia”.

Aínda que tanto o presidente como o vicepresidente da Xunta anunciaron en diferentes ocasións a axenda de transferencias que serían obxecto de negociación, e malia que os programas eleitorais do PP de 2009, 2012 e 2016 recollían esta cuestión, a realidade é que a Xunta do PP non mostrou ningún interese nin tomou ningunha iniciativa seria nesta materia.

Como consecuencia desta atonía e deste desleixo na defensa e profundización do autogoberno, Galiza sitúase no último posto en materia de transferencias ao longo da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

última década: somos a única comunidade do réxime común xunto con Murcia que non conseguiu ningunha nova competencia entre 2009 e 2019.

Queda polo tanto claro que a actuación do goberno da Xunta nesta materia foi de absoluta parálise. E non conformes con esta actitude de desleixo, o PP puxo sistematicamente paus nas rodas á transferencia a Galiza de competencias acordadas por unanimidade no parlamento galego.

O 23 de xaneiro de 2019, a comisión primeira do parlamento galego aprobou por unanimidade os seguinte acordo:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado a convocatoria da Comisión Mixta de transferencias, co obxecto de levar adiante todas aquelas transferencias xa reclamadas, así como aquelas novas que o Goberno galego considere convenientes contemplando todas aquelas que xa foron transferidas ou se están negociando con outras Comunidades Autónomas."

A finalidade deste acordo é que Galiza se equipare ás nacións que teñen os maiores niveis competenciais, isto é Catalunya e Euskadi. Mais transcorrido máis de ano e medio daquel pronunciamento unánime, non se coñece ningunha iniciativa do goberno galego neste sentido.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que iniciativas levou a cabo o goberno galego na pasada legislatura e no comezo da presente en relación coa convocatoria da comisión mixta de transferencias co obxecto de acordar co goberno do Estado a transferencia a Galiza das competencias pendentes?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iria Carreira Pazos
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 11:54:53

Iria Carreira Pazos na data 26/07/2021 11:54:56

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/07/2021 11:55:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o apoio da Xunta de Galiza ao sector do xogo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 29 de outubro o presidente da Xunta participou no acto de apertura do VII Encontro das empresas do xogo, cunha intervención na que louvou o xogo como “unha actividade importante, responsábel, ordenada e que xera riqueza”.

Segundo o comunicado feito público pola asociación organizadora, AGEO, o vicepresidente da Xunta comprometeuse a estudar a fiscalidade do sector, a respecto da demanda das empresas de redución do 50% da taxa fiscal do xogo até decembro de 2021.

Nun artigo publicado na prensa días despois, o presidente da Asociación Galega de Empresas Operadoras (AGEO), indicou que “a administración escoitounos, destacounos como empresarios exemplares na creación de riqueza e emprego en Galiza e, así mesmo, recoñeceu o noso traballo establecendo estritos protocolos sanitarios e de control para garantir a seguridade dos nosos clientes”.

Neste artigo, o representante da patronal do xogo refírese ao anteproxecto de Lei do xogo de Galiza, actualmente en tramitación, e fai constar que “non fan falta máis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medidas de control das xa existentes e temos claro que un dispositivo de control para as máquinas B en hostalaría sería un ataque directo aos nosos negocios”.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o goberno da Xunta que o xogo é unha actividade importante, responsábel, ordenada e que xera riqueza?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Iria Carreira Pazos
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/07/2021 11:56:25

Iria Carreira Pazos na data 26/07/2021 11:56:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 11:56:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o Plan de Investimentos Conxuntos (PIC) da eurorrexión Galiza Norte de Portugal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado martes 3 de novembro tivo lugar unha xuntanza na cidade de Vigo na que participou o vicepresidente primeiro da Xunta e na que se anunciou a elaboración do Plan de Investimentos Conxuntos (PIC) da eurorrexión Galiza Norte de Portugal para o período 2021-2027. Como é evidente, un documento destas características, que afecta a máis de unha lexislatura, debería contar co coñecemento e participación do Parlamento galego.

Este Plan estase a tramitar nun contexto marcado pola crise da COVID, o Plan de Reconstrución anunciado pola Comisión Europea e aínda non aprobado e as mudanzas nos orzamentos europeos para o período 2021-2027.

Ademais, dada a importancia das relacións económicas e culturais entre Galiza e o Norte de Portugal e a potencial repercusión neste programa da actual crise sanitaria e económica provocada pola COVID 19, a elaboración do PIC debería acompañarse cos estudos e conclusións da Comisión para a Reactivación do Parlamento Galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, aínda está pendente de exame e avaliación o PIC do período 2014-2020, que debería ser obxecto de coñecemento e debate no Parlamento galego.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego someter a información e estudo no Parlamento o Plan de Investimentos Conxuntos da Eurorrexión (PIC) do período 2021-2027?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Iria Carreira Pazos
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 11:58:11

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/07/2021 11:58:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 26/07/2021 11:58:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a creación dunha delegación permanente de Galiza en Lisboa e a solicitude de admisión de Galiza como membro da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX) aprobada en 2018 establece no epígrafe 373 a posibilidade de creación dunha delegación da Xunta de Galiza en Lisboa:

374. Para afianzar o protagonismo de Galicia en España respecto do liderado nas relacións e a estratexia de integración luso-galaico-española, tan pronto como as dispoñibilidades orzamentarias o permitan, habemos de formularnos a posibilidade de que a Xunta de Galicia proxecte permanentemente e coa debida entidade a nosa vocación fraterna en Lisboa, no cultural, no social, no económico e no institucional. Por outra banda, estudarase compatibilizar esta posible creación dunha Delegación coa solicitude ao MAEC de que acolla na Embaixada de España ante a República de Portugal polo menos un conselleiro de cooperación eurorrexional, cun pequeno equipo de funcionarios galegos, que reforce ese obxectivo, e no que se inclúa unha representación do Consello da Cultura Galega en calidade de Observador Consultivo da CPLP, tendo en conta que o Secretariado Executivo da CPLP está en Lisboa sería





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

preciso regular de modo estable e institucional as relacións de Galicia cos países de lingua portuguesa e servir efectivamente de ponte entre a hispanofonía e a lusofonía.

Transcorridos máis de 2 anos da aprobación da Estratexia, non hai noticias nin da creación da Delegación nin da opción b, claramente reduccionista e insuficiente ao entender deste grupo parlamentar.

Tanto na EGAEX como o proxecto de lei de Acción Exterior e Cooperación centran as relacións con Portugal no ámbito limitado da Eurorrexión, minusvalorando as enormes potencialidades das relacións con Portugal e cos países da Lusofonía nos ámbitos lingüístico, cultural, económico ou da cooperación.

Por outra parte, Galiza xa conta cun instrumento legislativo, a *Lei 1/2014, de 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía*, que establece no seu artigo 3 que “Deberán ser promovidas as relacións en todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa, constituíndo este un obxectivo estratéxico do goberno galego.

A maior abundamento, no mes de outubro do ano 2018, o parlamento aprobou de maneira unánime unha resolución na que se insta ao Goberno galego a impulsar a solicitude de admisión de Galiza como membro na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa e a dotar de orzamento a aplicación da Lei 1/2014.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que previsións ten o goberno galego a respecto da creación dunha delegación permanente de Galiza en Lisboa?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iria Carreira Pazos
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 26/07/2021 11:59:40

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/07/2021 11:59:44

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 11:59:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada **do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O 15 de maio de 2017 tivo lugar en Braga a xuntanza do plenario da Comunidade de Traballo Galiza Norte de Portugal, no que o presidente da Xunta de Galiza asumiu a presidencia rotatoria do organismo por un período de tres anos. Nesta xuntanza, o presidente da Xunta de Galiza anunciou que os gobernos español e portugués xa contaban cunha lista de demandas conxuntas galego portuguesas en distintos eidos. Por outra parte, fixo referencia aos principais obxectivos da Comunidade de Traballo para o período 2017-2019: artellamento da Eurorrexión a través da mellora das infraestruturas, potenciar a innovación e o crecemento económico, e a dinamización demográfica.

No tocante ás infraestruturas citou o corredor atlántico da Rede Transeuropea de Transportes, un tren competitivo que conecte Vigo e Porto no contorno dunha hora. No ámbito da innovación e o crecemento sustentábel citou a potenciación do comercio de proximidade e promover os vínculos entre as prazas de abastos; fomentar o intercambio de coñecemento entre as empresas e os centros tecnolóxicos e de investigación; unir forzas nunha Plataforma Loxística Operativa conxunta; e afondar nos intercambios científicos e educativos. E en relación co terceiro obxectivo fixo referencia á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reclamación ante a UE de que demografía sexa unha prioridade política que se reflicta nas políticas de cohesión.

2. A Comunidade de Traballo está formada por 9 comisións:

- Catro Comisións Sectoriais (Desenvolvemento Sostible e Planeamento, Desenvolvemento Económico e Turismo, Innovación e Eficiencia Enerxética e Cidadanía);

- Catro Comunidades Territoriais de Cooperación (CTC do Val do Miño, CTC do Val do Limia, CTC do Val do Támega e CTC do Val do Cávado) que agrupan institucións de ambos os dous lados da fronteira: Cámaras Municipais portuguesas, Concellos e Deputacións Provinciais de Galicia;?

- Unha Comisión específica, constituída polo Eixe Atlántico do Noroeste Peninsular, que se ocupa da política urbana das cidades que forman parte deste.

3. Nos vindeiros días vaise celebrar na cidade portuguesa de Guarda unha nova cimeira hispano lusa, que pode ser un bo marco para trasladar unha posición común da Eurorrexión e os proxectos de futuro compartidos.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o balance global da Presidencia da Comunidade de Traballo Galiza Norte Portugal no período 2017-2020?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Iria Carreira Pazos
Deputados e Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 12:09:29

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/07/2021 12:09:33

Iria Carreira Pazos na data 26/07/2021 12:09:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a redución da superficie de plantacións de eucalipto en determinados espazos e tipos de solo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As políticas forestais e de montes da Xunta de Galiza levaron nas últimas décadas a unha expansión descontrolada do eucalipto. Ademais das plantacións vinculadas principalmente á fabricación de pasta de papel, nos últimos anos proliferaron as plantacións relacionadas con potenciais aproveitamentos para centrais eléctricas de biomasa e outros usos industriais.

A expansión descontrolada dos cultivos de eucalipto xa supera amplamente as previsións do Plan Forestal de Galiza e esténdese por amplas zonas do país que ate fai pouco estaban libres desta especie polo fomento das plantacións do eucalipto nitens, que se adapta a zonas máis frías e máis altas. Ao mesmo tempo, a eucaliptización está provocando a forestación de terras agrarias e está alterando os ecosistemas de espazos naturais protexidos, de bosques de ribeira e de concas fluviais.

Mentres que o Plan Director da Rede Natura e o Catálogo e as Directrices da Paisaxe establecen restricións ás plantacións de eucaliptos nos espazos naturais protexidos e nas Áreas de Especial Interese Paisaxístico, a realidade é que as plantacións desta especie ocupan xa máis de 5.000 hectáreas en espazos protexidos,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

segundo un estudo das Universidades de Oviedo e León. Nas Fragas do Eume, os eucaliptais ocupan o 13% das 9.000 hectáreas do parque natural. Na provincia da Coruña, o eucalipto ocupa o 44% do total de superficie de bosques.

Segundo o estudo realizado pola Escola Politécnica de Mieres e pola Facultade de Enxeñaría Agrícola e Forestal de León, o cambio climático vai facer aumentar a superficie apta para estes cultivos, sobre todo na provincia de Ourense. Segundo estas previsións, no ano 2050 habería un 40% máis de superficie apta para a plantación de eucaliptos, ata chegar aos 1,2 millóns de hectáreas. Unha das consecuencias deste proceso será a presión sobre zonas propicias para o bosque máis naturais e de maior biodiversidade.

Máis alá do debate de fondo sobre as plantacións de eucalipto, os seus aproveitamentos, o modelo económico ao que serven, e as súas consecuencias nos solos, nos incendios, nas reservas de auga e na biodiversidade, parece evidente a necesidade de ordenar, regular e restrinxir as plantacións e a expansión do eucalipto en determinadas zonas especialmente sensíbeis e en terras que poidan ter potencialidades para usos agrarios, pastos, bosques de frondosas e usos multifuncionais do monte.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que previsións ten o Goberno galego para reducir a presenza do eucalipto en espazos naturais protexidos e en Áreas de Especial Interese Paisaxístico?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres
Paulo Ríos Santomé
Alexandra Fernández Gómez
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 12:11:15

Paulo Ríos Santomé na data 26/07/2021 12:11:23

Alexandra Fernández Gómez na data 26/07/2021 12:11:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre os novos contratos no transporte público por estrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A elaboración, aprobación e desenvolvemento do Plan de transporte público de Galiza é un proceso cheo de sombras e sospeitas de irregularidades cando non de ilegalidades manifestas. Todo este proceso caracterizouse desde o comezo pola falta de previsión e planificación, polas présas e pola preminencia dos intereses das grandes empresas do sector do transporte público por estrada.

Este xeito de proceder, escurantista, apresurado e pouco garantista, está a caracterizar tamén o proceso de licitación dos novos contratos do transporte público, no que se está a cumprir o guión que anunciaba a concentración dos grandes contratos nunhas poucas empresas, nun reparto que foi anunciado fai moito tempo e que coincide co acontecido no sector do transporte en ambulancias.

Este modus operandi da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade deu lugar a diversas reclamación e alegacións diante do TACGAL e da Comisión Galega da Competencia.

Na tramitación destes contratos obsérvanse numerosas carencias e irregularidades, así como cambios nos pregos, derivados das resolucións do TACGAL e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das alegacións presentadas por distintos operadores, que distorsionan gravemente o obxecto do contrato e os cálculos dos custos.

Por outra parte, todo o procedemento viuse alterado pola crise sanitaria, económica e social provocada pola COVID 19, que está alterando de maneira significativa as previsións sobre a demanda e uso dos servizos de transporte. Unha situación que debería dar pé cando menos á revisión dos datos de demanda e ingresos establecidas nos pregos.

Ao mesmo tempo, resultado cando menos chamativo o papel de empresas consultoras da administración que suplantán a propia administración na tramitación e resolución destes expedientes. Empresas que na práctica actúan como unha administración paralela, suplantando tarefas e responsabilidades exclusivas da administración pública.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora a Xunta as denuncias sobre irregularidades e ilegalidades na tramitación dos novos contratos do transporte público por estrada?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Paulo Ríos Santomé
Alexandra Fernández Gómez





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 26/07/2021 12:12:42

Paulo Ríos Santomé na data 26/07/2021 12:12:45

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 12:12:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a instalación de parques eólicos en espazos da Rede Natura .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lei de medidas fiscais e administrativas dos orzamentos da Xunta para o ano 2012 incluíu unha modificación da Lei 8/ 2009 pola que se regula o aproveitamento eólico en Galiza e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Por medio deste procedemento, incluíse unha Disposición Adicional Quinta sobre *Suspensión da tramitación de parques eólicos na ampliación da Rede Natura,* na que se establece o seguinte no apartado 1:

1. O anuncio da exposición pública da proposta de ampliación do ámbito da Rede Natura determinará por si mesmo a suspensión do procedemento de autorización dos parques eólicos que se sitúen, en todo ou en parte, no ámbito territorial obxecto de ampliación, ata a aprobación da proposta de ampliación polo Consello da Xunta de Galicia.

Naquela altura (2012) comezou a tramitación da ampliación da Rede Natura. O DOG do 2 de xaneiro de 2012 publicou o anuncio da Dirección Xeral de Conservación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da Natureza polo que se acorda someter a información pública a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 Galicia. Este documento di literalmente o seguinte:

A Rede Natura 2000 en Galicia atópase actualmente composta por 16 zonas de especial protección para as aves (ZEPA) que representan unha superficie de máis de 101.000 ha (medios mariños e terrestres) e 59 lugares de importancia comunitaria (LIC) que abranguen unha superficie de máis de 374.500 ha (medios mariños e terrestres). De acordo coa clasificación en ecorrexións da Comisión Europea, 55 LIC adscribíense á rexión bioxeográfica atlántica e 10 á mediterránea, e seis destes espazos superficies posúen en ambas as rexións. No seu conxunto, a rede Natura 2000 ocupa unha superficie de 389.737 ha (medios mariños e terrestres).

A actual lista de lugares de importancia comunitaria (LIC) en Galicia foi considerada como insuficiente por parte da Comisión Europea, polo que é preciso completar a aplicación en Galicia da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, coa aprobación dunha nova proposta de LIC. Así, a Comisión Europea, nas súas decisións polas que se aproban as primeiras listas de lugares de importancia comunitaria (rexión bioxeográfica atlántica, Decisión 2004/813/CEE, Diario Oficial de la Unión Europea, 29.12.2004, e rexión bioxeográfica mediterránea, Decisión 2006/613/CE, Diario Oficial de la Unión Europea, 21.9.2006), estableceu para cada unha das rexións bioxeográficas e para cada estado membro as necesidades de mellora na contribución á rede Natura 2000 que se debían considerar nas futuras ampliacións, corrixindo as insuficiencias detectadas ou mellorando a información.

Transcorrido un amplo período desde a publicación pola Comisión das dúas decisións, é urxente iniciar os trámites para completar a rede Natura 2000 galega, e dar así cumprimento ao mandado da Comisión.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia a urxencia da que se fala neste trámite de información pública da proposta de ampliación, pasaron oito anos e a Xunta de Galiza aínda non deu cumprimento ao mandato da Comisión Europea.

Nesta exposición de motivos fica clara a colisión dos intereses da protección da natureza fronte aos intereses do lobi das empresas eléctricas. Basta con ver o mapa dos desenvolvementos eólicos e dos proxectos que se están a tramitar nesta altura para saber quen gañou esta batalla.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como ten previsto o goberno galego cumprir o requirimento da Comisión Europea a respecto da ampliación da Rede Natura?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 12:14:12

Alexandra Fernández Gómez na data 26/07/2021 12:14:16

Paulo Ríos Santomé na data 26/07/2021 12:14:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 13 de novembro de 2020, varios medios de comunicación informaban de que a Xunta de Galiza denegara a autorización do proxecto “Explotación da concesión derivada do permiso de Investigación Alberta I, 1ª fracción, n.º 4966.1 no T.M. de Beariz (Ourense)”.

Así e todo, os colectivos e persoas que presentaron alegacións en relación con este proxecto non recibiron ningunha resposta nin comunicación ao respecto, polo que non lles consta ningún trámite administrativo oficial sobre a denegación da autorización de explotación e sobre os motivos en que se basea esta decisión.

Aínda que segundo as citadas referencias xornalísticas o motivo da denegación sería o informe negativo da Confederación Hidrográfica Miño Sil, a realidade é que este informe ten data de 27 de novembro de 2019, polo que non parece ser a causa da citada denegación.

No expediente constan as alegacións presentadas por diversos colectivos, no que se advirte de graves irregularidades na tramitación do expediente a funcionarios da Xunta, concretamente ao Xefe da Sección de Avaliación Ambiental da Dirección Xeral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e á Xefa do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Economía, Emprego e Industria,

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o estado de tramitación do expediente do proxecto “Explotación da concesión derivada do permiso de Investigación Alberta I, 1ª fracción, n.º 4966.1 no T.M. de Beariz (Ourense)”?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 12:20:36

Noa Presas Bergantiños na data 26/07/2021 12:20:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/07/2021 12:20:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de aplicar descontos nas tarifas das autovías AG55 e AG57.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado ano 2019, a Xunta de Galiza aprobou bonificacións nas autovías de peaxe AG55 e AG57 que consisten no desconto do 50% do custo para vehículos lixeiros e pesados que utilicen dispositivos de telepeaxe e entre as 00 h e 6 horas da mañá.

Anteriormente a Xunta de Galiza aprobara un desconto do 25% na viaxe de volta, cando a entrada e saída se produce no mesmo punto, que se aplica en días hábiles e para persoas usuarias que dispoñan de dispositivo de telepeaxe.

A finais do ano 2019, a Xunta de Galiza solicitou ao goberno do Estado aplicación na AP 9 de descontos do 25% da viaxe de volta, tal como se vén aplicando nas autovías de titularidade autonómica.

Como consecuencia do acordo de investidura asinado polo BNG e PSOE en xaneiro de 2020, o anteproxecto de orzamentos do Estado para o 2021 inclúen unha partida para bonificacións das peaxes na AP9, cunha dotación de 50 millóns de euros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta cantidade servirá para aplicar bonificacións a persoas usuarias habituais, cando menos do 50% na viaxe de volta.

En consecuencia con esta medida, o goberno galego debería incluír cando menos unha medida similar nos orzamentos do ano 2021, de maneira que as persoas usuarias da AG 55 e AG 57 se beneficien destes descontos nas viaxes de ida e volta.

Cómpre ter en conta que as áreas de Vigo-Val Miñor e Coruña-Bergantiños sofren un agravio e unha forte discriminación a respecto doutras zonas de Galiza que contan con autovías libres de peaxe (con peaxe na sombra, pagada con cargo aos orzamentos da Xunta), como é o caso do Morrazo, O Salnés, A Barbanza e Santiago-Brión. É así que as peaxes na AG 55 e AG57 provocan efectos negativos na mobilidade para persoas e empresas que teñen que facer desprazamentos cara ás áreas de Vigo e Coruña principalmente, por motivos laborais, de estudos ou de acceso a centros de saúde e hospitais. Tamén resulta unha pesada carga e un lastre para a competitividade das empresas, que ven como as peaxes encarecen o custo do transporte das mercadorías cara aos seus destinos.

Por outra parte, a existencia de peaxes provoca outro efecto negativo no incremento do tráfico nas estradas convencionais, que atravesan zonas con unha alta densidade de poboación e con numerosas travesías urbanas. É por iso que se debería estudar o rescate das concesións das citadas autovías, para evitar o agravio comparativo entre unhas comarcas e outras.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galiza aplicar descontos do 50% nas viaxes de volta nas autovías de titularidade autonómica AG 55 e AG 57?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 12:22:24

Alexandra Fernández Gómez na data 26/07/2021 12:22:32

Paulo Ríos Santomé na data 26/07/2021 12:22:40





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Carme González Iglesias, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a rexeneración ambiental, mellora do saneamento e depuración da Foz do Miñor, nos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A Foz do Miñor é unha zona húmida, un ecosistema de esteiro que conforma unha marisma formada polos ríos Miñor, Groba e Belesar, que conxuntamente verten á enseada de Baiona, na Ría de Vigo.

Desde febreiro de 1999 parte do espazo da Foz forma parte da Rede Natura 2000 (LIC A Ramallosa E11400003), recollendo sete Hábitats ou especies de interese comunitario. O espazo incluído na Rede Natura cunha superficie de 91 ha, e existe unha proposta de ampliación de 38 ha que non se chegou a efectivizar.

A zona da Foz está incluída no Plan Xeral de Explotación Marisqueira de Galiza, clasificada como zona C desde o ano 2007, o que impide a comercialización en fresco dos recursos. O INTECMAR chegou a cualificar a situación da Foz como “peor ca mala”.

2. As marismas e humidais constitúen un ecosistema de grande interese ambiental.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entre os seus valores cabe destacar os de filtro natural, fonte de calidade de vida e biodiversidade, protector ambiental; valores paisaxísticos, culturais e de lecer. Durante séculos o ríos e a Foz forneceron recursos hídricos, marisqueiros e piscícolas á poboación do Val Miñor.

Desde os anos 60 do século XX, a Foz comezou a sufrir un proceso de deterioro que se concretou en múltiples agresións:

- Espolio e destrución dos sistemas dunares.
- Recheos nas marxes para viais e zonas de estacionamento.
- Canalizacións de treitos dos ríos.
- Instalacións dun cámping na contorna.

Por outra parte, o incremento da poboación e a presión das actividades residenciais, industriais e turísticas na contorna non se acompañaron dunha axeitada planificación e execución de dotacións de saneamento e depuración, o que deriva nunha situación crítica de contaminación, principalmente por vertidos de augas fecais.

3. No ano 2018, a Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT) e o grupo Ecotox, baixo a dirección do profesor Ricardo Beiras García-Sabell, realizaron un estudo denominado *Avaliación microbiolóxica do impacto das augas residuais fecais no esteiro do Miñor, zona GAL 11-03. Parte 1: concello de Baiona*. O estudo foi financiado polo concello de Baiona, mais en realidade tratábase dun avance dun estudo máis amplo que non chegou a realizarse por falta de financiamento.

Entre as conclusións desta avaliación cabe sinalar as seguintes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Desde o punto de vista da contaminación por augas fecais, a contorna da Foz do Miñor presenta unha situación análoga a un sumidoiro a ceo aberto.

- A maior cantidade de contaminación á Foz é achegada polo río Miñor: en período estival aproximadamente o 63%, e en outubro o 77% das bacterias fecais.

- O río Miñor ao seu paso polo punto de vertido da EDAR de Gondomar presenta xa niveis intolerabelmente altos de bacterias fecais, e estes niveis incrementáanse en máis dun 50% augas abaixo do vertido da EDAR.

4. Para poñer freo á degradación e deterioro ambiental e para esixir actuacións das administracións públicas, a veciñanza do Val Miñor constituíu en 2016 a Plataforma pola Protección da Foz do Miñor. Entre outros documentos impulsaron unha moción para presentar nos concellos e un Decálogo que foi traslado aos grupos políticos para incluír nos seus programas.

Por tratarse dun espazo integrado na Rede Natura 2000 e pola súa importancia ambiental, social, cultural e produtiva, e tendo en conta que as actuacións necesarias para rexenerar este espazo son de ámbito supramunicipal, a Xunta de Galiza debe liderar un proxecto de saneamento e recuperación da Foz do Miñor, en coordinación cos concellos de Nigrán, Baiona e Gondomar e contando coa participación das entidades sociais de defensa da Foz.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego elaborar e aprobar un Plan de rexeneración e mellora ambiental da Foz do Miñor?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: Luis Bará Torres
Carme González Iglesias
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 26/07/2021 12:24:37

Alexandra Fernández Gómez na data 26/07/2021 12:24:42

María do Carme González Iglesias na data 26/07/2021 12:24:48

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 12:24:55





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Carme González Iglesias, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a rexeneración ambiental, mellora do saneamento e depuración da Foz do Miñor, nos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A Foz do Miñor é unha zona húmida, un ecosistema de esteiro que conforma unha marisma formada polos ríos Miñor, Groba e Belesar, que conxuntamente verten á enseada de Baiona, na Ría de Vigo.

Desde febreiro de 1999 parte do espazo da Foz forma parte da Rede Natura 2000 (LIC A Ramallosa E11400003), recollendo sete Hábitats ou especies de interese comunitario. O espazo incluído na Rede Natura cunha superficie de 91 ha, e existe unha proposta de ampliación de 38 ha que non se chegou a efectivizar.

A zona da Foz está incluída no Plan Xeral de Explotación Marisqueira de Galiza, clasificada como zona C desde o ano 2007, o que impide a comercialización en fresco dos recursos. O INTECMAR chegou a cualificar a situación da Foz como “peor ca mala”.

2. As marismas e humidais constitúen un ecosistema de grande interese ambiental.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entre os seus valores cabe destacar os de filtro natural, fonte de calidade de vida e biodiversidade, protector ambiental; valores paisaxísticos, culturais e de lecer. Durante séculos o ríos e a Foz forneceron recursos hídricos, marisqueiros e piscícolas á poboación do Val Miñor.

Desde os anos 60 do século XX, a Foz comezou a sufrir un proceso de deterioro que se concretou en múltiples agresións:

- Espolio e destrución dos sistemas dunares.
- Recheos nas marxes para viais e zonas de estacionamento.
- Canalizacións de treitos dos ríos.
- Instalacións dun cámping na contorna.

Por outra parte, o incremento da poboación e a presión das actividades residenciais, industriais e turísticas na contorna non se acompañaron dunha axeitada planificación e execución de dotacións de saneamento e depuración, o que deriva nunha situación crítica de contaminación, principalmente por vertidos de augas fecais.

3. No ano 2018, a Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT) e o grupo Ecotox, baixo a dirección do profesor Ricardo Beiras García-Sabell, realizaron un estudo denominado *Avaliación microbiolóxica do impacto das augas residuais fecais no esteiro do Miñor, zona GAL 11-03. Parte 1: concello de Baiona*. O estudo foi financiado polo concello de Baiona, mais en realidade tratábase dun avance dun estudo máis amplo que non chegou a realizarse por falta de financiamento.

Entre as conclusións desta avaliación cabe sinalar as seguintes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Desde o punto de vista da contaminación por augas fecais, a contorna da Foz do Miñor presenta unha situación análoga a un sumidoiro a ceo aberto.

- A maior cantidade de contaminación á Foz é achegada polo río Miñor: en período estival aproximadamente o 63%, e en outubro o 77% das bacterias fecais.

- O río Miñor ao seu paso polo punto de vertido da EDAR de Gondomar presenta xa niveis intolerabelmente altos de bacterias fecais, e estes niveis incrementanse en máis dun 50% augas abaixo do vertido da EDAR.

4. Para poñer freo á degradación e deterioro ambiental e para esixir actuacións das administracións públicas, a veciñanza do Val Miñor constituíu en 2016 a Plataforma pola Protección da Foz do Miñor. Entre outros documentos impulsaron unha moción para presentar nos concellos e un Decálogo que foi traslado aos grupos políticos para incluír nos seus programas.

Por tratarse dun espazo integrado na Rede Natura 2000 e pola súa importancia ambiental, social, cultural e produtiva, e tendo en conta que as actuacións necesarias para rexenerar este espazo son de ámbito supramunicipal, a Xunta de Galiza debe liderar un proxecto de saneamento e recuperación da Foz do Miñor, en coordinación cos concellos de Nigrán, Baiona e Gondomar e contando coa participación das entidades sociais de defensa da Foz.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto Augas de Galiza facer investimentos na mellora da rede de saneamento e depuración nos concellos que verten á Foz do Miñor?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: Luis Bará Torres
Carme González Iglesias
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 12:26:08

María do Carme González Iglesias na data 26/07/2021 12:26:13

Alexandra Fernández Gómez na data 26/07/2021 12:26:20

Paulo Ríos Santomé na data 26/07/2021 12:26:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ramón Fernández Alfonzo, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación do río Eume.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O recente episodio de turbidez e contaminación do río Eume, que entre outras consecuencias provocou a interrupción do subministro de auga a Pontedeume, é tan só a punta do iceberg dun grave problema ambiental que sofre este río e a súa bacía debido principalmente á contaminación provocada pola actividade de ENDESA, unha situación que se foi agravando ao longo dos anos coa pasividade cando non convivencia da Xunta de Galiza.

Se ben o goberno galego agora semella reaccionar con rapidez e mesmo con unha aparente contundencia, anunciando tanto investimentos na mellora do abastecemento como á apertura dun expediente sancionador e un plan de seguimento sobre o estado do río, a realidade é que foi o goberno galego quen ao longo dos anos permitiu a degradación, a contaminación e o deterioro do río e do encoro da Capela, que explota a empresa Endesa baixo o réxime de concesión.

A grande acumulación de lodos no citado encoro e a enorme cantidade de depósitos de residuos ao longo do leito do río, co lixiviado de augas contaminadas, pon de relevo un problema ambiental de grande magnitude, que foi denunciado desde fai





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tempo por organizacións ecoloxistas e que saíu á luz nas últimas semanas a raíz da forte baixada do nivel das augas do encoro.

Con respecto aos antecedentes deste grave problema ambiental compre salientar os seguintes:

- A Xunta de Galiza asinou senllos pactos ambientais coa empresa ENDESA, nos anos 2005 e 2012, que supostamente prevían actuacións de mellora ambiental no río.

- O convenio de 2012 prevía a modernización das infraestruturas hidroeléctricas para a “recuperación ambiental do río Eume”. Neste marco incluía unha actuación denominada “Proxecto de modernización dos desaugadoiros do fondo da presa do Eume”, coa retirada de 1.350 m³ de lodos e sedimentos, actuación que tiña un orzamento previsto de 5.784.653 euros e que supostamente podería estar relacionada co último episodio de contaminación e turbidez. No seu día, a asociación ecoloxista ADEGA advertiu dos riscos desta actuación e da necesidade de caracterizar estes sedimentos polo seu potencial contaminante para a saúde e o medio.

- Tanto ADEGA como EMS-Ríos e o colectivo ecoloxista Terra advertiron ao longo da pasada década da grave situación ambiental do río e da necesidade de realizar análíticas e mostraxes suficientemente representativas ao longo de toda a canle do Eume e na ría, incluído a monitorización de bivalvos dos bancos marisqueiros.

- A Xunta de Galiza iniciou en novembro de 2012 a redacción do Plan Territorial Integrado da conca do Eume, co obxectivo de facer unha análise coordinada e transversal das políticas da Xunta na conca do Eume, con 55 km² de superficie. Os concellos incluídos dentro do ámbito do Plan Territorial Integrado eran Pontedeume, Cabanas, Vilarmador, A Capela, Monfero, Irixoa, Aranga, As Somozas e As Pontes na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

provincia da Coruña; e Guitiriz, Xermade, Muras, Vilalba e Abadín na provincia de Lugo. O Plan debería ser formulado e impulsado pola Consellaría de Medio Ambiente, coa dirección conxunta do Instituto de Estudos do Territorio e do organismo autónomo Augas de Galicia, mais a realidade é que nunca foi realizado.

- Tampouco viu nunca a luz o Plan Reitor de Uso e Xestión do parque natural das Fragas do Eume, malia que súa elaboración e aprobación foi anunciada en varias ocasións ao longo da última década.

O pasado 19 de outubro o grupo parlamentar do BNG solicitou ao goberno galego, ao abeiro do artigo 9 do regulamento do parlamento, a documentación sobre as actuacións realizadas no marco do Pacto Ambiental, así como todos os contratos relacionados coa contaminación do Eume.

Asemade, diante da extrema gravidade da situación, nesa mesma data, o grupo parlamentar do BNG solicitou a comparecencia en Pleno das conselleiras de Medio Ambiente e de Infraestruturas, así como as comparecencias na comisión de medio ambiente da Directora Xeral de Conservación da Natureza, da Directora Xeral de Calidade Ambiental e da Directora de Augas de Galicia.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións de mellora ambiental do río Eume se realizaron no marco do Pacto Ambiental asinado con ENDESA en 2012 e cal é o seu orzamento?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres
Ramón Fernández Alfonso
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 26/07/2021 12:27:55

Alexandra Fernández Gómez na data 26/07/2021 12:28:00

Ramón Fernández Alfonso na data 26/07/2021 12:28:06

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 12:28:15



Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre as medidas de seguridade na caza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente publicación dos datos de persoas feridas e falecidas como consecuencia de disparos de caza no estado español entre o 1 de xaneiro e o 6 de setembro de 2020 sitúan a Galiza como a cuarta comunidade con máis vítimas, con 47 persoas feridas e 9 falecidas. Trátase de datos moi preocupantes, máis se temos en conta que durante unha parte deste período a actividade cinexética estivo suspendida debido ao estado de alarma.

Esta situación dáse malia que a Xunta de Galiza, por medio da Secretaría Xeral para o Deporte e a Consellaría de Medio Ambiente financiaron con 269.000 euros a Federación Galega de Caza entre 2016 e 2020, mediante convenios que tiñan como finalidade, entre outras, a organización de actividades formativas e campañas sobre seguridade.

Por outra parte, a Lei Galega de Caza de 2013 carece de desenvolvemento normativo, de maneira que segue en vigor o regulamento do ano 2001, claramente desfasado xa que permite a actividade da caza a unha distancia superior a 100 m de vivendas, recintos deportivos e zonas recreativas e de acampada; de 250 m con respecto a lugares onde se produzan concentración de persoas ou de gando. O citado regulamento





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tamén indica que “nos carreiros e camiños rurais pouco transitados, destinados ó paso a pé e ó uso agrícola ou forestal, poderase cazar, sempre que as condicións de seguridade o permitan “, unha redacción excesivamente ambigua e permisiva.

Desde que entrou en vigor a Lei de caza no ano 2013, a Valedoría do Pobo instou ao goberno galego a modificar a norma para garantir a seguridade da veciñanza, especialmente no caso dos camiños rurais e de acceso ás vivendas. Pola súa parte, no ano 2015 a Consellaría de Medio Ambiente anunciou a entrada en vigor de xeito inminente do novo regulamento, que segundo a Xunta ía regular de maneira máis detallada o referente ás zonas de seguridade.

Por parte de diferentes entidades e colectivos profesionais tamén se fai fincapé na importancia de facer controis de alcoholemia e de substancias estupefacientes nas actividades cinexéticas, debido ao risco derivado de usar unha arma coas capacidades físicas e mentais alteradas.

Co inicio da tempada de caza prodúcese unha especie de privatización de moitos montes e espazos públicos, de maneira que se ven restrinxidas as actividades recreativas e de lecer. Isto é particularmente evidente no caso de rotas de sendeirismo e de actividade deportiva, que se ven restrinxidas ou limitadas pola concorrencia coas zonas de seguridade das actividades cinexéticas.

Recentemente producíronse incidentes no concello de Arteixo, con disparos a escasos metros de vivendas e nunha rota de sendeirismo e de BBT sinalizada, así como o abandono de cartuchos sen detonar, sen que a administración tome medidas para evitar estes desmáns.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas adoptou ou prevé adoptar a Xunta de Galiza para reducir a sinistralidade provocada pola caza?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 12:29:22

Alexandra Fernández Gómez na data 26/07/2021 12:29:26

Paulo Ríos Santomé na data 26/07/2021 12:29:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre as medidas de seguridade na caza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente publicación dos datos de persoas feridas e falecidas como consecuencia de disparos de caza no estado español entre o 1 de xaneiro e o 6 de setembro de 2020 sitúan a Galiza como a cuarta comunidade con máis vítimas, con 47 persoas feridas e 9 falecidas. Trátase de datos moi preocupantes, máis se temos en conta que durante unha parte deste período a actividade cinexética estivo suspendida debido ao estado de alarma.

Esta situación dáse malia que a Xunta de Galiza, por medio da Secretaría Xeral para o Deporte e a Consellaría de Medio Ambiente financiaron con 269.000 euros a Federación Galega de Caza entre 2016 e 2020, mediante convenios que tiñan como finalidade, entre outras, a organización de actividades formativas e campañas sobre seguridade.

Por outra parte, a Lei Galega de Caza de 2013 carece de desenvolvemento normativo, de maneira que segue en vigor o regulamento do ano 2001, claramente desfasado xa que permite a actividade da caza a unha distancia superior a 100 m de vivendas, recintos deportivos e zonas recreativas e de acampada; de 250 m con respecto a lugares onde se produzan concentración de persoas ou de gando. O citado regulamento





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tamén indica que “nos carreiros e camiños rurais pouco transitados, destinados ó paso a pé e ó uso agrícola ou forestal, poderase cazar, sempre que as condicións de seguridade o permitan “, unha redacción excesivamente ambigua e permisiva.

Desde que entrou en vigor a Lei de caza no ano 2013, a Valedoría do Pobo instou ao goberno galego a modificar a norma para garantir a seguridade da veciñanza, especialmente no caso dos camiños rurais e de acceso ás vivendas. Pola súa parte, no ano 2015 a Consellaría de Medio Ambiente anunciou a entrada en vigor de xeito inminente do novo regulamento, que segundo a Xunta ía regular de maneira máis detallada o referente ás zonas de seguridade.

Por parte de diferentes entidades e colectivos profesionais tamén se fai fincapé na importancia de facer controis de alcoholemia e de substancias estupefacientes nas actividades cinexéticas, debido ao risco derivado de usar unha arma coas capacidades físicas e mentais alteradas.

Co inicio da tempada de caza prodúcese unha especie de privatización de moitos montes e espazos públicos, de maneira que se ven restrinxidas as actividades recreativas e de lecer. Isto é particularmente evidente no caso de rotas de sendeirismo e de actividade deportiva, que se ven restrinxidas ou limitadas pola concorrencia coas zonas de seguridade das actividades cinexéticas.

Recentemente producíronse incidentes no concello de Arteixo, con disparos a escasos metros de vivendas e nunha rota de sendeirismo e de BBT sinalizada, así como o abandono de cartuchos sen detonar, sen que a administración tome medidas para evitar estes desmáns.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que non se aprobou o regulamento de desenvolvemento da lei logo de 7 anos desde a súa aprobación?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 26/07/2021 12:30:12

Alexandra Fernández Gómez na data 26/07/2021 12:30:16

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 12:30:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a Estratexia galega de soidade non desexada e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta a día de hoxe, segundo os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), con 238.371 fogares unipersoais. Deles, 122.731 están formados por persoas maiores de 65 anos, a maioría mulleres (62,73%).

A soidade non desexada é na actualidade un dos maiores riscos para o deterioro das persoas e un factor determinante que favorece a aparición de situacións de dependencia, segundo advirte a Organización Mundial da Saúde (OMS).

En 2019 o Parlamento acordou, por unanimidade, instar a Xunta de Galiza a elaborar unha Estratexia para abordar esta realidade, a da soidade non desexada, e intervir de maneira integral sobre ela. Porén, até o momento e máis alá dos anuncios en medios de comunicación, esta non foi aprobada nin tampouco presentada na Cámara para que poida ser analizada e debatida polos grupos.

A crise sanitaria provocada pola Covid19 e especialmente o enorme impacto social que está a ter, afectou e afecta de maneira especial ás persoas maiores e máis aínda aquelas que viven. As medidas de distanciamento social, o peche de espazos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lecer e as limitacións impostas á mobilidade teñen un maior impacto emocional nelas que pode facer empeorar as súas condicións de vida.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos insistido moito ao longo destes meses na urxencia de deseñar un novo modelo de coidados que faga corresponsábel o conxunto da sociedade, que despregue unha rede de servizos públicos forte e garanta a mellor atención das persoas maiores e dependentes priorizando a permanencia destas nos seus fogares. Nese novo modelo de coidados a teleasistencia debe ser unha peza chave.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

. Cando vai aprobar a Xunta de Galiza a Estratexia de prevención, atención e abordaxe integral da soidade non desexada?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/07/2021 12:44:56

Iria Carreira Pazos na data 26/07/2021 12:45:06

María Montserrat Prado Cores na data 26/07/2021 12:45:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o grao de cobertura da teleasistencia en Galiza e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galiza para garantir o despregamento deste servizo no país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo recolle a memoria anual da Consellaría de Política Social correspondente a 2019 (últimos datos dispoñíbeis) en Galiza 8.212 persoas contan co servizo de teleasistencia básica das cales 349 contaban con algunhas melloras do servizo como detector de fume ou de gases. Doutra banda, 161 persoas usuarias das provincias de Ourense e Lugo dispoñían de Teleasistencia Plus.

O grao de cobertura deste servizo, fundamental para o acompañamento, apoio e atención das persoas maiores, especialmente aquelas que viven soas, é pírrico no noso país.

De facto, así o sinala o Foro económico de Galiza no informe Galiza 2040 : Dinámica demográfica e cambio de paradigma, que sitúa no 2,7 por cada 100 maiores de 65 anos o índice de cobertura deste servizo no noso país, case oito puntos por baixo da media do estado (10,41).

Este servizo, que en Galiza está xestionado a través da Cruz Vermella, constitúe un recurso fundamental para a atención das persoas dependentes. Porén, só acceden a el





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas cun grao de dependencia recoñecida e, en función del, a unhas ou outras características do mesmo.

Nos últimos meses escoitamos falar á Xunta de Galiza de maneira insistente da necesidade de estender a teleasistencia avanzada no noso país. Así as cousas, o certo é nos últimos doce anos o esforzo feito polo Partido Popular desde o Goberno galego para garantir o acceso a este recurso daquela poboación potencialmente usuaria foi mínimo por non dicir inexistente como evidencian os datos.

Para o Bloque Nacionalista Galego a teleasistencia é un servizo esencial que debe servir non só para intervir en casos de dependencia senón como ferramenta de prevención da mesma. Por suposto, non pode ser concibida polo un recurso illado senón que debe ser deseñado e despregado de maneira conxunta cos demais servizos do SAAD, especialmente os de atención a domicilio e outros de proximidade.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera aceptable a Xunta de Galiza o actual índice de cobertura da teleasistencia?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Iria Carreira Pazos
Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/07/2021 12:46:24

Iria Carreira Pazos na data 26/07/2021 12:46:28

Olalla Rodil Fernández na data 26/07/2021 12:46:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa aos informes transmitidos ao goberno do Estado por parte da Xunta de Galiza en relación ao cumprimento da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias no ensino.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estado español ratificou en 2001 a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias, un tratado internacional promovido polo Consello de Europa.

O último informe emitido polo Comité de Ministros do Consello de Europa advertiu graves deficiencias na política lingüística educativa da Xunta de Galiza que comprometen o progresivo avance da normalización do galego e, consecuentemente, o articulado da Lei de normalización lingüística.

Neste informe de decembro de 2019 o Comité de Ministros do Consello de Europa advertía máis unha vez da importante diminución do número de falantes e da progresiva quebra acentuada da transmisión do noso idioma propio e oficial de pais a fillos, unha transmisión natural que xa non está garantida, o que afecta de forma significativa ao mantemento da proporción de alumnado con coñecemento do galego cando se incorpora ao ensino.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, este informe do Consello de Europa afirmou que a presenza do galego é insuficiente no ensino, especialmente a nivel preescolar, para cuxa reversión propuxo eliminar as limitacións á docencia en galego que actualmente regula o Decreto 79/2010.

Recentemente o goberno do Estado fixo pública a súa resposta aos requirimentos do Consello de Europa a través do “Informe sobre las recomendaciones de acción inmediata formuladas por el Comité de Ministros del Consejo de Europa en su Resolución de 11 de diciembre de 2019 en relación a la aplicación de la Carta Europea de Lenguas Regionales y Minoritarias”.

Neste informe do Estado destácase que actualmente non hai limitacións ao ensino en galego en Galiza, como si verificou o Comité de Ministros, e que o éxito do modelo plurilingüe implantado desde 2010 está avalado por múltiples estudos e avaliacións.

A metodoloxía para a elaboración deste informe di asentarse na consulta ao goberno galego solicitando a súa colaboración para a redacción da resposta.

No entanto, da lectura do informe de resposta do Estado español tíranse algunhas inexactitudes a respecto da implantación do Decreto 79/2010 como que as dúas linguas oficiais reparten a docencia en porcentaxes iguais ou que non existen limitacións ao ensino do galego.

Por outra banda, xustifícanse estas afirmacións nos datos positivos expostos por múltiples estudos científicos.

No BNG reiteradamente demandamos ao goberno que fixese públicos os resultados da avaliación anual a que obriga, con carácter anual, a Disposición adicional quinta do mencionado decreto, despois de finalizar cada curso, co obxectivo de “desenvolver cantas disposicións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

plurilingüe e á plena aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias”.
Mais o PP nunca chegou ningunha avaliación de contraste.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Remitiulle a Xunta de Galiza, a petición do goberno do Estado, algunha avaliación propia dos resultados da aplicación do Decreto 79/2010 do plurilingüismo no ensino desde a súa implantación en 2010 para a redacción do informe de resposta requirido polo Consello de Europa ?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 26/07/2021 12:47:54

Daniel Castro García na data 26/07/2021 12:48:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/07/2021 12:48:12



Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre inmatriculacións da Igrexa católica .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Igrexa católica ben gozando desde 1946 dun privilexio franquista que lle permitiu inscribir miles de bens sen ter que acreditar a propiedade dos mesmos, xa que a Lei hipotecaria e o regulamento que a desenvolveu posibilitaron que os representantes eclesiásticos actuasen como fedatarios públicos.

Aínda que a citada norma non permitía inscribir templos dedicados ao culto, por ser considerados bens de dominio público, a realidade é que moitos destes bens foron inmatriculados (inscritos por primeira vez no Rexistro da Propiedade) a nome da Igrexa entre 1946 e 1998. No ano 1998 o goberno do PP ampliou o privilexio franquista mediante unha modificación da Lei hipotecaria que lle permitía á Igrexa inscribir tamén lugares de culto como igrexas, mosteiros, ermidas, capelas, catedrais, etc. Como consecuencia desta norma, entre 1998 e 2015 (ano en que se suprimir esta prerrogativa) foron inscritos case 35.000 bens a nome da Igrexa católica, dos cales unha parte poderían ser bens privados, outros de propiedade das administracións e outros de dominio público.

No ano 2017 foi aprobada unha proposición non de lei no Congreso na que se demandaba ao goberno do Estado a elaboración dun informe con todas as





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inmatriculacións realizadas entre 1998 e 2015, así como “reclamar a titularidade do dominio se a devandita inmatriculación se fixo sen a necesaria existencia dun título material e previo”, isto é, sen que existise algún documento que demostrase a propiedade.

Por outra parte, no ano 2018 unha Comisión de Persoas Expertas creada para determinar a titularidade da Mezquita de Córdoba recomendou anular as inmatriculacións mediante un recurso ao Tribunal Constitucional.

Resulta tamén de interese salientar o litixio gañado pola veciñanza de San Xurxo de Sacos (Cerdedo-Cotobade) contra o arcebispado de Santiago, logo de que a Igrexa inmatriculase irregularmente a carballeira de San Xusto e o monte de Lixó. Neste asunto houbo ate tres sentenzas favorábeis á veciñanza: en 1991 a do xulgado nº 3 de Pontevedra; en 1992 da sección 2ª da Audiencia Provincial; e en 1996 o da sala do civil do Tribunal Supremo.

Malia que o goberno do Estado contaba desde agosto de 2018 coa listaxe das inmatriculacións realizadas desde 1998, tardou máis de dous anos e medio en facelas públicas. Unha vez que se veñen de dar a coñecer os 34.984 bens rexistrados, chaman a atención varios feitos en relación con Galiza:

- A alta porcentaxe de inmatriculacións rexistradas en Galiza, 7.131, que supoñen máis do 20 por cento do total.

- A menor proporción de edificios dedicados ao culto e edificacións anexas (2.747), fronte a diferentes propiedades urbanas e rústicas como solares, garaxes, pisos, carballeiras ou campos da festa (4.384).





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A escasa información sobre moitos destes bens, sobre todo no caso de terreos rústicos, que aparece na listaxe que se fixo pública.

Tendo en conta os privilexios concedidos polo Estado á Igrexa católica desde 1946 para o primeiro rexistro sen a necesidade de acreditar a propiedade, considerando o elevado número de bens inscritos e a posibilidade de que se producisen inmatriculacións de bens de dominio público ou que poderían ter outros titulares, tanto o goberno central como a Xunta de Galiza deberían promover unha investigación ao respecto e dispoñer os medios para anular as inmatriculacións irregulares e restituir os bens aos seus lexítimos propietarios.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Unha vez coñecida a listaxe das inmatriculacións realizadas pola Igrexa católica ao abeiro da lei hipotecaria, que accións prevé levar a cabo o Goberno galego para a anulación da inmatriculación de bens de dominio público e doutros bens rexistrados irregularmente?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 12:53:12

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/07/2021 12:53:23

Iria Carreira Pazos na data 26/07/2021 12:53:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á demanda dun plan estratéxico para o porto da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O porto da Coruña está inmerso nunha regresión económica continuada sen precedentes durante a última década.

Algúns dos factores que explican o desolador balance son: a acusada diminución de tráfico sen excepción, o abandono do importante tráfico de contedores, dependencia das descargas de petróleo e carbón, así como a aposta polo tráfico de cruceiros xunto á ausencia de diversificación e captación de novos mercados (como si fixeron portos próximos como Vigo, Ferrol ou Leixoes).

Razóns que constatan a redución da participación do porto da Coruña no conxunto dos portos do Estado; mentres que os tráfico portuarios coruñeses decrecen nun -11,5%, en España aumentan nun +20,7%.

Unha situación que denota a falta de capacidade de atracción para un porto que está en condicións de continuar a ser un importante motor económico para a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cidade a comarca se atende a unha xestión diferente que atenda as necesidades actuais e de futuro, corrixindo os erros do plan de actuación que o trouxeron até aquí.

O porto da Coruña, como porto de interese do Estado, require un plan estratéxico que contribúa a se recuperar como un emprazamento óptimo para acoller unha ampla diversidade de escalas e tráfico comercial nacional e internacional.

Neste sentido, urxe recuperar o índice de conectividade do porto da Coruña con outros recintos para dinamizar os tráfico, nomeadamente o emerxente de contedores, captar novos fluxos de mercadorías, ser base de operacións e facilitar a súa dimensión internacional.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Comprométese o goberno galego a demandar, desde a súa representación no Consello de administración da Autoridade Portuaria da Coruña, un plan estratéxico de impulso e dinamización económica do porto da Coruña?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 26/07/2021 12:55:39

Rosana Pérez Fernández na data 26/07/2021 12:55:48

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 12:55:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** en demanda da creación dun Observatorio do Baile e a Música Tradicional Galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de illamento social e inestabilidade económica provocada pola pandemia do COVID-19 está tendo como consecuencia unha gran crise xeralizada no ámbito da cultura do noso país, que afecta de desigual maneira aos diversos sectores culturais galegos, segundo sexa a súa actividade profesional.

Un dos colectivos máis afectados, pola súa pouca visibilidade profesional, é o dos traballadores e traballadoras da música e o baile tradicional, imprescindible sostén do proxecto vivo de actividades culturais xeradas desde o asociacionismo de base e pezas fundamentais no entramado socioeconómico do sector cultural galego.

A docencia da música e do baile da nosa tradición representa un motor indispensable sen o cal o sector profesionalizado da cultura sería moito menor.

A situación deste sector estudouse no Libro branco do ensino na música tradicional en Galiza (2006).

Neste traballo recolléronse datos dunha actividade con pouca visualización social pero cun inmenso potencial socioeconómico no sector cultural. O documento, o





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

primeiro deste tipo, contabilizou máis de 20.000 estudantes e case 1.400 actividades estudadas, así como 640 profesores entrevistados en case 700 centros de ensino e en preto de 250 concellos; todos eles relacionados coa transmisión do baile e música tradicional.

Realizando unha estimación e adaptándoa ao total de actividades recollidas, o orzamento anual de todas as clases de música tradicional galega situábase en torno a 3 ou 3,5 millóns de euros, dos cales arredor dun 39% eran achegados por subvencións da administración pública, sendo o resto costeado por cotas, actividades e rendemento escénico do aprendido polo alumnado das asociacións.

Unhas cifras que, malia non volveren se recollidas por escrito de forma tan exhaustiva, é sabido que medraron nos últimos anos pola alta incidencia social e cultural que vertebra o mundo asociativo no noso país.

Mais este sector profesional da cultura tradicional caracterízase pola diversidade de profesorado, parte do cal non se atopa nunha situación de traballo regulado ao traballaren de forma puntual para as asociacións culturais.

Trátase, pois, dun sector con grandes debilidades dentro do entramado socioeconómico da cultura galega, e aínda máis na situación condicionada pola pandemia actual, que cómpre analizar con rigor para atendela de forma eficaz e eficiente ad futurum.

De feito, o descoñecemento desta realidade cultural foi explícita por parte do propio goberno galego ao non ser contemplada no Plan de Reactivación para os sectores cultural e turístico proposto pola Xunta de Galiza en 2020.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Comprométese a Xunta a atender no inmediato a demanda do sector da música e danza tradicional de actualizar o Libro branco do ensino na música tradicional en Galiza para apoiar e reforzar a transmisión da música e do baile tradicional galego?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 26/07/2021 12:57:05

Daniel Castro García na data 26/07/2021 12:57:15

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/07/2021 12:57:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** en demanda de actuacións urxentes de recuperación do movemento asociativo cultural galego dedicado á promoción e difusión da música e baile de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de illamento social e inestabilidade económica provocada pola pandemia do COVID-19 está tendo como consecuencia unha gran crise xeralizada no ámbito da cultura do noso país.

A realidade profesional dos sectores culturais galegos é moi diversa, o que xustifica diferentes niveis de afectación da crise derivada da covid, así como tamén o seu encaixe nas convocatorias de axudas publicadas até o momento por parte da Xunta de Galiza.

Os traballadores e traballadoras do sector da música e o baile tradicional teñen chamado a atención pola situación que está a vivir desde o comezo da pandemia o proxecto vivo de actividades culturais xeradas desde o asociacionismo de base, dedicadas en boa parte á promoción e difusión da música e baile de Galiza, peza fundamental no entramado socioeconómico do sector cultural galego.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes colectivos agrupan a máis de 10.000 asociados/as, compoñentes, traballadores/as e alumnos/as que pertencen ou desenvolven o seu traballo en asociacións ou entidades que ofertan innumerábeis actividades como clases, concertos, espectáculos, festivais, foliadas, seráns, feiras de artesáns, etc., que axudan á conservación e transmisión da nosa identidade e do noso patrimonio cultural inmaterial e que están completamente paralizadas a día de hoxe. Queremos facer fincapé en que a paralización da actividade está a supoñer importantes perdas

Entre estas particularidades atópase a diversidade de profesorado, parte do cal non se atopa nunha situación de traballo regulado ao traballaren de forma puntual para as asociacións culturais. É por isto que é importante ter unhas medidas específicas para o sector, diferente neste aspecto da cultura comunmente chamada profesional, para os que a paralización da actividade no seo das asociacións culturais, folclóricas e escolas de música e baile tradicional, vai supoñer un parón na actividade económica moi considerable que dificilmente poderá recuperar a súa normalidade sen axuda económica da administración e de toda a sociedade galega.

A situación deste sector estudouse no Libro branco do ensino na música tradicional en Galiza (2006) editado pola Fundación Sordeseu, no que participou e colaborou a AGG. Neste traballo recolléronse datos dunha actividade con pouca visualización social pero cun tremendo potencial socioeconómico no sector cultural. O documento, o primeiro deste tipo, contabilizou máis de 20.000 estudantes e case 1.400 actividades estudadas, así como 640 profesores entrevistados en case 700 centros de ensino e en preto de 250 concellos; todos eles relacionados coa transmisión do baile e música tradicional. Realizando unha estimación e adaptándoa ao total de actividades recollidas, o orzamento anual de todas as clases de música tradicional galega situábase en torno a 3 ou 3,5 millóns de euros, dos cales arredor dun 39% eran aportados por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

subvencións da administración pública; sendo o resto costeado por cotas, actividades e rendemento escénico do aprendido polo alumnado das asociacións.

Unhas cifras que, malia non volveren se recollidas por escrito de forma tan exhaustiva, é sabido que medraron nos últimos anos pola alta incidencia social e cultural que vertebra o mundo asociativo no noso país.

A música e o baile da nosa tradición, dinamizada a través destas asociacións culturais, representa un motor indispensable sen o cal o sector profesionalizado da cultura sería moito menor.

Porén, trátase dun sector con grandes debilidades dentro do entramado socioeconómico da cultura galega, e aínda máis na situación actual.

As asociacións paralizaron a actividade presencial, tanto aulas regulares como actividades esporádicas, as actividades remuneradas coas que as completan os seus fondos destinados a cubrir gastos fixos e salarios de mestres tamén están canceladas ou adiadas, o que provoca que gran parte das asociacións cancelasen os salarios do seu profesorado, deixando estes nunha situación de desamparo.

A paralización da actividade das asociacións culturais supón unha crise a nivel económico, social e cultural de consecuencias nefastas e até o momento inimaxinables, nun sector cultural que é salvagarda do patrimonio cultural inmaterial.

Unha situación que non foi en absoluto contemplada no Plan de Reactivación para os Sectores Cultural e Turístico proposto pola Xunta de Galicia en 2020.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas urxentes compromete o Goberno galego para o sector do asociacionismo cultural centrado na difusión e aprendizaxe da música e baile tradicional galego?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/07/2021 12:58:43

Daniel Castro García na data 26/07/2021 12:58:46

Mercedes Queixas Zas na data 26/07/2021 12:58:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da cultura na cidade Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada ano a Fundación Contemporánea elabora un informe sobre cal é a situación do mapa cultural do Estado español, baseándose para iso en estudos independentes e un amplo panel de expertos. O informe elaborado para o ano 2019 mostra, igual que xa se recollía en informes anteriores, que Vigo non ten ningunha institución ou acontecemento cultural entre os principais do Estado e nin tan sequera entre os principais de Galiza.

Esta situación contrasta cos datos do informe do ano 2009- o primeiro ano en que se realizou o estudo por parte desta fundación- e no que a cidade de Vigo aparecía no posto 12 de 25 a nivel Estatal en cuanto á súa oferta cultural. É a partir do ano 2012 cando esta cidade foi perdendo peso sistematicamente neste ránking estatal, ate o punto de que no recente informe, a cidade de Vigo sitúase no posto número 33 das cidades que destacan pola calidade e innovación da súa oferta cultural.

O máis preocupante é que esta perda de peso tamén se produce respecto do panorama galego. Resulta realmente alarmante que a cidade máis poboada e unha das máis dinámicas do país non coloque ningunha institución nin acontecemento cultural





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

entre os quince máis destacados do país. Hai que remontarse ate o 2017 para atopar o MARCO incluído nesta lista no posto nº7.

Esta avaliación negativa da situación cultural que se viven en Vigo non se restrinxen a este tipo de informes senón que é unha opinión estendida, tanto entre os traballadores e traballadoras da cultura, como na cidadanía en xeral. Sen dúbida a actual situación da pandemia empeorou a precaria situación da cultura, mais é unha dinámica que se vén arrastrando dende hai tempo, polo que require unha seria reflexión e mudanzas profundas que atendan ao contexto actual mais tamén ás debilidades estruturais.

Para alén das responsabilidades que atinxen ao Concello de Vigo, a Xunta é tamén parte responsable desta situación polas competencias que ostenta.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai a Xunta do informe elaborado pola Fundación Contemporánea en cuanto aos datos relativos á cidade de Vigo?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
Carme González Iglesias
Mercedes Queixas Zas
Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 26/07/2021 13:00:36

María do Carme González Iglesias na data 26/07/2021 13:00:40

Alexandra Fernández Gómez na data 26/07/2021 13:00:46





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da cultura na cidade Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada ano a Fundación Contemporánea elabora un informe sobre cal é a situación do mapa cultural do Estado español, baseándose para iso en estudos independentes e un amplo panel de expertos. O informe elaborado para o ano 2019 mostra, igual que xa se recollía en informes anteriores, que Vigo non ten ningunha institución ou acontecemento cultural entre os principais do Estado e nin tan sequera entre os principais de Galiza.

Esta situación contrasta cos datos do informe do ano 2009- o primeiro ano en que se realizou o estudo por parte desta fundación- e no que a cidade de Vigo aparecía no posto 12 de 25 a nivel Estatal en cuanto á súa oferta cultural. É a partir do ano 2012 cando esta cidade foi perdendo peso sistematicamente neste ránking estatal, ate o punto de que no recente informe, a cidade de Vigo sitúase no posto número 33 das cidades que destacan pola calidade e innovación da súa oferta cultural.

O máis preocupante é que esta perda de peso tamén se produce respecto do panorama galego. Resulta realmente alarmante que a cidade máis poboada e unha das máis dinámicas do país non coloque ningunha institución nin acontecemento cultural





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

entre os quince máis destacados do país. Hai que remontarse ate o 2017 para atopar o MARCO incluído nesta lista no posto nº7.

Esta avaliación negativa da situación cultural que se viven en Vigo non se restrinxen a este tipo de informes senón que é unha opinión estendida, tanto entre os traballadores e traballadoras da cultura, como na cidadanía en xeral. Sen dúbida a actual situación da pandemia empeorou a precaria situación da cultura, mais é unha dinámica que se vén arrastrando dende hai tempo, polo que require unha seria reflexión e mudanzas profundas que atendan ao contexto actual mais tamén ás debilidades estruturais.

Para alén das responsabilidades que atinxen ao Concello de Vigo, a Xunta é tamén parte responsable desta situación polas competencias que ostenta.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza impulsar ou colaborar na elaboración dun Plan Estratéxico Cultural de Vigo?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
Carme González Iglesias
Mercedes Queixas Zas
Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 26/07/2021 13:01:02

María do Carme González Iglesias na data 26/07/2021 13:01:05

Mercedes Queixas Zas na data 26/07/2021 13:01:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas que debe impulsar o Goberno galego para corrixir a situación de colapso do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Rexistro Único de Demandantes de Vivenda resulta un excelente indicador, entre outras cuestións, para coñecer a situación da demanda de vivenda pública e para saber cal é a capacidade e o grao de resposta das políticas e dos plans de vivenda públicos.

Cando en febreiro de 2015 o Consello da Xunta aproba o Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, no documento elaborado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Instituto Galego de Vivenda e Solo recóllese, precisamente, como un dos cinco problemas principais o elevado número de persoas que se atopaban inscritas no Rexistro Único de Demandantes. Este informe alerta de que a finais de 2014, no momento de elaboración do plan, hai máis de 15.000 persoas inscritas, unha cifra que tan só recolle a cantidade de unidades familiares e que, por tanto, o número de persoas reais que agardan por vivenda pública ascende en torno ás 50.000.

Esta elevada cifra provoca unha situación de colapso, pois son moitas as familias que a pesar de cumpriren coas condicións esixidas nas bases reguladoras de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

adxudicación, e de estaren inscritas neste Rexistro, non chegan a acceder nunca a estas vivendas. É practicamente unha lotaría optar a esta vivenda, en lugar dun dereito garantido.

O Plan de Vivenda de 2015, mencionado anteriormente, fíxase como obxectivo dar resposta a este elevado número de demandantes, que ben polos seus baixos ingresos ou ben pola súa incapacidade de aforro, non poden acceder á vivenda libre. Para iso, propón impulsar distintos programas como aumentar o número da vivendas protexidas, facilitar o acceso ao financiamento ou un programa de axudas que posibiliten o acceso en aluguer con rendas asumibles.

Pasados os cinco anos de aplicación e vixencia do Plan Rehavita, o número de inscritos no Rexistro de Demandantes de Vivenda continúa asentado na mesma cifra, no entorno dos 15.000 demandantes. Por tanto, tras cinco anos de políticas, supostamente orientadas a dar resposta ao “colapso” do Rexistro de Demandantes, a situación segue sendo de bloqueo.

Parece lóxico e necesario, neste momento no que se está perfilando un novo plan de vivenda por parte do Goberno galego, que se faga unha avaliación dos motivos polos que fracasaron as políticas programadas e corrixir ou deseñar novas políticas que consigan dar resposta ao elevado número de demandantes de vivenda.

Unha das razóns polas que o anterior Plan era insuficiente é a falta de indicadores e obxectivos cuantificables. No relativo ao Rexistro Único de Demandantes de Vivenda o anterior plan de vivenda marcábase como obxectivo a redución de demandantes, pero sen concretar unha cifra concreta. Así, o conxunto do Plan aseméllase máis a un documento xeral e abstracto do que a unha guía concreta e mesurable das políticas de vivenda da Xunta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Co obxectivo de corrixir todas estas carencias, dende o BNG entendemos que é fundamental establecer os seguintes pasos: en primeiro lugar, avaliar o nivel de colapso do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda e os seus motivos; en segundo lugar, elaborar un plan e medidas específicas orientadas a resolver esta situación, fixando obxectivos concretos.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a avaliación que fai o Goberno galego da actual situación de colapso do Rexistro Único de Demandantes de vivenda e que medidas vai tomar para corrixir esta situación?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 26/07/2021 13:02:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 13:02:53



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Martín Seco García, Luís Manuel Álvarez Martínez e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No termo municipal de Cerdedo-Cotobade, estase a tramitar o proxecto de execución do parque eólico de Campo das Rosas, que neste momento se atopa en fase de alegacións.

Este proxecto ten por obxecto a construción de 3 aeroxeneradores neste concello e adicionalmente 5 máis nos termos municipais de Campolameiro e A Estrada, cunha potencia de 3,45 MW cada un deles.

Estes aeroxeneradores estarán situados nos lugares de Monte Agudo, Outeiro de Reconto, Outeiro Longo, Alto do Cabeirín e Campoverde, conectados entre sí a través de 2 liñas soterradas que confluirán nunha subestación eléctrica situada na parroquia de Quireza.

A maiores disto se proxectarán accesos e viais cara estes parques, así como camiños interiores entre eles. Polo que calcúlase que o espazo poligonal que ocupara este parque será de 8 km de lonxitude por 3 quilómetros de ancho.

Neste momento atópase o proxecto en fase de alegacións e existe unha preocupación por parte da veciñanza derivada do descoñecemento e da falla de información tanto por parte do goberno municipal como por parte da Xunta de Galicia.

Dende o partido socialista apostamos polas enerxías renovables pero sempre que se produza un equilibrio entre a instalación das mesmas e o respecto a singularidade do noso territorio, ao medio ambiente e a calidade de vida da veciñanza.

Polo que amosamos a nosa preocupación polo que entendemos esta a ser un novo caso de fraccionamiento dun parque eólico, co fin de evitar determinadas esixencias medioambientais.



Por outra banda algúns deste aeroxeneradores atópanse moi preto de núcleos de poboación co problema que isto supón para a veciñanza; afectan a unha zona de Petróglifos situados no entorno; produce afeccións aos cursos de auga, en concreto, a pista de acceso afectaría seriamente a polo menos 10 regatos afluentes do Río Quireza, un dos principais tributarios do Lérez.

Sen esquecermos do impacto sobre o patrimonio cultural inmaterial e natural, en concreto sobre a tradición da Rapa das Bestas de Sabucedo, xa que neste monte de Quireza é onde viven estes animais e baixan o día da celebración.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que dende o Goberno da Xunta de Galicia non se actuou con transparencia e se informou á veciñanza afectada polo futuro parque eólico Campo das Rosas sobre as características deste proxecto e como vai afectar aos mesmos?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Martín Seco García
Luís Manuel Álvarez Martínez
Leticia Gallego Sanromán
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2021 12:50:42

Martín Seco García na data 26/07/2021 12:50:50

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/07/2021 12:51:03

María Leticia Gallego Sanromán na data 26/07/2021 12:51:11



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O acordo do 15 de setembro de 2005, polo que se aprobaba o Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais, regula expresamente no seu artigo 59.5 que o Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar, en atención ao volume de asuntos penais tramitados, á poboación correspondente ao territorio do partido xudicial e ás características da súa organización xudicial, a proposta da Xunta de Xuíces e da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondentes, previo informe do Ministerio de Xustiza e, no seu caso, da Comunidade Autónoma con competencia na materia, a extensión do réxime de gardas de 24 horas a un ou varios partidos xudiciais con 8 ou máis xulgados de instrución.

O propio Consello Xeral do Poder Xudicial ten emitido informe favorable á prestación do servizo 24 horas de garda nas cidades de Murcia, Granada, Las Palmas ou, no pasado mes de marzo, Córdoba (con 342.806 habitantes en 2018, tendo A Coruña, 378.467 e Vigo, 337.735).

De feito, os únicos partidos xudiciais en España con máis de 8 xulgados de instrución pero sen gardas de 24 horas son os de A Coruña e Vigo.

No ano 2019 os xuíces de instrución de ambas cidades elevaron ao TSXG a petición de modificación das gardas actuais semanais por gardas de 24 horas con quenda rotatorio diario.

A sala de Goberno do TSXG deu o seu visto bo e cursou a solicitude ao CXPX.

Onte o Consello Xeral do Poder Xudicial emitiu un informe no que avala esta solicitude e o Ministerio de Xustiza na mesma liña reconece que isto melloraría a calidade do servizo cara a cidadanía e que está disposto a asumir o coste das novas quendas.

Polo que a pelota queda en mans da Xunta de Galicia para que asuma a parte que lle corresponde do coste deste novo servizo.



Dende o Grupo Parlamentario Socialista sempre defendemos que unha xustiza máis áxil garante o acceso á tutela xudicial efectiva, e esta modificación vai contribuír a acadar unha maior eficiencia no funcionamento destes xulgados e nas respostas á cidadanía.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno da Xunta de Galicia que unha xustiza máis áxil garante o acceso ao dereito fundamental á tutela xudicial efectiva?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2021 12:54:23

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2021 12:54:29



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Xulgado de garda da Coruña, situado no soto do edificio dos xulgados de Instrución da Coruña, sitos na rúa Capitán Juan Varela, presenta numerosas deficiencias que provocan que non se cumpra nin de lonxe a garantías que a lei prevé tanto para os traballadores como para as vítimas de delitos.

Así, facendo unha enumeración destas carencias, destacamos as seguintes:

- Este xulgado carece de sala de agarda para as vítimas de delitos, no seu defecto hai na entrada uns bancos para facer a espera.
- Non existen servizos públicos, polo que os usuarios, en caso de necesidade, teñen que usar os servizos privados dos e das funcionarias.
- Non conta este xulgado con sala de vistas, tendo que celebrarse as mesmas nas salas dos xulgados de Instrución sitas na 3ª planta.
- Non conta o edificio con prazas de aparcamento para os funcionarios que prestan o servizo de garda.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a Xunta de Galicia como administración competente ten que facer o investimento necesario para que este xulgado poda cumprir os requisitos mínimos para dar un tratamento de calidade e digno a tódolos/as usuarios/as, así como garantir que o espazo de traballo dos profesionais traballadores da administración de xustiza é axeitado para desempeñar a súa función.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cree o Goberno da Xunta de Galicia que o Xulgado de garda da Coruña cumpre os requisitos para garantir a súa seguridade, privacidade e dignidade?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2021 12:57:31

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2021 12:57:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a oferta dos máster de profesorado no Sistema Universitario Galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica de Educación do 3 maio de 2006 establece nos seus artigos 94,95,96 a obrigatoriedade de estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica para poder exercer a docencia na educación secundaria, no bacharelato, na formación profesional e nas ensinanzas de idiomas.

Así mesmo, o 8 de novembro do ano 2008 publicábase o real decreto 1834/2008 polo que se definían as condicións de formación para o exercicio da docencia no ensino obrigatorio, no bacharelato, na FP e nas ensinanzas de réxime especial. Neste real decreto, que foi modificado polo real decreto 665/2015 nalgunha das súas disposicións, establecíase no artigo 9, relativo á formación pedagóxica e didáctica do profesorado, o seguinte ” Para exercer a docencia na educación secundaria obrigatoria, no bacharelato, na formación profesional e na ensinanza ensinanza de idiomas, será necesario estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica”

Da mesma maneira a Consellaría de Educación, Universidade e formación profesional na orde do 24 de febreiro de 2020 pola que se convocan procedementos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

selectivos ao corpo de profesores, no artigo 2.3.1 apartado b establecía como requirimento indispensable para participar nos procesos selectivos o seguinte:

“Posuír a formación pedagóxica e didáctica á que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Con carácter xeral, reunirá este requisito quen posúa o título oficial de máster universitario que habilite para o exercicio das profesións de profesor de ensinanza secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional ou escolas oficiais de idiomas. A especialidade que conste no citado título facultará para a presentación do persoal aspirante en calquera especialidade.”

É polo tanto evidente que segundo o establecido na lexislación educativa, a formación pedagóxica e didáctica do profesorado é un requisito básico e obrigatorio para o profesorado poder exercer as súas funcións no ensino galego.

Mais a pesar de ser a formación pedagóxica e didáctica conditio sine qua non no acceso á función docente e mesmo, en moitas titulacións, ser esta saída practicamente a única alternativa laboral para o estudantado desas carreiras, o sistema universitario galego mantén dende hai anos unha oferta educativa tan cativa e insuficiente nos máster de acreditación de formación didáctica e pedagóxica que obriga ao alumnado a teren que se desprazar fóra do país e a matricularse en universidades privadas para poder exercer a docencia en Galiza.

Hoxe por hoxe, a oferta educativa do master de profesorado nas universidades galegas é dun total de 765 prazas para todas as especialidades que se distribúen do seguinte xeito nas diferente cidades: 200 en Compostela, 80 en Lugo, 180 en Vigo, 48 en Pontevedra, 52 en Ourense e 225 na Coruña.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así pois, esta raquítica oferta educativa que expulsa do sistema educativo galego a centos de alumnas e alumnos amosa a súa absoluta insuficiencia cando estes datos dos mestrados se poñen en relación coa demanda de prazas dos aspirantes, ou mesmo coas prazas de ensino ofertadas neste ano. No ano 2020 a Xunta ofertou un total de 1174 prazas para 765 prazas de máster do profesorado. Con esta oferta fica de manifesto que por cada 17 prazas que saca a concurso-oposición a Consellaría tan só hai 11 de mestrado. Ou dito doutro xeito, por cada 100 prazas de oposición tan só hai 65 de mestrado.

Pero alén dos datos relativos, non podemos tampouco obviar que debaixo desta media agóchanse realidades de titulacións que teñen como saída prioritaria a docencia e na que a oferta de prazas dos máster é de apenas 35 prazas en todo o país; cando a demanda de cada promoción duplica mesmo as prazas ofertadas.

Dende o BNG entendemos que esta raquítica oferta de prazas supón unha anomalía intolerábel no ensino público galego. Unha eiva na formación dos nosos profesores que obriga en tantas ocasións ás nosas mozas e mozas a teren que cursar o seus estudos fóra, en Universidades privadas,as máis das veces, e cuns custes económicos ao que moitas familias simplemente non poden facer fronte.

Pero ademais, supón tamén un contrasentido pedagóxico e educativo, o feito de que a Xunta de Galiza obrigue a formarse en sistemas universitarios de fóra a profesorado que aspira a exercer o seu labor docente no noso país. Un contrasentido que rompe coas correntes didácticas e pedagóxicas modernas e que descontextualizada o proxecto educativo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar o Goberno galego para garantir unha oferta de prazas nos máster de profesorado adaptada á demanda real do noso país que evite que o alumnado teña que saír fóra de Galiza a cursar estes estudos en universidades privadas?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/07/2021 13:12:01

Daniel Castro García na data 26/07/2021 13:12:11

Mercedes Queixas Zas na data 26/07/2021 13:12:20



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A implantación de escolas infantís nos centros de traballo, xera moitísimas vantaxes, e constitúe unha medida positiva cara á conciliación, e que derivan, entre outras cuestións, nunha redución do absentismo, un aumento da motivación e da produtividade, a mellora da planificación, a diminución da ansiedade, a mellora da comunicación, o aumento da calidade e tempo de descanso, etc.

A Consellería de Política Social ten convocado axudas para promover a construción de escolas infantís en polígonos industriais, condicionadas ao cumprimento dunhas determinadas condicións mínimas.

Pero polo contrario, a Xunta de Galicia conta con escasos espazos dedicados a escolas infantís nos seus propios centros de traballo máis importantes.

Cabe mencionar nomeadamente que o Complexo de San Caetano non conta con tales servizos, pese ao numeroso persoal que presta o seu traballo nestas dependencias na capital da nosa comunidade, o que contrasta con outros centros da propia Administración autonómica que cun menor número de persoal contan con tales servizos.

A Axencia Galega de Servizos Sociais convoca anualmente un procedemento de adjudicación de prazas para fillos e fillas do persoal da Xunta de Galicia, pero como pode comprobarse, unicamente os complexos administrativos autonómicos de Vigo e Pontevedra están dotados de escolas infantís nas súas propias dependencias, pero non acontece o mesmo no resto, nos casos que recolle a resolución das cidades de Santiago, A Coruña, Ferrol, Lugo e Ourense.

A Xunta de Galicia ten que dar exemplo a moitas empresas privadas e implantar os servizos de escolas infantís nos seus propios centros de traballo máis importantes, cuestión que debe contar coa participación e colaboración das organizacións sindicais máis representativas, e na que se incluíría unha previsión sobre os tempos concretos e investimentos necesarios cara á súa efectiva implantación, que debe facerse efectiva neste mandato.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Comparte o Goberno galego que a implantación de escolas infantís nos centros de traballo, xera moitísimas vantaxes?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Marina Ortega Otero
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2021 13:11:44

Marina Ortega Otero na data 26/07/2021 13:11:52

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2021 13:12:00



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Segundo a ONG “Greenpeace”, os plásticos representan o 80 % do total dos residuos mariños.

Calcúlase que cada ano 8 millóns de toneladas de plástico chegan a mares e océanos, polo que o Foro Económico Mundial informa que en 2050 no mar haberá máis plásticos que peixes.

Galicia en absoluto se libra. A cantidade de micro e macroplásticos na auga segue perigosamente en aumento, persoas investigadoras da Universidade de Vigo, alertan dunha moi alta presenza de plásticos nas nosas augas, tanto dentro como fora das nosas rías.

Os principais prexudicados polos plásticos no mar son os ecosistemas mariños e, por extensión, a pesca, que supón un 2,1 % do PIB galego e un 3,2 % do emprego.

O 10 de xullo de 2019, o Pleno do Parlamento aprobaba por unanimidade unha proposición non de lei deste grupo parlamentario instando a Xunta de Galicia á adopción de medidas inmediatas para reducir a presenza de residuos mariños nas praias e fondos mariños de Galicia, recuperando así a biodiversidade e os ecosistemas mariños.

Meses despois, aprobouse tamén por unanimidade na Comisión de Medio Ambiente do Parlamento de Galicia, outra iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista, na que se instaba ao goberno da Xunta de Galicia a desenvolver campañas de información e sensibilización para a recollida de residuos, ademais de organizar un plan específico para a reciclaxe de tódolos obxectos recollidos, xa sexan redes, cordas, plásticos, latas ou outros refugallos, facendo partícipes aos mariñeiros e xente do mar.



Pedíase que o Goberno reservara unha partida orzamentaria destinada ao pago pola recollida de lixo mariño e as accións de sensibilización e reciclaxe.

A día de hoxe non temos constancia de ningún programa ou actuación por parte da Xunta de Galicia, si en cambio moitas iniciativas de carácter local como na flota do peirao de Marín, os arrastreiros e a baixura de A Coruña, as embarcacións que amarran en Vigo, os barcos de Cambados...

Dunha ou outra forma, os pescadores galegos xa tomaron conciencia da necesidade de pescar lixo, agora tócalle ao Goberno autonómico, tomar esta iniciativa.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten a Xunta de Galicia desenvolto algún tipo de programa específico ou actuación concreta, para recollida e recuperación de residuos mariños?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2021 13:01:19

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2021 13:01:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/07/2021 13:01:35





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2021 13:13:10
Nº Rexistro: 19424
Data envío: 26/07/2021 13:13:10.200

Patricia Otero Rodríguez na data 26/07/2021 13:01:43

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG5p1sK30653
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou no ano 2011 a tramitación dun proxecto para a rexeneración dos bancos marisqueiros da ría de Pontevedra, e o dragado do río Lérez, nun treito de 4-5 quilómetros entre o club naval e os Praceres, no que estaba previsto retirar aproximadamente 300.000 toneladas de lamas e outros sedimentos.

Despois de 9 anos de tramitación, este proxecto converteuse máis nunha promesa electoral do señor Feijóo cada 4 anos, que nunha realidade.

Este abandono da nosa ría, está a provocar graves consecuencias para o sector do mar xa que impide a rexeneración e a recuperación dos bancos marisqueiros do fondo da ría, prexudicando especialmente ao sector do marisqueo a flote que viu moi mermada nos últimos anos a súa actividade e ingresos.

Así como tamén a navegación deportiva e a actividade do Náutico debido a colmatación na desembocadura e na canle de navegación do río e do porto deportivo.

A pesar deste prexuízo para a cidade de Pontevedra, e de ser prometido en numerosas ocasións polo presidente da Xunta de Galicia, tras 11 anos de espera, os fondos mariños do noso río seguen a acumular sedimentos ata o punto de poder case cruzalo a pé, cando está a marea baixa.

Portos de Galicia ata fai uns días seguía a xustificar este retraso na complexidade da tramitación administrativa.

Pero esta semana aproveitou un informe relativo á acumulación de sedimentos procedentes do dragado do porto de carril, para botar a culpa de súa ineptitude ao Goberno de España, manipulando o contido do informe emitido polo MITECO.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entende o Goberno galego a urxencia do dragado do río Lérez?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2021 13:05:22

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2021 13:05:30

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/07/2021 13:05:41

Patricia Otero Rodríguez na data 26/07/2021 13:05:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a atención sanitaria en Cerdedo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A atención sanitaria en Cerdedo vén sufrindo nos últimos tempos un continuo proceso de deterioro, degradación, precarización e supresión de servizos. Debido a que non se cobren as baixas do único médico do centro de saúde, a veciñanza non conta con atención todos os días da semana. Por outra parte, non existe servizo de pediatría e para atender nenos e nenas é preciso desprazarse até Tenorio ou Forcarei. Ademais, coa excusa da pandemia practicamente non hai atención presencial e dáse un abuso da atención telefónica.

En contra dos discursos oficiais de promoción dos investimentos e servizos no rural, a realidade é que se reducen continuamente as prestacións en xeral e nun servizo fundamental como é o da saúde. Con este proceder do goberno da Xunta, vivir no rural estase a converter nunha cuestión de vontade decidida e de heroísmo, o que explica os procesos de abandono e despoboación que caracterizan a moitos concellos do interior do noso país.

Esta situación de deterioro e de supresión de servizos básicos foi reiteradamente denunciada pola veciñanza de Cerdedo, sen que por parte da Xunta e do Concello se adoptasen as medidas necesarias para corrixila. É por iso que o pasado 26 de febreiro un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

grupo de veciñas e veciños organizaron unha concentración diante do centro de saúde como mostra de protesta. Neste acto reivindicativo fixeron públicas as seguintes demandas:

- Atención sanitaria presencial.
- Médico/a todos os días e con dedicación exclusiva.
- Servizo de pediatría.
- Mellora na atención de urxencias.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para corrixir o deterioro, a precarización e a supresión de servizos no centro de saúde de Cerdedo e prestar unha atención sanitaria digna á veciñanza?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 26/07/2021 13:15:21

María Montserrat Prado Cores na data 26/07/2021 13:15:24

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 13:15:32



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Plan de Infraestruturas Xudiciais de Galicia 2010-2015, que contaba cun investimento inicial de máis de 97 millóns de euros, para levar a cabo obras de rehabilitación, ampliación ou nova construción de edificios xudiciais en Galicia, está moi lonxe de estar rematado.

Nestes anos o mesmo centrouse en grandes actuacións xudiciais coma o novo xulgado de Pontevedra ou a Cidade da Xustiza de Vigo, ambas tan necesarias e cuxas obras alongáronse tanto no tempo, e deixou de lado outras actuacións menores en edificios xudiciais, moitos dos cales presentan carencias graves.

No orzamento 2021 contempla un investimento de 285.000 € para obras menores en edificios xudiciais.

Cantidade que nos parecen moi insuficiente tendo en conta as necesidades que existen en moitos xulgados do noso país.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista presentamos nas nosas emendas parciais un aumento desta cantidade, que non foi aceptada polo Partido popular.

A finalidade deste aumento orzamentario era poder adaptar as dependencias xudiciais ás necesidades que xorden en cada un dos xulgados do noso país e que mellorarían as condicións nas que se atopan moitos deles, dando un servizo moito máis axeitado aos seus usuarios e usuarias, e aos traballadores e traballadoras da xustiza.

Entre outras necesidades, entendemos coma prioritaria a de dotar aos edificios xudiciais de salas de agarda en condicións, para que a espera poda facerse cun mínimo de comodidade e dignidade.



Ou a necesidade de dotar a estes edificios de lugares onde poidan agardar as persoas detidas ou presas que son trasladadas para asistir a xuízo, tanto por seguridade como por respecto a súa dignidade.

Do mesmo xeito, entendemos que tamén sería necesario a habilitación de prazas de aparcamento para os efectivos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado que teñen que trasladar a persoas detidas ou presas e custodialas durante toda a súa estancia no xulgado.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia, facer un informe sobre as carencias que presentan as infraestruturas xudiciais do noso país?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2021 13:16:48

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2021 13:16:54



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia, aprobado o 13 de xaneiro de 2011, estableceu uns obxectivos para impulsar a xestión de residuos domésticos en Galicia cara un escenario máis sostible.

Posteriormente, coa publicación da Lei estatal 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, e a posterior aprobación do Plan Estatal Marco de Residuos 2016-2022 (PEMAR) o 6 de novembro de 2015, as comunidades autónomas tiveron que adaptar os seus plans.

Galicia no mes de decembro actualizou o seu PXRURG establecendo novos obxectivos en materia de reciclado e preparación para a reutilización, en cumprimento das obrigas comunitarias en materia de planificación recollidas na Directiva 2008/98/CE Marco de Residuos, e ampliou a vixencia do plan ata 2022.

Entre estes obxectivos atopábanse con carácter cualitativo a prevención e o reciclado e reforzar o principio de xerarquía nas opcións de xestión de residuos.

E con carácter cuantitativo, antes de 2020, a cantidade de residuos domésticos e comerciais destinados á preparación para a reutilización e o reciclado para as fraccións de papel, metais, vidro, plástico, biorresiduos ou outras fraccións reciclables deberá alcanzar en conxunto, como mínimo, o 50 % en peso.

Así, a partir da bolsa tipo de Galicia, a previsión das cantidades que se deberían destinar a preparación para a reutilización e reciclado en 2020 para a materia orgánica, a cantidade destinada a reciclado e preparación para a reutilización tiña que ser de 245.261 toneladas.



A Plataforma Galega de Información Ambiental, Gaia, indica que no ano 2019, a cantidade destinada a reciclado e preparación para a reutilización foi de 46.095 toneladas, cantidade moi lonxe dos obxectivos marcados.

Por outra banda, estableceuse tamén un esquema de desenvolvemento temporal do plan, que contemplaba 3 fases temporais (Inicio do Plan 2010-2013, Primeira Fase de Consolidación 2014-2017, e Segunda Fase de Consolidación 2018-2020), e unha Fase Final de Avaliación, que se prolongará durante os anos 2021 e 2022. Cuxos obxectivos están tamén moi lonxe de ser cumpridos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que nestes 10 anos non cumpriu os obxectivos marcados no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2021 13:24:29

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2021 13:24:36

Patricia Otero Rodríguez na data 26/07/2021 13:24:45





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2021 13:31:12
Nº Rexistro: 19432
Data envío: 26/07/2021 13:31:12.497

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/07/2021 13:24:54

CSV: BOPGDSPG5p1sK3O653
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Dirección Xeral de Tráfico, considerou entre un dos 100 puntos máis perigosos de España un situado na provincia de Pontevedra, en concreto o tramo da estrada PO-313 comprendido entre os lugares de Cadro e Miñán, en Marín.

Este tramo presenta unha concentración moi elevada de accidentes sobre todo entre os e as motoristas, ata o punto de aparecer na listaxe da web da DGT de estradas máis perigosas do país para as persoas motoristas.

Ao final do pasado ano a Dirección Xeral de Tráfico (DGT) instalou novas sinais nos cen tramos de estradas secundarias españolas máis perigosos para os motorista, e esta foi unha delas.

Trátase de sinais verticais de gran tamaño nas que, cun fondo verde, destacase en vermello "*Atención motoristas*", indicándose o número de vítimas nese tramo nos últimos cinco anos e advírtese que o mesmo ten reforzada a vixilancia.

Esta estrada comeza en Marín e remata en Moaña, atravesando o Morrazo de norte a sur, pero sen dúbida o punto máis perigoso, que concentra un maior número de accidentes é o que vai dende a Cruz da Maceira no Concello de Marín ata Pardavila.

Os problemas que formula esta vía son os seguintes:

- a) Estrada con moitas curvas pechadas, con escasa visibilidade.
- b) Zonas onde se acumula a auga cando chove pola mala filtración, e moitas humidades pola falta de sol.
- c) Moito tránsito de tractores, e saídas a estradas ou camiños que están sen sinalizar con escasa visibilidade.

A Consellería de Infraestruturas fixo actuacións nesta estrada pero esqueceu o tramo máis perigoso, polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista pedímoslle ao Goberno da Xunta de Galicia que non deixe sen rematar esta actuación e incida nos puntos de maior conflito, co fin de poder limitar e frear



esta tan indesexable estatística de accidentes de tráfico.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que consideración fai o Goberno da Xunta de Galicia da gran concentración de accidentes que se producen no tramo da estrada PO-313 entre a Cruz da Maceira no Concello de Marín ata Pardavila?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2021 13:27:03

Patricia Otero Rodríguez na data 26/07/2021 13:27:09

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/07/2021 13:27:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Daniel Pérez López e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a área protexida dos Penedos de Pasarela e Traba, entre os concellos de Vimianzo e Laxe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por medio do Decreto 294/2008, a Xunta de Galiza declarou paisaxe protexida os Penedos de Pasarela e Traba. Esta figura de protección, contemplada na lei 9/2001 de conservación da natureza, viuse reforzada pola lei 42/2007 do patrimonio natural e da biodiversidade, e pola lei 7/2008 da paisaxe de Galiza. Nesta norma establécese que “a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega por canto trascende os eidos ambientais, culturais, sociais e económicos.

O decreto 294/2008 describe do seguinte xeito os Penedos de Pasarela e Traba:

“O macizo de Pasarela e Traba está constituído por un conxunto de elevacións graníticas situadas no noroeste da Comunidade Autónoma de Galicia, en plena Costa da Morte, entre os concellos de Vimianzo e Laxe, na provincia da Coruña. A parroquia vimiancesa de Pasarela eríxese no seu referente poboado polo sur, mentres que polo norte se acha o extenso val laxense de Traba e a aldea de Cabanela, da propia parroquia de Traba. Os límites entre os concellos de Vimianzo e Laxe dividen este macizo en dúas partes de similar extensión. Ao norte sitúase o territorio de Laxe, cunha superficie próxima ás 103 hectáreas e ao sur o de Vimianzo, cunha superficie



aproximada de 109 hectáreas, o que suma unha superficie total de 212 hectáreas aproximadamente. O límite atravesa as elevacións case en dirección oeste-leste, aproximadamente pola Galla da Pena Forcada, na parte central da dorsal que constitúe o cerne da unidade elevada. Deixa ao norte as áreas da Torre da Moa e a Pena Forcada e, ao sur, as formas dómicas da Pedra da Cachucha e as elevacións máis meridionais. Ambos os dous concellos comparten as unidades deprimidas ao leste e ao oeste da dorsal elevada.

*A combinación de formas rochosas que presentan os Penedos de Pasarela e Traba conforma unha paisaxe singular que destaca pola súa beleza. A dorsal que se alonga desde a Cachucha ata a Torre de Moa, pasando pola Pena Forcada, forma un impresionante pano de fondo visible tanto desde a localidade de Pasarela como, dun xeito especial, desde a área de Traba. **Postos no areal que cerra a lagoa, pódese contemplar unha das paisaxes máis fermosas da costa de Galicia.***

O artigo 9 do decreto establece que se elaborará “un plan de acción da paisaxe para a protección, xestión e ordenación da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba. Este plan de acción da paisaxe integrarase no plan de conservación da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba que elabore a consellaría competente en materia de medio ambiente.

O Plan de acción da paisaxe axustarase ás determinacións contidas nas directrices da paisaxe para os Penedos de Pasarela e Traba elaboradas pola consellaría competente en materia de ambiente, conforme os obxectivos de calidade paisaxística establecidos e incluírá, ademais, unha proposta de medidas para o mantemento, a mellora, a recuperación e rexeneración da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A disposición adicional primeira establece que no prazo de dous anos a partir da publicación do decreto (xaneiro de 2009), “a consellaría competente en materia de ambiente aprobará o plan de conservación da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba”.

Transcorridos 12 anos desde a declaración, a Xunta aínda non aprobou o citado plan de conservación, o que demostra un absoluto desleixo e desprezo pola protección e pola conservación da paisaxe.

No ano 2019 entrou en vigor a lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galiza, que recolle as paisaxes protexidas como unha das categorías dos espazos naturais. De acordo co artigo 27, “as paisaxes protexidas son espazos que, polos seus valores naturais, estéticos e culturais e de acordo co Convenio da paisaxe do Consello de Europa, sexan merecedores dunha protección especial”. Esta norma establece a obriga de aprobar un plan de xestión, así como a posibilidade de aprobar un plan de ordenación dos recursos naturais.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego autorizar o parque eólico Monte Chan que afecta de xeito directo á paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 13:31:06

Mercedes Queixas Zas na data 26/07/2021 13:31:10

Daniel Pérez López na data 26/07/2021 13:31:21



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Lei galega 10/2003, do 26 de decembro, regula o dereito de acceso ao entorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.

Na actualidade, pasados case 18 anos, e necesario adaptar esta lei á normativa vixente a nivel europeo e estatal, en concreto ao Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral sobre os dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social, que cumpre o mandato recollido na disposición derradeira segunda da Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa ao Convenio internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, xa que implica a consagración destes dereitos e a obriga dos poderes públicos de garantir que o exercicio dos dereitos das persoas con discapacidade é completo e efectivo, en de acordo co establecido no artigo 9.2 da Constitución.

Polo tanto esta lei precisa reformas para adaptala á nova normativa en extremos como:

1. Ampliación da aplicación desta lei non só ás persoas que a consecuencia da súa discapacidade teña que ir acompañada dun can de asistencia, tamén para outras persoas que precisen da utilización dun can de asistencia para promover a súa autonomía persoal (cans de asistencia xubilados, a vítimas de violencia de xénero) e necesidade de ampliar o dereito de acceso a outros ámbitos, singularmente o laboral e os espazos privados de uso colectivo.

2. Necesidade dun desenvolvemento regulamentario que inclúa entre outros extremos:

- O relativo ao procedemento de acreditación, rexistro e identificación oficial dos cans de asistencia.
- Creación dun distintivo de identificación oficial coa fin de posibilitar o exercicio do dereito de acceso ao entorno polas persoas adestradoras e



educadoras de cachorros acompañados por estes cans durante o seu adestramento, ou aos cans guía xa acreditados como tales.

Así mesmo e co fin de sensibilizar á cidadanía sobre a necesidade de garantir accesibilidade a toda a poboación así como sobre a función que levan a cabo estes cans, dende o Grupo Parlamentario Socialista, entendemos que sería axeitado que pola Xunta de Galicia, se promocionen campañas informativas, divulgativas e educativas relacionadas cos beneficios, dereitos e obrigas no uso de cans de asistencia dirixidas á poboación en xeral, cun maior fincapé en promover ese tipo de campañas para os centros de ensino ou sectores como hostalería, comercio, transporte e servizos públicos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai reformar o Goberno galego a Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o dereito de acceso ao entorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey

Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2021 13:32:08
Nº Rexistro: 19437
Data envío: 26/07/2021 13:32:08.778

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2021 13:29:25

Marina Ortega Otero na data 26/07/2021 13:29:32

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2021 13:29:40

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre os riscos da situación da empresa ENCE en Lourizán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O conselleiro delegado da empresa ENCE afirmou nun vídeo que na fábrica de Pontevedra “con esa caldeira de recuperación inestable podemos ter un susto en calquera momento, que pode afectar ademais ás persoas”.

Estas palabras foron pronunciadas nun contexto no que estaba a falar da non execución dos investimentos previstos pola empresa no seu Plan estratéxico, o que estaría a provocar un deterioro das instalacións e riscos medioambientais e para as persoas.

O obxectivo último destas graves declaracións era crear un clima de presión diante do goberno central en relación coa tramitación da lei de cambio climático, pois o conselleiro delegado de ENCE reconece que tivo até sete reunións co secretario de Estado para forzar o cambio na redacción do artigo 18 do proxecto de lei, actualmente en trámite parlamentario.

Para o BNG estas declaracións son dunha gravidade extrema. En primeiro lugar pola alarma que xeran a respecto do estado das instalacións da fábrica e os riscos que isto supón para o medio e as persoas. En segundo termo, porque poderían estar poñendo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de manifesto a non realización deliberada dos investimentos previstos, o que podería derivar en graves responsabilidades. En terceiro lugar, porque poñen de manifesto unha campaña de presións en todos os ámbitos para forzar a permanencia de ENCE na ría.

O goberno galego non pode permanecer impasíbel diante desta situación: debe dar explicacións á cidadanía e debe facelo coa máxima urxencia, a través dunha comparecencia pública e tamén no parlamento galego. E ademais debe tomar todas as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas e do medio, pois foi nada máis e nada menos que o máximo responsábel de ENCE quen alertou sobre os riscos e sustos que pode provocar o deterioro das instalacións da fábrica.

Por outra parte, o goberno galego debe ter unha postura de cumprimento estrito da lei e non colaborar na campaña de presións e chantaxes que está a levar a cabo a empresa pasteira para blindar a súa permanencia en Lourizán, mesmo pasando por riba dos procedementos democráticos e da lei.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pode garantir a Xunta o bo estado das instalacións de ENCE en Lourizán e a ausencia de riscos para o medio e as persoas?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 13:34:18

Alexandra Fernández Gómez na data 26/07/2021 13:34:26

Paulo Ríos Santomé na data 26/07/2021 13:34:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a seguridade viaria da AC-550 ao seu paso polo concello de Noia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 1 de outubro, este grupo parlamentario rexistraba varias iniciativas referidas á estrada AC-550 ao seu paso polo termo municipal de Noia. Nomeadamente, nos lugares de Boa, ao sur do municipio, e nos de Orro, Vilanova e Eiroa, no outro extremo do concello.

Nos dous casos, a veciñanza leva anos denunciando a inseguridade viaria e a falla de pasos de peóns, cuxa inexistencia pon en risco mesmo a súa vida ao cruzar a AC-550, polo que as actuacións a este respecto fanse non só indispensábeis senón tamén urxentes por parte da administración autonómica, titular da vía mencionada.

A pregunta de outubro foi respondida tres meses despois, o 29 de decembro, por parte da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade, constatando que nos últimos anos a solicitude de novos pasos de peóns foi recorrente, tanto por parte da administración local como da propia veciñanza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais a Consellaría entende que a súa habilitación nos casos citados “non cumpre os requisitos fixados pola normativa”.

Para este grupo parlamentario, a resposta da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade é confusa e carece de concreción, xa que enumera unha serie de condicións para a habilitación de pasos de peóns na AC-550 ao seu paso por Noia sen explicar -de todos os propostos- cal ou cales son os que non cumprirían os requisitos técnicos exixidos.

Coa intención de comprobar o cumprimento ou non das condicións que se nos comunicaron, temos visitado de novo a zona, consultado a normativa vixente e realizado medicións sobre plano en dúas zonas concretas onde os pasos de peóns son necesarios e poderían ser axeitadas para habilitalos.

O primeiro sitúase nas inmediacións dunha marquesiña próxima á vivenda número 47 da estrada de Orro en Noia, exactamente nas coordenadas 42.806811, -8.885633. O segundo sitúase diante do establecemento “Hostal Singapore”, da parroquia noiesa de Boa, exactamente nas coordenadas 42.777743, -8.929580.

Nos dous casos, estamos a falar de percorridos amplamente iluminados, no que a velocidade máxima permitida para o tránsito de vehículos é de 50 km./h., onde o aparcamento está restrinxido en ambas direccións dos potenciais pasos de peóns, con beirarrúas en ambas marxes da estrada e cunha recta de 240 e 260 metros respectivamente, na que se cumprirían sobradamente os requisitos para a visibilidade de parada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que a situación que padecen dende hai anos as veciñas e veciños de Orro e Boa, no concello de Noia, respecto da AC-550 ao seu paso por eses lugares, garanten a seguridade viaria, sobre todo dos peóns?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 26/07/2021 13:36:28

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 13:36:36

Rosana Pérez Fernández na data 26/07/2021 13:36:43



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, María Corina Porro Martínez, Miguel Ángel Tellado Filgueira, María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece, como competencia propia da nosa comunidade, a promoción do emprego. Con este obxectivo, a Xunta de Galicia leva anos traballando para mellorar as condicións de empregabilidade das galegas e dos galegos, ao tempo que segue a impulsar medidas para fortalecer a súa inclusión social e laboral, especialmente entre aqueles colectivos que teñen unha menor participación no mercado de traballo e que presentan un maior risco de exclusión social.

Para facer máis efectivo este mandato legal, o Goberno galego traballa cóbado con cóbado coas entidades locais a fin de ofrecer un apoio laboral de proximidade, especialmente para as persoas desempregadas. Ao abeiro desta premisa, a Xunta de Galicia promove convocatorias periódicas de distintos programas para fomentar a contratación nos concellos galegos.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

A canto ascende o investimento da Consellería de Emprego e Igualdade para apoiar a contratación de persoas sen emprego nos concellos galegos?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 26/07/2021 17:09:43

María Corina Porro Martínez na data 26/07/2021 17:09:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/07/2021 17:10:13

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/07/2021 17:10:23

José Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2021 17:10:37

Noelia Pérez López na data 26/07/2021 17:10:46

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 26/07/2021 17:10:57

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/07/2021 17:11:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, María Corina Porro Martínez, Miguel Ángel Tellado Filgueira, María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A Consellería de Emprego e Igualdade aproba anualmente, as axudas para o desenvolvemento dos obradoiros de emprego. Este programa mixto de emprego e formación configúrase en dúas ordes, a primeira para o desenvolvemento dos obradoiros dirixidos aos menores de 30 anos e a segunda para o desenvolvemento dos obradoiros duais.

Estas iniciativas teñen como principal obxectivo que persoas sen emprego amplíen a súa formación ao tempo que acceden a un contrato de traballo e teñen coma fin incrementar as oportunidades laborais dos galegos e galegas para minimizar os efectos da crise sanitaria

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

A canto ascenden as axudas para o desenvolvemento dos obradoiros de na última convocatoria resolta?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 26/07/2021 17:30:36

María Corina Porro Martínez na data 26/07/2021 17:30:49

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/07/2021 17:31:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/07/2021 17:31:23

José Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2021 17:33:12

Noelia Pérez López na data 26/07/2021 17:33:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 26/07/2021 17:34:01

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/07/2021 17:34:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Paez, Cristina Saez Árias, María Encarna Amigo Díaz, María Corina Porro Martínez, Miguel Ángel Tellado Filgueira, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O Goberno galego dá un importante paso no impulso do Novo Barrio da Residencia, un proxecto clave para a cidade de Lugo que ten como obxectivo a transformación integral do antigo complexo sanitario, dotándoo de novos usos e servizos para a cidadanía entre os que se atopa unha nova oficina de emprego e formación.

Recentemente iniciábase as obras no edificio administrativo do antigo hospital Xeral de Lugo, no que se realizará unha importante rehabilitación.

Neste espazo está previsto integrar as dúas oficinas de emprego que hai na cidade, o que permitirá un importante aforro anual en alugueiros. Para iso realizarase unha intervención integral no inmovible.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulamos as seguinte pregunta:

En que fase concreta se atopa a obra de posta en marcha da nova oficina de emprego e formación no barrio da Residencia de Lugo?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 26/07/2021 17:41:05

Ramón Carballo Páez na data 26/07/2021 17:41:15

Cristina Sanz Arias na data 26/07/2021 17:41:24

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/07/2021 17:41:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



María Corina Porro Martínez na data 26/07/2021 17:41:53

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/07/2021 17:42:42

José Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2021 17:42:54

Noelia Pérez López na data 26/07/2021 17:43:27

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 26/07/2021 17:43:38

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/07/2021 17:43:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Paez, Cristina Saez Árias, María Encarna Amigo Díaz, María Corina Porro Martínez, Miguel Ángel Tellado Filgueira, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

Un dos piares principais da economía galega é o constituído polos traballadores e traballadoras por conta propia, que representa máis de 207.000 postos de traballo, segundo recolle o Instituto Galego de Estatística e, xunto coas microempresas, supoñen o 97% do tecido produtivo de Galicia. Trátase pois dun colectivo que, desde as administracións públicas, precisa dunha especial atención para o seu impulso e fortalecemento, tendo en conta o contexto derivado da covid-19.

En resposta a esta situación, o executivo autonómico puxo en marcha unha batería de medidas, como os sucesivos plans de rescate, co obxectivo de amortecer os efectos da pandemia entre os autónomos e autónomas de Galicia.

Tamén outras iniciativas como o Programa de Mentoring, promovido pola Xunta de Galicia en cooperación coa Fundación Ronsel, que persegue a redución dos riscos das persoas traballadoras autónomas na súa actividade profesional, proporcionando ferramentas que permitan a transformación e adaptación dos seus negocios ás necesidades do mercado e ao marco de pandemia no que nos atopamos.

Trátase dun proxecto que se demostrou eficaz na súa anterior edición e que permitiu incorporar, por primeira vez, a titorización entre as políticas de apoio ás persoas traballadoras autónomas. O Programa de Mentoring exemplifica o esencial do acompañamento aos nosos autónomos na consolidación e pulo dos seus negocios e proxectos, representando o compromiso do goberno galego co traballo autónomo.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

Cal é o balance da primeira edición do Programa de Mentoring de apoio ao emprego das persoas autónomas?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 26/07/2021 18:30:24

María Corina Porro Martínez na data 26/07/2021 18:30:49

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/07/2021 18:30:59

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/07/2021 18:31:09

José Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2021 18:31:27

Noelia Pérez López na data 26/07/2021 18:31:36

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 26/07/2021 18:31:45

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/07/2021 18:31:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, María Corina Porro Martínez, Miguel Ángel Tellado Filgueira, María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O traballo é un dereito básico, tal e como recoñece a Constitución Española no seu artigo 35 e, polo tanto, precisa da actuación dos poderes públicos para a súa promoción, protección e garantía.

Este compromiso faise aínda máis necesario nun contexto como actual, no que a covid19 está a causar un gran impacto no mercado de traballo do conxunto do Estado.

Aínda hai galegos e galegas en situación de desemprego. Por ese motivo, é fundamental investir na súa formación xa que esta é unha peza clave que reverte directamente no incremento das súas oportunidades laborais.

Neste sentido, desatacan os programas de axudas e subvencións que a Xunta de Galicia convoca a longo do ano, a fin de promover actividades formativas orientadas á formación profesional e á adquisición de coñecementos e competencias no ámbito laboral.

Deste xeito, o Executivo galego adiántanse ás necesidades detectadas polos servicios públicos de emprego e ás demandas do mercado laboral.

Asemade, tamén parece idóneo que as medidas formativas que se poñan en marcha, teñan en conta o contexto actual, fortalecendo a súa flexibilidade para facilitar o desenvolvemento dos cursos nun escenario de pandemia a través de recursos como a teleformación e a aula virtual que garanten a continuidade da formación en circunstancias tan cambiantes e estritas como as actuais.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é a axenda da Xunta de Galicia a prol da formación para o emprego?:

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



José Manuel Balseiro Orol na data 26/07/2021 18:35:29

María Corina Porro Martínez na data 26/07/2021 18:36:09

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/07/2021 18:36:32

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/07/2021 18:36:40

José Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2021 18:36:56

Noelia Pérez López na data 26/07/2021 18:37:29

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 26/07/2021 18:37:54

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/07/2021 18:38:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

María Elena Candia López, Diego Calvo Pouso, Raquel Arias Rodríguez, Ramón Carballo Páez, María Encarnación Amigo Díaz, Cristina Sanz Arias, José Manuel Balseiro Orol, Sandra Vázquez Domínguez e Daniel Vega Pérez ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

En novembro do ano 2020 a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade iniciaba sobre o terreo as obras de desdoblamento e, polo tanto conversión en autovía, da vía de altas prestacións Nadela-Sarria. Máis en concreto, no treito entre A Pobra de San Xiao (Láncara) e Sarria centro, unha actuación que conta cun investimento superior aos 24 millóns de euros.

Deste xeito, o Goberno galego materializaba un proxecto moi agardado pola veciñanza do concellos directamente beneficiados polo seu trazado pero, en xeral, por todos os habitantes da zona sur da provincia de Lugo, que disporán dunha infraestrutura máis funcional, segura e moderna e con maior nivel de servizo.

Na actualidade estas obras están moi avanzadas e, de feito, a entrada da maquinaria pesada permite un maior ritmo nos traballos. Para converter o tramo en autovía está previsto construír unha nova calzada paralela pola marxe esquerda sentido A Pobra de San Xiao, adaptaranse os enlaces e pasos inferiores e reporanse os camiños.

O treito de autovía contará ademais cunha serie de melloras para reducir a accidentalidade causada pola irrupción de animais salvaxes na vía (como é o caso do xabaril) como é o caso da valla reforzada e substituirase a existente no lado que non se desdobra.

Os traballos sobre o terreo desenvólvense de xeito paralelo ao impulso por parte da Xunta de Galicia dos trámites administrativos e técnicos precisos para transformar en autovía os treitos que aínda restan desta vía de altas prestacións.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

1.- Como están a avanzar os traballos da primeira fase para a conversión en autovía da vía de altas prestacións Nadela-Sarria?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 26/07/2021 19:06:23

Diego Calvo Pouso na data 26/07/2021 19:06:36

Raquel Arias Rodríguez na data 26/07/2021 19:06:44

Ramón Carballo Páez na data 26/07/2021 19:07:00

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/07/2021 19:07:15

José Manuel Balseiro Orol na data 26/07/2021 19:07:23

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/07/2021 19:07:38

Daniel Vega Pérez na data 26/07/2021 19:07:59

Cristina Sanz Arias na data 26/07/2021 19:08:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, María Sol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez e Marta Nóvoa Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O Goberno galego está a incidir nos últimos anos na conservación e mantemento da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (Raega) ao considerar que o bo estado da rede viaria é un factor fundamental para reforzar a seguridade viaria.

Esta aposta por manter nas mellores condicións posibles os 5.500 quilómetros de estradas de competencia autonómica leva aparelado o desenvolvemento de distintas medidas e programas que redundan na seguridade de todos os usuarios das estradas.

Entre estas medidas, hai un programa específico de seguridade e inspeccións das pontes e obras de paso no que Galicia foi pioneira. Un programa co que vén realizando actuacións e inspeccións periódicas e constantes nos viadutos, pontes ou obras de paso existentes na rede de estradas de titularidade da Xunta. E ao que se engadiu no último ano un novo programa de inspección de muros e noiros.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno

Cal é o estado actual de desenvolvemento do programa de inspeccións en pontes, obras de paso, muros e noiros que vén aplicando o Goberno galego nas estradas da súa titularidade?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 26/07/2021 19:09:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Carmen María Pomar Tojo na data 26/07/2021 19:09:48

Ramón Carballo Páez na data 26/07/2021 19:10:18

José Manuel Balseiro Orol na data 26/07/2021 19:10:34

María Sol Díaz Mouteira na data 26/07/2021 19:10:48

Rubén Lorenzo Gómez na data 26/07/2021 19:11:00

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/07/2021 19:11:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Borja Vereá Fraiz, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, María Sol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez e Marta Nóvoa Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A Xunta de Galicia traballou en diversos eidos para que Santiago de Compostela estivera preparada para a celebración do Ano Santo 2021; un Xacobeo 2021 que, polas circunstancias derivadas da pandemia da covid-19, se alongará ata 2022 e será, sen dúbida, o máis necesario da historia, fundamental para a dinamización económica e laboral a través do turismo.

Entre as medidas que o Goberno galego impulsou de cara ao Xacobeo destacan as actuacións de mellora e integración paisaxística dos Camiños de Santiago á súa entrada en Compostela que desenvolveu a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a través da Axencia Galega de Infraestruturas, concretamente: no Camiño Francés, na baixada do Monte do Gozo, San Lázaro e no cruce dos Concheiros; no Camiño Portugués, no treito que chega ao mosteiro de Conxo; e no Camiño Inglés, para favorecer o tránsito dos peregrinos a través dunha zona industrial como é o polígono do Tambre e tamén fronte ao cemiterio de Boisaca.

Para a execución destas obras asinouse un protocolo de actuación co Concello de Santiago e outros departamentos da Xunta con competencias na materia, como a Axencia de Turismo de Galicia e a Consellería de Cultura, para acadar a mellora estética e funcional das Rutas Xacobeas á súa entrada na cidade, construír unha identidade homoxénea e ofrecer a máxima calidade na experiencia do peregrino.

Polo exposto, e para coñecer de xeito pormenorizado o resultado dos traballos executados para recibir aos peregrinos deste Xacobeo 2021-2022, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego das obras executadas para acadar a integración paisaxística dos Camiños de Santiago á súa entrada en Compostela?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Diego Calvo Pouso na data 26/07/2021 19:14:45

Borja Vereza Fraiz na data 26/07/2021 19:14:54

Carmen María Pomar Tojo na data 26/07/2021 19:15:06

Ramón Carballo Páez na data 26/07/2021 19:15:19

José Manuel Balseiro Orol na data 26/07/2021 19:15:31

María Sol Díaz Mouteira na data 26/07/2021 19:15:57

Rubén Lorenzo Gómez na data 26/07/2021 19:16:13

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/07/2021 19:16:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Diego Calvo Pouso, Carmen María Pomar Tojo, María Sol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez e Marta Nóvoa Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O Goberno galego vén demandando de xeito reiterado nos últimos anos que desde a administración central se lle dea prioridade e axilidade ás obras de construción da autovía entre Lugo e Santiago co obxecto de que esta infraestrutura puidese entrar en servizo para o Xacobeo 2021.

Resulta evidente que o Executivo central non atendeu esta demanda reiterada da Xunta de Galicia porque hoxe, xa inmersos no Xacobeo, as obras desta infraestrutura viaria atópanse aínda moi lonxe de finalizar.

De feito, os traballos dos treitos pendentes da A-54, Palas-Melide e Melide-Arzúa, acumulan atrasos moi importantes e están a avanzar a un ritmo moi lento, tanto que mesmo se trata case dunha paralización das obras. O progreso é tan escaso que xa ata os altos cargos do Ministerio de Transportes aseguran que ven moi difícil rematar as obras da Autovía Santiago-Lugo en 2022.

Se a este deficiente ritmo de execución sumamos ademais o recorte de investimentos que Executivo de coalición impuxo ás contas autonómicas para o actual exercicio, todo a punta a que esta infraestrutura seguirá a ser un obxectivo pendente.

En consecuencia, cómpre que o Goberno de España intensifique o ritmo destas obras e aproveite os meses de primavera e do verán para avanzar dun xeito decidido nos tramos pendentes e así tratar de acurtar os prazos.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

Que opinión lle merece ao Goberno galego o baixo ritmo de execución das obras nos treito pendentes da Autovía Lugo-Santiago?



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 26/07/2021 19:11:59

Ramón Carballo Páez na data 26/07/2021 19:12:11

Diego Calvo Pouso na data 26/07/2021 19:12:22

Carmen María Pomar Tojo na data 26/07/2021 19:12:32

María Sol Díaz Mouteira na data 26/07/2021 19:12:53

Rubén Lorenzo Gómez na data 26/07/2021 19:13:09

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/07/2021 19:13:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os conservatorios de música non dependentes da Xunta de Galiza, máis de 20 neste momento en todo o país, desenvolven un labor formativo fundamental que a propia Consellaría de Educación non é quen de atender nos centros da súa titularidade e, non entanto, supoñen unha carga económica importante para os concellos dos que dependen que, en moitos casos, vense con moitas dificultades para atendelos.

Esta problemática xa foi trasladada en numerosas ocasións ao goberno galego por parte dos propios concellos afectados, mais tamén pola FEGAMP que considera clave garantir a continuidade e hai anos xa que solicitou abrir unha mesa de negociación para garantir a viabilidade económica que asegure o futuro dos conservatorios.

Neste sentido, tamén foron numerosas as iniciativas deste Grupo Parlamentar que se rexistraron no Parlamento de Galiza e, das que chegaron a debate, só obtivemos a negativa sistemática do Grupo que sostén ao goberno de Galiza.

Nesta ocasión referímonos ao que hoxe é o conservatorio de música profesional ‘Enrique Paisal’ de Ribeira, que comezou a súa actividade hai máis de corenta anos como escola municipal e que veu materializada a súa creación como conservatorio de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

graio medio, como filial do superior de música de Santiago, no ano 1992 e ata 1995 no que se asina un convenio propio entre o concello e a Consellaría de Educación. Finalmente, no ano 2004, créase o conservatorio de música profesional de Ribeira para impartir os graos elemental e medio ou profesional.

Ao longo de todos estes anos por el levan pasado miles de alumnos e alumnas e na actualidade é a referencia en estudos musicais profesionais e no labor profesional do seu profesorado de toda a comarca do Barbanza e, polo tanto, a súa existencia é incuestionábel.

Non entanto, os recursos materiais e humanos que o sosteñen son manifestamente mellorábeis, a comezar polas evidentes e graves deficiencias do propio edificio que o alberga, e perfectamente coñecidos dende hai anos polo concello de Ribeira.

Un cadro de persoal, docente e non docente, de 18 persoas e un número de arredor de 150 alumnos e alumnas anuais conviven nun edificio que dista moito de estar preparado para desenvolver unha actividade cunhas características moi específicas e para o coidado e mantemento dos instrumentos que non son precisamente accesíbeis dende o punto de vista económico.

Aulas con escasa ou inexistente insonorización, enormes e extensas humidades que chegan aos tres andares do edificio e provocan a aparición de numerosos fungos, baixas temperaturas que se rexistran no inverno e moi altas coa chegada do bo tempo. En definitiva, incomodidade, deterioro e insalubridade á que están expostas case 170 persoas durante todo o ano.

Mais as lamentábeis condicións nas que se atopa o local onde se localiza o conservatorio non son as únicas que afectan ao seu funcionamento. A realidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

discriminatoria que viven estes centros de estudo por seren os únicos que seguen fóra da rede pública de educación da Xunta esténdese tamén neste caso á oferta formativa e ás condicións laborais do seu profesorado.

Ata hai tres anos víñanse impartindo en Ribeira clases de iniciación á música para alumnado menor de seis anos, vitais para a propia subsistencia do conservatorio e moi útiles e beneficiosas para a formación dun importante número de nenos e nenas. É unha actividade que xa non existe, que segue a ser demandada por numerosos pais e nais de toda a comarca e que se podería poñer en funcionamento nun breve prazo de tempo se se levara a cabo a contratación do/a especialista correspondente.

As condicións laborais do profesorado son de precariedade. A maioría está contratado por 20 horas, horario que precisaría ampliarse para poder diminuír as ratios nas materias colectivas e para ampliar o currículo formativo que neste momento se oferta. Os últimos cursos véñennos comezando cunha planificación horaria moi superior ás 20 horas que teñen contratadas, situación que non se regulariza ata entrado xa o segundo trimestre e que non se lle retribúe nin cotiza ao persoal afectado.

É evidente que todas estas cuestións inciden dun xeito negativo nunhas ensinanzas que hoxe en día son unha necesidade educativa máis e que están moi valoradas polo alumnado, polas súas familias e pola sociedade en xeral. É, polo tanto, imprescindible que o goberno galego se implique na solución dos problemas existentes e xa que non os asume, colabore en manter e mellorar uns servizos que sufragan practicamente na súa totalidade os concellos e que en moitos casos poden correr o risco de desaparecer.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza a contribuír economicamente co concello de Ribeira para subsanar as deficiencias que presenta o edificio do conservatorio, mellorar a súa oferta formativa e evitar a precariedade laboral do seu profesorado?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 27/07/2021 09:16:34

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/07/2021 09:16:37



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O patrimonio histórico arquitectónico, ten unha gran importancia cultural, e xoga un papel crave para entender o pasado, pois é tanxible, obxectivo e mesurable, e aí radica o seu valor, por elo a súa protección es vital para toda civilización.

É fiel reflexo da historia dun lugar e por iso ten que conservarse. A da ponte de Pontesampaio en Pontevedra reúne sobradamente estes requisitos.

Esta ponte construída na Idade Media, cruza o río Verdugo, e une as parroquias de Arcade (concello de Soutomaior) e Pontesampaio (concello de Pontevedra).

Foi construída cun aparello de sillería granítica, na súa configuración actual son evidentes intervencións de momentos diferentes, as máis antigas visibles a día de hoxe, dado o tipo de arcos apuntados conservados na súa estrutura, de tempos baixomedievais.

Esta intervención, sen dúbida, fíxose sobre ou a partires de fundamentos anteriores, romanos con toda probabilidade, pois o certo é que os miliarios localizados non moi lonxe do monumento invitan a pensar que a súa orixe se data xustamente nesa época.

No río, por outro lado, encontrábase o límite, en tempos romanos, entre o Conventus Bracarensis e o Conventus Lucensis e marca -aínda hoxe e dende a Idade Media- a separación entre as dioceses de Tui e Santiago de Compostela, separación que, con toda probabilidade, marcaban as dúas construcións de pedra que hai tempo desapareceron do medio da ponte.

Esta ponte é coñecida, sobre todo, pola batalla dos días 7 e 8 de xuño de 1809, facendo dela un referente imprescindible da nosa cultura, espazo histórico de reivindicación e liberdade. En efecto, as forzas da chamada División do Miño, dirixidas por Morillo, apostáronse na ponte o día 7 de xuño de 1809, co cometido de evitar a reconquista de Pontevedra, Marín e Tui polo exército francés dirixido polo mariscal Ney, quen contaba con preto dos 10000 efectivos. A milicia galega



derrubou dous arcos da ponte e rexeitou o ataque francés. O trunfo foi fundamental para a do exército francés do noso país.

Ademais, pola ponte pasan cada ano milleiros de peregrinos que fan o camiño portugués a Santiago de Compostela.

O estado actual da ponte caracterízase polo seguinte: das rochas agroma vexetación case todos os meses do ano, moitas pedras están movidas e desencaixadas, o pavimento da estrada autonómica que por ela circula está levantado e rachado en moitos dos seus tramos como consecuencia do tráfico que a diario segue a circular e case non ten iluminación.

Ao anterior hai que sumar os danos no seu pretil que case cada ano sofre, derivado do tráfico rodado.

O propio Goberno respondía en marzo de 2016 a unha pregunta deste grupo parlamentario sobre o estado de conservación da ponte, que, segundo inspección básica da Axencia Galega de Infraestruturas, o estado de conservación da ponte é “aceptable”, adxectivo que non compartimos nin de lonxe, só con ver o estado aparente desta ponte.

Dende o Grupo Socialista, creemos que a Xunta de Galicia ten a obriga de conservar o noso patrimonio histórico arquitectónico como parte da nosa cultura e da nosa historia, e neste caso non o está a facer.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Asume o Goberno galego a obriga de conservar o noso patrimonio histórico arquitectónico como parte da nosa cultura e da nosa historia?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noa Díaz Varela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/07/2021 09:21:13

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2021 09:21:24

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/07/2021 09:21:37



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Luís Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno.**

No pasado mes de maio produciuse un accidente na estrada PO-322, no lugar da Xesteira concello de Cerdedo-Cotobade.

Non foi o primeiro e, lamentablemente, tampouco vai ser o último, nunha estrada que ten tramos perigosos e con escasa visibilidade, ao que se suma a ausencia de beirarrúas en moitos lugares, as condicións do firme e a velocidade á que transcorren algúns vehículos.

Tendo en conta o anterior, os veciños e veciñas desta parroquia levan anos denunciando este perigo ao que están sometidos cando transitan pola beira desta estrada a pé ou ter que utilizala diariamente en vehículo.

O accidente do pasado luns, no que resultaron dúas persoas feridas, produciuse nun tramo que ten unha elevada perigosidade, situado no cruce que dá acceso á Rascadeira, porque neste conflúen varios factores como son:

- a escasa visibilidade ao atoparse o cruce na saída dunha curva moi pronunciada.
- unha parada de autobuses.
- zona de acceso a distintas vivendas.
- exceso de velocidade dos vehículos.

O Goberno da Xunta ten que garantir a seguridade viaria nas estradas autonómicas, e a seguridade dos veciños e veciñas deste lugar, polo tanto, ten a obriga de actuar nesta zona para evitar que segan a acontecer feitos coma o desta semana.



Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que consideración fai o Goberno da Xunta de Galicia do accidente producido o pasado luns, 10 de maio, na estrada PO-322 á altura do lugar da Xesteira, en concreto no cruce que da acceso á Rascadeira?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/07/2021 09:35:04

Patricia Otero Rodríguez na data 27/07/2021 09:35:12

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/07/2021 09:35:21



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, recoñece a todas as mulleres vítimas de violencia de xénero a asistencia xurídica inmediata e gratuíta en todos os procedementos, tanto xudiciais como administrativos, que teñan relación coa situación de violencia, incluso para formular a denuncia.

O Real decreto-lei 141/21, de 9 de marzo aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, que vén modificar o Real decreto anterior 3/2013, do 22 de febreiro, e regula o procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta, de conformidade co disposto na Lei 1/96 de 10 xaneiro, asistencia xurídica gratuíta.

Establecendo un marco de regulación e harmonización na materia sen prexuízo da posibilidade de desenvolver normativas específicas e máis restritivas nas comunidades autónomas con competencias transferidas.

Así en Galicia temos desenvolvido este dereito no Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, establecido por Decreto 134/2017, de 7 de decembro.

En toda a normativa anterior se regula o dereito da muller vítima de violencia de xénero, a ter asistencia xurídica e defensa con carácter gratuío independentemente da súa capacidade económica.

No artigo 30 deste regulamento autonómico establece uns requisitos complementarios para garantir a asistencia xurídica e defensa en xuízo de mulleres vítimas de violencia de xénero e de vítimas de trata de seres humanos, así como menores de idade e persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental que sexan vítimas de situacións de abuso ou malos tratos como son que esta a leven a cabo avogados/as especializados/as.

Tamén establece a posibilidade de que as comunidades autónomas poidan regular o acceso aos servizos de asistencia xurídica gratuíta.



Ase mesmo, no artigo 32 establece que a asistencia ás vítimas nos procedementos penais de violencia de xénero, a prestará o mesmo avogado/a dende que se requira dita asistencia e ata a finalización do procedemento, abarcando ademais tódolos procesos penais, civís, contencioso-administrativo e sociais, así como procedementos administrativos, que teñan causa directa o indirecta na violencia padecida.

Este mesmo dereito asistirá tamén aos causahabientes en caso de falecemento da vítima.

Dende o Grupo Socialista entendemos que estas garantías non chegan. Os datos estatísticos dinos que o 80 % das mulleres asasinadas non tiñan denuncias previas, e polo tanto dende a administración é necesario seguir incrementando estas garantías que ofrezan as mulleres vítimas unha maior seguridade e confianza no sistema xudicial.

E por iso polo que formulamos esta iniciativa, na que solicitamos que dende a Xunta de Galicia, previo acordo no Consello Asesor de Asistencia Xurídica Gratuíta, se establezan unha serie de medidas que van contribuír a mellorar esa protección á que a administración está obrigada, en concreto:

- Engadindo como requisito de obrigado cumprimento para os letrados que queiran acceder ou manterse na quenda especial de violencia de xénero, non ter sido condenado por sentenza firme por un delito de violencia de xénero.
- E por outra banda, engadindo á unidade de actuación letrada establecida nos casos de asistencia a vítimas de violencia, a defensa nos procedementos posteriores que estean vinculados coa condena inicial por violencia de xénero, tanto sexan de carácter penal ou de calquera ámbito, como pode ser procedemento por quebrantamentos de condena, acoso, ameazas e demais, sen que se estableza o prazo máximo dun ano.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entende o Goberno galego que é necesario implementar máis medidas dende a Administración pública que garantan a protección e o acceso á xustiza das vítimas de violencia de xénero?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/07/2021 09:38:20

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2021 09:38:27

Noelia Otero Lago na data 27/07/2021 09:38:35

Pablo Arangüena Fernández na data 27/07/2021 09:38:42





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, María González Albert e Mercedes Queixas Zas, Iago Tabarés Pérez- Piñeiro e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á corrección da deturpación do topónimo de Ourense na sinalización viaria galega, singularmente na estrada Ou-536 (Ourense-Trives).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos aspectos onde a represión lingüística, especialmente a impulsada na ditadura franquista, se fixo máis visíbel e simbólica é o da deturpación da toponimia.

Sobre o papel, desde a aprobación do Estatuto de Autonomía, Galiza desenvolveu instrumentos diversos para recuperar e restaurar ámbitos de uso para a lingua. Máis aínda, colectivos sociais e culturais desenvolveron unha importante labor neste ámbito. Así mesmo, as recomendacións internacionais a prol da diversidade lingüística e da protección das linguas minorizadas e minoritarias contempla a necesidade de salvagarda dos nomes propios e de lugares, mesmo as propias Nacións Unidas teñen ditado recomendacións ao respecto.

No marco desta evolución, a propia Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística fixa o marco para o uso oficial do galego en diversos ámbitos e senta os vieiros legais para a recuperación e fixación da toponimia galega. No seu artigo 10 establece que "os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega" e que "corresponde á Xunta de Galiza a determinación dos nomes oficiais dos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galiza.”

A pesares da normativa existente, distintas entidades públicas e privadas seguen a vulnerala sistematicamente. Aínda que se deron pasos adiante, grazas ao labor de entidades como A Mesa pola Normalización lingüística e doutros colectivos sociais e culturais así como de organismos e entidades vinculados ao estudo e divulgación da lingua galega.

Porén, malia este esforzo, continúa sendo norma que os topónimos sexan deturpados. Froito do desatendemento das administracións e da vontade recentralizadora do Estado, continúan presentes moitas mostras de deturpación dos nomes e numerosos incumprimentos da lexislación vixente.

De forma especialmente preocupante, chama a atención que o topónimo Ourense sexa mal empregado pola propia administración, sendo habitual no ámbito ferroviario. Máis aínda, a propia Xunta de Galiza está a deixar moito que desexar canto ao cumprimento da norma, tanto na súa defensa diante do Estado e das entidades privadas como nos ámbitos que lle son competencia propia.

Un destes exemplos negativos é o caso da estrada OU-536 entre Trives e Ourense. Durante anos, este grupo Parlamentar alertou do uso deturpado do topónimo Ourense na estrada de titularidade galega OU-536, que une Ourense e Trives. Desde a Xunta de Galiza, para a que non é unha prioridade, a actitude foi de falta de dilixencia. Finalmente, cando se acometeu a reforma da Avenida de Otero Pedrayo ao seu paso pola cidade, corrixiuse o sinal deturpado á altura do barrio das Lagoas. Porén, nesta estrada continúan mostras vivas deste desleixo, como é o caso do sinal que existe no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alto do Couso, que por outra banda está obsoleto e non encaixa co paradigma de sinais que se emprega na actualidade.

Por estes motivos, e tendo en conta a importancia de que a Xunta de Galiza se comprometa co respecto á toponimia do noso país, é necesario que acometa a corrección desta situación con carácter inmediato.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai corrixir o goberno galego os topónimos deturpados das vías que son da súa responsabilidade e singularmente da OU-536?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

María González Albert

Mercedes Queixas Zas

Iago Tabarés Pérez- Piñeiro

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/07/2021 09:45:25

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/07/2021 09:45:30

Mercedes Queixas Zas na data 27/07/2021 09:45:36

María González Albert na data 27/07/2021 09:45:43

Noa Presas Bergantiños na data 27/07/2021 09:45:53



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, María Sol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez e Marta Nóvoa Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O contexto de cambio climático no que nos atopamos obriga a tomar medidas para estar preparados fronte a eventualidade de que se produzan episodios de seca, pero tamén para afrontar os episodios cada vez máis frecuentes de precipitacións intensas que poidan supoñer risco de inundacións.

A Xunta de Galicia, a través de Augas de Galicia, e de xeito paralelo á posta en marcha do Plan de Xestión de Riscos de Inundación Galicia-Costa 2021-2027, está a desenvolver os plans específicos de xestión de inundacións en nove zonas fluviais que presentan un maior risco.

Trátase, en concreto, das contornas do río Umia, en Caldas de Reis e Portas; Ulla-Sar, en Padrón, Dodro, Rianxo, Rois, Catoira, Pontecesures e Valga; o Anllóns, en Carballo; Campeda, en Vimianzo; Fontecova e Trasposta, en Viveiro; Bahiña e o roba, en Baiona; e o Lagares, en Vigo.

Estes plans recollen medidas e actuacións paliativas e preventivas de aplicación polas distintas administracións, autonómica e local, para minimizar o risco de enchentes.

A Xunta de Galicia, de feito, xa asinou convenios de colaboración cos varios concellos como, entre outros, Padrón, Baiona, Gondomar, Valga, Catoira ou Ríos, para executar as actuacións pertinentes.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego do desenvolvemento do Plan de Xestión de Riscos de Inundación Galicia-Costa 2021-2027?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Diego Calvo Pouso na data 27/07/2021 09:50:54

Carmen María Pomar Tojo na data 27/07/2021 09:51:05

Ramón Carballo Páez na data 27/07/2021 09:51:36

María Sol Díaz Mouteira na data 27/07/2021 09:51:47

Rubén Lorenzo Gómez na data 27/07/2021 09:51:59

Marta Nóvoa Iglesias na data 27/07/2021 09:52:12

José Manuel Balseiro Orol na data 27/07/2021 09:52:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Teresa Egerique Mosquera, María Corina Porro Martínez, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, María Sol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez e Marta Nóvoa Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A finais do pasado ano a Xunta de Galicia propúxolle ao Concello de Vigo colaborar na posta en marcha dun ambicioso plan encamiñado a minimizar os posibles efectos negativos dunha eventual enchente do río Lagares ao seu paso pola cidade olívica.

As obras planificadas pola Xunta inclúen a mellora do espazo fluvial e da drenaxe do río no cruce coa avenida Severino Cobas, na Rega do Folón no cruce coa estrada Camposancos e na Avenida de Madrid; a optimización do espazo fluvial ao seu paso polo polígono de Caramuxo ou áreas de inundación controladas, en Sárdoma e en Lavadores.

Segundo a proposta trasladada pola Administración autonómica, Augas de Galicia asumiría a execución e o financiamento das actuacións aludidas, cuxo coste se estima en preto de 7 millóns de euros e o Concello de Vigo tería que xestionar os terreos precisos para a realización das obras.

A iniciativa, pola súa envergadura, tería un impacto de gran relevancia para a cidade de Vigo, tanto dende o punto de vista medioambiental como social, que marcaría un antes e un despois no que atinxe ao control dun eventual asolagamento do río Lagares.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o contido do protocolo de colaboración proposto pola Xunta ao Concello de Vigo para avanzar no Plan para reducir o risco de inundacións do río Lagares ao seo paso por ese municipio?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Diego Calvo Pouso na data 27/07/2021 09:55:27

Teresa Egerique Mosquera na data 27/07/2021 09:55:38

María Corina Porro Martínez na data 27/07/2021 09:55:46

Carmen María Pomar Tojo na data 27/07/2021 09:56:07

Ramón Carballo Páez na data 27/07/2021 09:56:15

José Manuel Balseiro Orol na data 27/07/2021 09:56:30

María Sol Díaz Mouteira na data 27/07/2021 09:56:41

Rubén Lorenzo Gómez na data 27/07/2021 09:56:52

Marta Nóvoa Iglesias na data 27/07/2021 09:56:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre o bacharelato de artes no Concello de Redondela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai escasas semanas o BNG trouxo a esta comisión unha iniciativa para dotar o concello de Redondela dun bacharelato de artes. Unha proposta á que o Partido Popular se opuxo alegando que non existía nin demanda nin unha vontade unánime dos grupos da corporación municipal e da comunidade educativa de Redondela a este respecto.

No último pleno celebrado no concello de Redondela debateuse unha iniciativa para dotar este concello do bacharelato artístico. Neste pleno empregáronse os mesmos argumentos presentados por este grupo nesta comisión parlamentar de educación, e a diferenza do que aconteceu aquí acadouse un acordo unánime de todos os grupos.

Alén de nese pleno evidenciárense as contradicións e falsidades esgrimidas polo Partido Popular nesta comisión, demostrouse tamén que dotar o concello de Redondela dun bacharelato artístico non só é unha demanda xusta da comunidade educativa senón unha petición que está avalada por toda os axentes educativos senón que está respaldada por todos os grupos políticos do Concello de Redondela.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai o Goberno galego ofertar os estudos do bacharelato artístico en Redondela antes do curso 22/23?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 27/07/2021 10:22:40

Mercedes Queixas Zas na data 27/07/2021 10:22:43

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/07/2021 10:22:53



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Mediante Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública, do 17 de decembro de 2020, adxudicouse destino definitivo ao persoal funcionario que superou o proceso selectivo para o ingreso no corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C1, escala de axentes do Servizo de Gardacostas de Galicia, convocado pola Orde do 2 de decembro de 2016.

As 20 prazas adxudicadas, deberan corresponder exclusivamente á especialidade de Vixilante Mariñeiro (Nivel 14), dándoselle opción, na elección de destino resultante do proceso selectivo, a ocupar prazas de Subinspector e Patrón con distintos niveis, aos que non opositaron nin para os que o proceso selectivo tiña como obxecto a súa cobertura.

- Vixilante-Mariñeiro, de nivel 14: 15 prazas
- Subinspector de nivel 16: 1 prazas
- Patrón de nivel 18: 4 prazas

O día 11 de xaneiro de 2021, a Consellería de Pesca publica, a través da páxina web da Dirección Xeral da Función Pública, 14 prazas para a súa cobertura polo sistema de provisión mediante a comisión de servizo, as seguintes prazas:

- Vixilantes-Mariñeiros: prazas
- Unidade Operativa de A Coruña: 1
- Unidade Operativa de Muxía: 1
- Unidade Operativa de Ribeira: 3
- Unidade Operativa de Pontevedra: 1
- Mecánico:



- a. Unidade Operativa de Celeiro: 1
- b. Unidade Operativa de Pontevedra: 2
- c. Unidade Operativa de Vilagarcía: 1
 - Patrón:
 - a. Unidade Operativa de A Coruña: 12
 - b. Unidade Operativa de Celeiro: 1
 - c. Unidade Operativa de Ribeira: 1

Non entendemos como se ofertan á elección de destino postos de Subinspector e Patrón, en tanto que días máis tarde saen para a súa cobertura en Comisión 6 prazas de Vixilante Mariñeiro, o que ven a significar que si existían prazas suficientes na categoría de Vixilante Mariñeiro.

Por outra banda, e en relación aos aspirantes a escala de axentes (subgrupo C1), escala de axentes do Servizo de Gardacostas de Galicia, denominación do posto de vixilante mariñeiro, temos coñecemento que moitas das persoas que accederon a estes postos tanto con carácter fixo como temporal, non tiñan a formación esixida na RPT (Permiso de conducir (R.I.); Libreta de navegación; Certificado de suficiencia de Mariñeiro de Ponte da Mariña Mercante, ou calquera outra habilitación náutica da mariña Mercante que teña atribucións profesionais de despacho de buques ou superior o anterior).

En concreto que algunhas destas persoas non tiñan a libreta de inscrición marítima, que leva consigo a Titulación profesional da “Formación Básica” e o “Certificado médico de aptitude para embarque”.

Dende a Administración autonómica para a elaboración da lista definitiva nos consta que solo se requiriu, nalgúns casos, os certificados de suficiencia de mariñeiro de ponte que emitiu a Consellería do Mar, e non se tivo en conta a acreditación de haber realizado un período de embarque non inferior a dous



meses realizando, polo tanto, os servizos profesionais como mariñeiro de ponte e posteriormente habilitados polos órganos periféricos da Dirección Xeral da Mariña Mercante para que poida ser expedida a Titulación profesional polo Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana e non exclusivamente a académica, como se dispoñía na Resolución de 14 de novembro de 2016.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como xustifica o Goberno galego, as irregularidades cometidas no acceso, tanto definitivo como temporal, aos postos de axentes do Servizo de Gardacostas de Galicia?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/07/2021 10:04:47

Patricia Otero Rodríguez na data 27/07/2021 10:04:55

Pablo Arangüena Fernández na data 27/07/2021 10:05:06



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Sobre o mediodía do pasado sábado 8 de maio, produciuse un incendio na empresa conserveira Jealsa en O Bodión, municipio de Boiro.

As chamas orixináronse na zona de conxelados, que se atopaba en obras, e o lume, avivado polo vento, propagouse rapidamente, xerando unha densa fumareda negra que se vía dende distintos puntos da ría de Arousa.

Vivíronse momentos de moita tensión, ao tratarse do principal grupo empresarial de Barbanza, cuxa perda, podería supoñer unha catástrofe para a economía, a industria e o emprego da comarca.

Para sufocar dito incendio, a Xunta de Galicia activou o nivel 1 do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (Platerga), baixo o seu mando, interviñeron nos traballos para apagar o incendio os bombeiros de Boiro, Ribeira, Ribadumia e Santiago, e os GES de Noia, Muros e Sanxenxo, así como integrantes das agrupacións de Protección Civil de Boiro, A Pobra, Rianxo, Ribeira, Noia e Cambados. Tres helicópteros anti lumes e equipos de Salvamento Marítimo e Gardacostas, ademais de efectivos de Policía Local e Garda Civil.

Este feito deixounos novamente claro, a necesidade de contar con equipos formados e persoal suficiente, en materia de emerxencias que poda salvar unha situación grave e evitar danos materiais e persoais.

Entre os equipos de emerxencias que foron mobilizados atópase o Servizo de Emerxencias de Sanxenxo que trasladou, nun primeiro momento, unha dotación de 3 efectivos, e despois dunha hora mobilizou outros 6 máis, dos cales 3 se trasladaron a Boiro e outras tres persoas permaneceron na garda en Sanxenxo, para atender as emerxencias ordinarias que puideran xurdir.

Hai que destacar que este servizo, foi o único servizo de fora das provincia de A Coruña que se mobilizou.



Neste sentido, non é a primeira vez que é requirido para actuar en zonas fóra do seu radio de cobertura territorial, debido a súa formación, profesionalidade e anos de experiencia.

Pero, a pesar disto o alcalde de Sanxenxo en conivencia co Vicepresidente da Xunta de Galicia, pretenden desmantelar este servizo, recortando o cadro de persoal de 18 a 12 membros e reducindo as quendas de garda a 2 persoas.

A pesar do apoio veciñal, e dos compañeiros doutros centros, o Goberno local e autonómico non dan o seu brazo a torcer no que vai supoñer o desmantelamento dun servizo esencial que afecta a varios municipios, cunha gran densidade de poboación nalgúns épocas do ano, repercutindo nunha falla de seguridade para veciños/as e visitantes e por outra banda, poñendo tamén en grave risco ao persoal intervinente nas emerxencias.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que opina o Goberno galego do desmantelamento do GES de Sanxenxo?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Noa Díaz Varela
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/07/2021 10:11:53

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2021 10:12:01

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2021 10:12:10

Pablo Arangüena Fernández na data 27/07/2021 10:12:22



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Juan Carlos Francisco Rivera, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O día 5 de maio, publicouse no DOG a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Natural na que se establece o réxime de vedas da tempada de caza 2021/2022.

Nesta resolución, o Goberno galego volve a autorizar a caza na tempada estival, coñecida como «media veda», na ZEPA de A Limia.

A Limia está integrada na Rede Natura, pois foi declarada ZEPA (zona de especial protección para as aves) pola Xunta de Galicia no ano 2009 en aplicación dunha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea por incumprimento da Directiva Aves de crear espazos de protección para as aves.

A media veda da Limia é un grave problema ambiental.

Coa autorización da Xunta de Galicia, cázanse nela especies migratorias nun espazo natural protexido creado precisamente para conservalas (no período 2014-2019 matáronse 3.870 rulas e 50.172 paspallás, segundo datos oficiais, co agravante de que no período estival de caza os paspallás aínda están criando).

Pero con ela tamén está a darse cobertura á caza ilegal de numerosas especies protexidas, incluídas aves rapaces, pois a Xunta de Galicia non ten capacidade operativa para impedilo: os axentes de medio ambiente non poden distinguir na distancia cando está a dispararse ilegalmente a un ave migratoria protexida de cando está a cazarse legalmente un pombo.

Con esta resolución o Goberno galego volve a desatender as esixencias da Comisión Europea e as numerosas demandas da cidadanía e das entidades conservacionistas para que elimine definitivamente un período de caza que afecta gravemente á rula (*tórtola europea* en castelán) e a outras aves migratorias.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é o motivo polo que a Xunta de Galicia busca enfrontarse nos tribunais á Comisión Europea por incumprir a directiva de aves coa autorización da caza na tempada estival, coñecida como «media veda», na ZEPA de A Limia?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Juan Carlos Francisco Rivera
Pablo Arangüena Fernández
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/07/2021 10:17:17

Juan Carlos Francisco Rivera na data 27/07/2021 10:17:24

Pablo Arangüena Fernández na data 27/07/2021 10:17:32

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/07/2021 10:17:44

Patricia Otero Rodríguez na data 27/07/2021 10:17:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Rosana Pérez Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as actuacións da Xunta para garantir as compensacións económicas aos mariscadores e mariscadoras da Ría do Burgo durante as obras de dragaxe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os medios de comunicación informaron neste mes de xullo das conclusións do informe, solicitado pola Xunta ao Catedrático de Dereito Administrativo da USC Luís Míguez Macho, para dar conta de a quen corresponden as responsabilidades para asumir as necesarias compensacións económicas aos mariscadores da Ría do Burgo unha vez paralizada a súa capacidade de continuar a desenvolver o seu traballo na Ría do Burgo por mor do comezo inminente das obras de dragaxe.

A duración destas demandadas obras de recuperación da capacidade produtiva da Ría Do Burgo prolongaranse algo máis de dous anos, o que obrigará ao cese da actividade laboral dos mariscadores e mariscadoras a pé e a flote que aínda seguen a traballar ao amparo dos plans marisqueiros aprobados pola Xunta de Galiza, coas consecuencias negativas que tamén se derivan cara á Confraría.

No último ano o grupo parlamentario do BNG demandou do grupo do PP que asumisen as súas responsabilidades para con este colectivo, xa que a xestión da pesca e do marisqueo se trata dunha competencia en exclusiva exercida pola Xunta de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Agora, no mencionado informe, encargado e difundido pola Consellería do Mar, sobre a distribución de competencias en relación ás eventuais compensacións económicas pola suspensión temporal da actividade marisqueira na zona afectada pola execución do proxecto de rexeneración da Ría do Burgo, o autor conclúe que se trata dunha competencia e responsabilidade exclusiva da Administración xeral do Estado.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego após a emisión do informe da USC?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Rosana Pérez Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/07/2021 11:12:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 27/07/2021 11:12:25



Á Mesa do Parlamento

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez, María Encarnación Amigo Díaz, María Corina Porro Martínez, Miguel Ángel Tellado Filgueira, Noelia Pérez López, José Alberto Pazos Couñago e María Elena Suárez Sarmiento, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

Fai case un ano do comezo da pandemia provocada polo coronavirus e recentemente acabamos de superar os picos producidos pola terceira onda con datos moi elevados no relativo ao número de infectados e coa maior presión hospitalaria sufrida ata ao momento. Aínda que hoxe os datos son mais positivos, co descenso de todas as cifras, son moitas as persoas que teñen pasado a infección por SARS-CoV-2.

Aínda que a experiencia e o coñecemento adquirido nos últimos meses respecto a esta enfermidade permitiu mellorar o tratamento que se lles presta aos pacientes que requirían de hospitalización, tanto eles como moitos dos que pasaron o virus nos seus fogares, sofren a día de hoxe, os efectos secundarios causados pola Covid-19.

Desde afectación pulmonar, afectacións cardiovasculares, como arritmias, miocardites ou insuficiencias cardíacas ou afectacións neurolóxicas, entre as que se atopan a dor de cabeza, a vertixe, a perda do gusto e do olfacto, e en casos mais graves, ictus, inestabilidade na marcha, etc..

O Conselleiro de Sanidade anunciou recentemente neste Parlamento a creación das Unidades Postcovid, para tratar a todos eses pacientes que teñen superado a enfermidade, pero aínda teñen secuelas como consecuencia da infección.

Por isto , os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cales son os os avances respecto do desenvolvemento das unidades postcovid na sanidade pública?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021



Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/07/2021 11:26:27

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2021 11:26:37

María Corina Porro Martínez na data 27/07/2021 11:26:50

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2021 11:27:03

Noelia Pérez López na data 27/07/2021 11:27:11

José Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2021 11:27:59

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/07/2021 11:28:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Marisol Díaz Mouteira, María Encarnación Amigo Díaz, María Corina Porro Martínez, Miguel Ángel Tellado Filgueira, José Alberto Pazos Couñago e María Elena Suárez Sarmiento, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

Grazas ao investimento realizado pola Xunta de Galicia nos últimos anos, o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense ten mudado e mellorado as prestacións do Hospital.

A execución da primeira fase do Plan Director, iniciada a finais do ano 2017, cun investimento de mais de 43M€ permitiu ampliar notablemente a superficie do Hospital.

Un total de 55.000 m2 nos que a meirande parte corresponden á nova área de hospitalización.

As obras permitiron reordenar os servizos do hospital e a centralización no novo edificio os servizos de Medicina Interna, Oncoloxía, Hematoloxía, Neumoloxía, Endocrinoloxía, Reumatoloxía, Psiquiatría, Traumatoloxía, Cirurxía Xeral, Neuroloxía, Neurocirurxía, a nova Unidade de Hospitalización Innovadora e a Cuberta Terapéutica.

Ademais coas obras creáronse novos espazos para a docencia, unha nova cociña central, a nova sala de autopsias, etc..

O Conselleiro de Sanidade ten anunciado neste Parlamento que nos orzamentos do 2021 se incluíron 10M€ para a primeira fase da reprogramación funcional do Complexo, no que está prevista a construción dun novo edificio e a reforma do hospital materno infantil.

Por isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cales son os próximos pasos previstos respecto as actuacións anunciadas no Complexo Hospitalario de Ourense?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021



Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/07/2021 11:32:25

Noelia Pérez López na data 27/07/2021 11:41:10

María Sol Díaz Mouteira na data 27/07/2021 11:41:40

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2021 11:42:03

María Corina Porro Martínez na data 27/07/2021 11:44:10

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2021 11:44:24

José Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2021 11:44:37

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/07/2021 11:44:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Pérez López, Carme González Iglesias e Ramón Fernández Alfonso, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, en demanda de denegación de autorización dos dous novos proxectos eólicos proxectados na contorna da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba, declarada polo Decreto 294/2008.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto 294/2008 declarou paisaxe protexida os Penedos de Pasarela e Traba e o establecemento dun réxime de protección especial para este senlleiro espazo natural.

A paisaxe dos Penedos de Pasarela e Traba quedaba así incluída na Rede galega de espazos protexidos. Representa unha superficie aproximada de 212 hectáreas e esténdese polos concellos de Vimianzo e Laxe, no corazón da Costa da Morte, na provincia da Coruña, converténdose nun espazo natural de relevancia única.

A combinación de formas rochosas que presentan os Penedos de Pasarela e Traba conforma unha paisaxe singular que destaca pola súa beleza. A dorsal que se alonga desde a Cachucha ata a Torre de Moa, pasando pola Pena Forcada, forma un impresionante pano de fondo visible tanto desde a localidade de Pasarela como, dun xeito especial, desde a área de Traba. Postos no areal que cerra a lagoa, pódese contemplar unha das paisaxes máis fermosas da costa galega.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os valores culturais dos penedos sempre foron un elemento singular nas paisaxes galegas, verdadeiros fitos aos que se asocian desde lendas e tradicións ata poderes curativos. Por iso, os penedos non son unicamente pedras amorfas e sen valor; son, fundamentalmente, elementos figurativos, perceptuais e culturais das paisaxes.

No caso concreto de Pasarela, no seu conxunto, os penedos resaltan na paisaxe, sendo a Pena Forcada e a Torre da Moa os dous elementos máis visibles, a modo de agullas que se alongan cara ao ceo; a escala de detalle encadéase un conxunto de mesoformas, realmente extraordinario, no cal é posible admirar tanto formas zoomórficas como xeométricas ou antropomórficas dun gran valor que xera un espazo singular, sendo precisamente esta singularidade a que debe levar a pór en marcha unha política de protección integral.

Á parte do seu valor estético ou paisaxístico, as formas teñen un enorme valor científico porque permiten coñecer cal foi a evolución da paisaxe e, consecuentemente, como se poden someter aos instrumentos de planificación ou plans de conservación. O macizo dos Penedos de Pasarela e Traba reúne, por tanto, os valores necesarios para ser conservado íntegro no seu conxunto desde a protección como paisaxe protexida.

A protección e a conservación do noso patrimonio natural é un mandado recollido no artigo 45 da Constitución e unha necesidade para asegurar a supervivencia dos nosos ecosistemas. As características e os singulares valores naturais, estéticos e culturais que presentan os Penedos de Pasarela e Traba son merecentes dunha protección especial e xustifican plenamente a súa declaración como paisaxe protexida.

É por iso que o Decreto 294/2008 ditaminou que no prazo de dous anos desde a súa entrada en vigor, o goberno galego debía aprobar o plan de conservación da paisaxe





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

protexida dos Penedos de Pasarela e Traba, que inxustificadamente o goberno galego nunca chegou a presentar.

Ademais, a zona afectada estaría incluída dentro da Ampliación da Rede Natura 2000, que tamén quedou conxelada dende o ano 2011.

Esta espectacular formación de penedos graníticos esculpidos pola meteorización xa se viron ameazados co intento de explotación dunha canteira sobre eles.

Hoxe a ameaza son dous proxectos eólicos, o do Monte Chan e o da Pena dos Mouros. O primeiro, na zona sur do val, contempla a instalación de 9 aeroxeneradores que acadarían unha potencia global de 46,2MW. O segundo tería 7 turbinas máis, cun total de 35 MW de potencia.

Algún dos aeroxeradores instalaranse no interior da Paisaxe Protexida, moi perto da Cachucha (1) e da Torre da Moa (2), tal e como se indica na memoria presentada pola empresa EDP Renovables, e os demais ocuparían o conxunto das serras impactando no lugar e no ecosistema da Paisaxe Protexida, o que se traduce nun dano irreparábel para a conservación esta.

Ademais, estes proxectos eólicos poderían afectar tamén á Zona de Especial protección dos Valores Naturais (ZPVN), Zona de Especial Conservación (ZEC) e Zona de Especial protección de Aves (ZEPA) “Costa da Morte”.

As alegacións presentadas polo BNG de Laxe advirte doutras múltiples vulneracións derivadas da construción destes dous parques eólicos:

- O Parque de Pena dos Mouros vulnera de xeito “flagrante” a Directiva Europea 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

con “impacto ambiental severo” en canto a “afección aos recursos hídricos”, xa que se sitúa “na confluencia de tres concas: as concas costeiras (verten directamente ao mar) de Costa da Morte e Río de Traba; e unha interior, a do Río Grande

- O Parque Monte Chan tamén vulnera a Directiva Europea, cunha directa afección ambiental e paisaxística severa aos Penedos, pois o seu ámbito de implantación englobase na súa práctica totalidade nas unidades de paisaxe delimitadas no Plan de ordenación do litoral (POL) denominadas “Traba”, “ Val de Soesto” e “Os Penedos de Pasarela”, que ten moi preto, a penas 90m os dous aereoxeneradores máis ao sur do parque.

A isto hai que lle sumar a afección directa á Rede Natura, ás diferentes Áreas de Interese Ambiental, á Paisaxe e aos humidais, como de Coto da Mina e Os Muíños, así como ao plan de conservación do chorlitejo patinegro (*Charadrius alexandrinus* L.), e da subespecie lusitánica do escribano palustre (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher).

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Comprométese o goberno a a denegar a autorización dos dous novos proxectos eólicos proxectados na contorna da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba declarada polo Decreto 294/2008?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonzo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/07/2021 11:59:19

María do Carme González Iglesias na data 27/07/2021 11:59:29

Daniel Pérez López na data 27/07/2021 11:59:37

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/07/2021 11:59:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade dunha maior aposta polo software libre por parte da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo dos últimos anos a Xunta de Galiza vén realizando unha serie de acordos con empresas fornecedoras de software privativo como Microsoft que están a producir que tanto en esferas coma a administrativa ou a educativa este tipo de software sexa o maioritario. Isto ademais de provocar unha importante serie de pexas, conlevou un elevadísimo gasto que chegou só no ano 2019 aos 13,5 millóns de euros só en licenzas a Microsoft, unha cifra escandalosa se temos en conta que Comunidades Autónomas como a de Madrid gastou un total de case 18 millóns de euros no período 2015-2019.

Estes datos, ademais do elevado gasto, conlevan unha grandísima preocupación pola dependencia tecnolóxica da administración galega que se centra nun modelo pechado e pouco interoperable.

Alén disto, estes datos desalentan e truncan o modelo que se acadara no período 2005-2009 no que Galiza chegara a ser unha referencia mundial no uso e na promoción do software libre.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este impulso do software libre non se debía a unha preferencia desmotivada, todo o contrario. As vantaxes do software libre son as que nos impiden entender a razón pola cal a Xunta de Galiza se saíu do camiño iniciado hai quince anos e rexeitando un modelo que entre as súas bondades podemos citar as seguintes:

- Independencia dos xigantes multinacionais, o que provoca unha mellor liberdade por parte do goberno.
- Unha adaptación máis doada á lingua galega, o que garante os nosos dereitos lingüísticos.
- Potenciación dos desenvolvemento da empresa galega. Co uso do software libre favoreceríase a incorporación de empresas no noso país axudando así ao seu crecemento e á ampliación da oferta de traballo.
- Sectorialización do software, permitindo a súa adaptación aos sectores económicos como o agro, a pesca e moitos outros.
- Maior facilidade na migración dos datos.
- Menor custe, reducindo o gasto desorbitado do goberno galego en software privativo.
- Maior capacidade de adaptación aos cambios lexislativos.

Todas estas son só algunhas das múltiples vantaxes do emprego do software libre ás que o goberno galego lles pecha a porta debido á súa aposta descarada polo software privativo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está disposta a Xunta de Galiza a impulsar e favorecer o uso do software libre en todas as áreas e dependencias que sexan da súa competencia?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 27/07/2021 12:01:14

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/07/2021 12:01:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. En Galiza existen 201 especies ameazadas, das cales 75 están en perigo de extinción e 126 en situación vulnerábel. Tanto a lei 42/2007 do patrimonio natural e a biodiversidade como a lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia prevén a aprobación de plans de recuperación para as especies en perigo de extinción e plans de conservación para as especies vulnerábeis.

2. Logo da aprobación do Decreto 88/2007 polo que se regula o Catálogo de Especies Ameazadas de Galicia aprobáronse os seguintes plans

- Decreto 70/2013 polo que se aproba o plan de recuperación do sapoconcho común

- Decreto 75/2013 polo que se aproba o plan de recuperación da escribenta das canaveiras.

- Decreto 9/2014 polo que se aproba o plan de conservación da pílara das dunas.

No ano 2013 iniciouse o procedemento de revisión do plan de recuperación dos oso pardo transcorridos máis de 8 anos aínda non foi aprobado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. A Xunta de Galiza adxudicou outros plans de conservación e de recuperación de especies ameazadas, sen que chegara a aprobarse oficialmente coa publicación do DOG. O que pode chegar a supoñer un grave risco para as especies vulnerábeis e en risco de extinción e un incumprimento do establecido na lexislación vixente.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que razón o goberno galego non aprobou os plans de recuperación e conservación de 196 especies ameazadas ?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/07/2021 12:04:18

Alexandra Fernández Gómez na data 27/07/2021 12:04:25



Á Mesa do Parlamento

Ramón Carballo Páez, Cristina Sanz Arias, José Manuel Balseiro Orol, María Encarnación Amigo Díaz, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez, María Corina Porro Martínez, Miguel Ángel Tellado Filgueira, Noelia Pérez López, José Alberto Pazos Couñago e María Elena Suárez Sarmiento, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

Na cidade de Lugo avanza a obra de construción do que aspira a converterse no primeiro centro integral de saúde de Galicia. Falamos dun novo novo equipamento sanitario que aproveita o antigo espazo do hospital materno-infantil para acadar un edificio con máis de 5.600 metros cadrados.

Estas instalacións, concentrarán nun mesmo edificio todos os servizos dunha sanidade pública de primeiro nivel: o Servizo de Saúde Mental, a base do 061, o Punto de Atención Continuada e un moderno centro de saúde.

Esta actuación estratéxica pon de manifesto a aposta que a Xunta vén facendo na última década pola sanidade pública galega. De feito, o Goberno que preside Alberto Núñez Feijóo está a investir 12 millóns de euros na construción deste equipamento sanitario de referencia.

Con este novo investimento, a sanidade lucense completará a enorme transformación que comezou en 2011 coa posta en funcionamento do Lucus Augusti.

A Xunta segue cumprindo os seus compromisos con Lugo. Un compromiso que supón ademais facer cidade, xa que o novo centro de saúde forma parte dunha actuación máis ambiciosa da Xunta para recuperar edificios públicos no barrio da Residencia e dotar aos veciños de máis e mellores servizos.

No marco deste proxecto global, o Executivo autonómico ten previsto neste barrio novos equipamentos socio-sanitarios, como a residencia da terceira idade que impulsa a Consellería de Política Social, ou servizos vinculados ao fomento do emprego, que está a desenvolver a Consellería de Economía.

Polo exposto os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta

En que situación se atopa a obra de construción do centro integral de saúde de Lugo emprazado no barrio da Residencia?



Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Ramón Carballo Páez na data 27/07/2021 12:02:40

Cristina Sanz Arias na data 27/07/2021 12:02:51

José Manuel Balseiro Orol na data 27/07/2021 12:03:08

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2021 12:03:24

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 27/07/2021 12:03:37

María Corina Porro Martínez na data 27/07/2021 12:03:51

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2021 12:04:00

Noelia Pérez López na data 27/07/2021 12:04:12

José Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2021 12:04:29

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/07/2021 12:04:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Noelia Pérez López, Alberto Pazos Couñago e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

En xuño de 2020 levouse a cabo a convocatoria do I Premios de á Innovación en Saúde do Sistema Público de Galicia que promove a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS). Nesta primeira edición do certame as dúas modalidades convocadas foron para profesionais e para pacientes.

A convocatoria destes Premios tivo unha boa acollida presentándose un total de 70 proxectos vencellados á innovación sanitaria desde o eido profesional, e desde as categorías de pacientes, organizacións ou asociacións sen ánimo de lucro que traballan de xeito directo ou indirecto, na procura dun Sistema Público de Saúde máis innovador e eficiente.

Por outra banda, a Plataforma de Innovación Sanitaria segue a traballar na procura de recoller e valorar novas ideas e proxectos que sexan aplicables á realidade sanitaria do Sistema Galego de Saúde.

A Plataforma conta cunha Rede de Nodos de Innovación (un por área sanitaria) como ferramenta para facilitar e promover a achega de ideas e realizar tarefas de dinamización, formación e promoción da innovación aberta entre os seus profesionais, á vez que lles prestan soporte na xestión e o acceso ao financiamento unha vez que as súas ideas se converten en proxectos.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que avaliación fai a Xunta de Galicia das súas iniciativas para promover a innovación dentro do sistema público de saúde?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2021 12:15:18

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/07/2021 12:15:36

María Corina Porro Martínez na data 27/07/2021 12:15:44

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2021 12:15:56

Noelia Pérez López na data 27/07/2021 12:16:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2021 12:16:28

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/07/2021 12:16:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Noelia Pérez López, Alberto Pazos Couñago e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Consellería de Sanidade iniciou no mes de febreiro unha campaña de reforzo de cara a mellorar o cumprimento das medidas sanitarias fronte ao coronavirus en Galicia.

A campaña lévana a cabo mais de 200 profesionais inspectores da Dirección Xeral de Saúde Pública facendo especial fincapé no control de aforos, distancias, uso de máscaras, etc. Para isto o persoal de inspección leva a cabo visitas para verificar a implantación das medidas nos establecementos e espazos que contan cunha elevada afluencia de persoas, como son os centros comerciais, prazas de abastos, hipermercados, supermercados, etc..

Coa apertura da hostalería e dos ximnacios a finais de febreiro anunciouse que a campaña se centraría nestes establecementos, pechados ata ese momento, co fin de asesorar a estes sectores no cumprimento das medidas e, polo tanto, na detención da propagación do virus. Ademais os inspectores supervisarían o cumprimento do Plan de hostalería segura, posto en marcha pola Xunta de Galicia e que implica tamén ás administracións locais.

Ademais anunciouse que esta campaña de reforzo estará activa ata o mes de abril aínda que en función da evolución da pandemia, se revisaría a pertinencia de aumentar a duración da mesma.

Por isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre o desenvolvemento da campaña de reforzo para o cumprimento das medidas sanitarias nos establecementos galegos?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2021 12:19:11

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/07/2021 12:19:26

María Corina Porro Martínez na data 27/07/2021 12:19:34

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2021 12:19:45

Noelia Pérez López na data 27/07/2021 12:19:58

José Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2021 12:20:13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



María Elena Suárez Sarmiento na data 27/07/2021 12:20:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Noelia Pérez López, Alberto Pazos Couñago e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O sistema público de saúde de Galicia, para aproveitar o coñecemento que nace coa crise sanitaria da covid-19 e para impulsar avances neste eido, convocou o programa Traslaciona Covid-19.

A finalidade foi apoiar a investigación sanitaria co financiamento de proxectos, ideas ou iniciativas xurdidas dentro do Sistema Público de Saúde orientadas a prevención, diagnóstico ou tratamento da enfermidade.

O Consello da Xunta do 22 de outubro de 2020 informou sobre a resolución da convocatoria deste programa, con 10 proxectos beneficiados.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que resultados espera obter a Xunta de Galicia dos proxectos de investigación beneficiados polo programa Traslaciona Covid-19?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2021 12:22:49

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/07/2021 12:23:05

María Corina Porro Martínez na data 27/07/2021 12:23:15

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2021 12:23:28

Noelia Pérez López na data 27/07/2021 12:23:42

José Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2021 12:23:57

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/07/2021 12:24:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Noelia Pérez López, Alberto Pazos Couñago e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Galicia conseguiu, xunto coa rexión de Baixa Silesia (Polonia), unha das seis iniciativas de irmandade da iniciativa estratéxica European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing EIP on AHA ("Twinings"), que financia a Comisión Europea, e que serven para levar a cabo actividades de intercambio de coñecementos.

Os proxectos de irmandade promovidos céntranse no ámbito do envellecemento activo e saudable. A colaboración se baseará no intercambio de coñecemento no ámbito da teleasistencia a domicilio. TELEA é a plataforma de teleasistencia domiciliaria desenvolvida en Galicia e que poñen a disposición dos enfermos crónicos, entre outros, unha web na que mellorar o seguimento do seu caso y das súas patoloxías.

O Servizo Galego de Saúde adaptou TELEA durante a crise xerada pola Covid-19 coa finalidade de vixiar aos casos máis estables e liberar camas para os casos máis graves nos hospitais. Tamén se utiliza TELEA como programa de apoio para os pacientes que foron dados de alta.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que accións está a levar a cabo a Xunta de Galicia para promover melloras na plataforma TELEA?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2021 12:26:20

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/07/2021 12:26:35

María Corina Porro Martínez na data 27/07/2021 12:26:43

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2021 12:26:56

Noelia Pérez López na data 27/07/2021 12:27:09

José Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2021 12:27:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



María Elena Suárez Sarmiento na data 27/07/2021 12:27:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez, Felisa Rodríguez Carrera e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

As explotacións de orientación produtiva cárnica de bovino teñen unha importancia fundamental e un papel clave no equilibrio territorial da nosa Comunidade.

A súa importancia faise tanxible, ademais, desde o punto de vista do desenvolvemento dun produto de calidade no recoñecemento de indicación xeográfica protexida Ternera Galega, así como tamén de Vaca e/ou Boi Galego, que aglutinan máis de 9.000 produtores e 143 industrias, achegando un valor económico próximo aos 127 millóns de euros.

De feito, Ternera Galega é a I.X.P. que máis cantidade de quilos e máis facturación posúe, desde logo, no ámbito nacional.

Ao respecto da potencialidade coa que conta o sector da carne galego, xa temos visto o compromiso da Xunta reflectido no proceso de elaboración dunha Estratexia de dinamización do sector cárnico a medio e longo prazo, como xa se fixo co lácteo e o vitivinícola, en estreito contacto cos axentes destes ámbitos produtivos, que esperamos sexa presentada en canto sexa posible.

Así mesmo, da xestión que se fai respecto a este sector específico, desde o Grupo Parlamentario dos Populares desaprobamos as desafortunadas declaracións que fixo o ministro de Consumo, Alberto Garzón, o pasado mes de xullo, animando á cidadanía a consumir menos carne.

Unhas declaracións que poñen en risco o traballo de todas aquelas persoas que forman parte dalgún dos elos da cadea produtiva do sector cárnico e que, por descontado, difiren da opinión de membros do propio Goberno central, como é o caso do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), Luis Planas.



A colaboración das administracións públicas para a promoción do sector cárnico, así como para o conxunto do sector agrario dado o seu peso na nosa economía, é un feito transcendental do que partir.

Neste sentido os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que medidas se adoptaron pola Consellería do Medio rural no ámbito do sector cárnico?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 27/07/2021 13:14:45

Rubén Lorenzo Gómez na data 27/07/2021 13:15:15

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2021 13:15:24

José Antonio Armada Pérez na data 27/07/2021 13:15:44

Ramón Carballo Páez na data 27/07/2021 13:15:59

María Felisa Rodríguez Carrera na data 27/07/2021 13:16:11

Daniel Vega Pérez na data 27/07/2021 13:16:20



A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, Rubén Lorenzo Gómez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez, Felisa Rodríguez Carrera e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No ano 2020, foi posto en marcha o denominado “préstamo vendima”, unha iniciativa xurdida da necesidade de permitir a todas as adegas galegas afrontar a compra da totalidade da colleita dese mesmo ano en condicións normais de mercado, en consideración da afectación das repercusións económicas derivadas da crise sanitaria pola covid-19.

O préstamo vendima constituíase como unha nova liña de financiamento impulsada pola Xunta de Galicia, unha axuda excepcional para prestar apoio a viticultores, adegueiros e pequenas e medianas empresas dedicadas á transformación, á comercialización ou ao desenvolvemento de produtos agrícolas, sumada ás diversas liñas de axudas específicas xa existentes a disposición do sector vitivinícola galego, como a de mellora das instalacións de elaboración e comercialización, de promoción en terceiros países e/ou os plans de reestruturación e reconversión de viñedo.

O éxito colleitado por esta iniciativa financeira supuxo que a campaña do 2020 se mantivera en liña coa media do último decenio e permitiu que se recolleran máis de 60 millóns de quilogramos de uva nun ano, cando menos, complexo para o conxunto do sector agrario galego e español, en xeral.

Neste sentido, desde o Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia cremos que a reactivación deste préstamo vendima é un acerto de cara ao sector vitivinícola.

Un sector que non deixa de ser un dos máis dinámicos e internacionalizados da nosa Comunidade, cuxas dimensións acadan os máis de 10.000 viticultores, case que 500 adegas e un valor económico estimado de viño cualificado de máis de 230 millóns de euros. A estes efectos, é importante para Galicia o compromiso a prol deste eido produtivo clave pola súa importancia económica, a súa dimensión social, cultural e ambiental.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Ao abeiro do disposto, é necesario seguir apostando por este sector como se fixo ata agora, polo que o Grupo Parlamentario Popular está completamente de acordo con calquera medida que postergue esta aposta e permita continuar afrontando os retos e continxencias do futuro.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia da convocatoria para a anualidade do 2021 do préstamo vendima?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 27/07/2021 13:22:04

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2021 13:23:03

Rubén Lorenzo Gómez na data 27/07/2021 13:23:24

José Antonio Armada Pérez na data 27/07/2021 13:23:36

Ramón Carballo Páez na data 27/07/2021 13:23:57

María Felisa Rodríguez Carrera na data 27/07/2021 13:24:14

Daniel Vega Pérez na data 27/07/2021 13:24:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, Rubén Lorenzo Gómez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez, Felisa Rodríguez Carrera e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No ano 2019, a Xunta de Galicia anunciaba que se levaría a cabo a Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia, cuxa pretensión era fixar os obxectivos e as accións a desenvolver nos territorios do ámbito das denominacións de orixe galegas nun sentido amplo e tendo en conta aspectos relacionados co patrimonio, coa paisaxe, co turismo e coa gastronomía da zona.

Neste sentido, a industria vitivinícola constitúese como un sector estratéxico para Galicia pola importancia económica e as súas dimensións social, cultural e ambiental, sendo un dos máis dinámicos e internacionalizados da nosa economía agraria. De feito, entre as cinco denominacións de orixe protexidas (D.O.P.) de viños galegos – Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras–, e as catro indicacións xeográficas protexidas – Barbanza-Iria, Betanzos, Ribeiras do Morrazo, Val do Miño-Ourense–, aglutínanse máis de 10.000 viticultores e preto de 500 adegas, que achegan un valor económico do viño cualificado de máis de 230 millóns de euros.

Ao respecto, as D.O.P. galegas representan o 3,7% do volume do viño cualificado, pero o 5,9% do valor económico, feito que se debe a que a valoración que alcanza o viño galego de D.O.P. é un 60% superior á da media das D.O.P. nacionais. A propósito, as cinco D.O.P. de viños galegos son as cinco D.O.P. españolas con maior prezo medio dos viños brancos tranquilos con denominación no sector da hostalería.

Por outra banda, atendendo ao estudo Nielsen, que financia a Xunta para todos os axentes do sector vitivinícola galego, a entrada dos viños galegos con D.O.P. na canle da alimentación reforzou o seu potencial de comercialización, aumentando en máis dun



20% o consumo na canle da alimentación e incrementando tanto as vendas como o seu prezo en case toda España, tanto na hostalería como na alimentación.

A potencialidade que reflicten os datos do sector fixo posible a presentación, a pesares das continxencias da crise sanitaria, da Estratexia de dinamización das comarcas vitivinícolas a finais do pasado mes de xullo, co obxecto de mellorar o posicionamento competitivo dos viños de calidade no seu conxunto nos mercados nacionais e internacionais e transformar, de aquí a 2026, a capacidade de xeración de valor dos territorios onde se produce, aproveitando todos os seus recursos patrimoniais, culturais, naturais e paisaxísticos de xeito sostible, e colocando a Galicia como referente de destino enoturístico.

Neste sentido, o Grupo Parlamentario Popular ve de xeito positivo o impulso ás comarcas vitivinícolas co fin de realizar melloras medioambientais para recuperar e poñer en valor os recursos patrimoniais e culturais do noso territorio, e fomentar así o desenvolvemento socioeconómico e turístico das diferentes áreas xeográficas vencelladas á produción de viño de calidade, dándolle un empurrón final ao sector vitivinícola de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que impacto terá a Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia en cada un dos eixes sobre os que actúa?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 27/07/2021 13:27:26

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2021 13:27:47

Rubén Lorenzo Gómez na data 27/07/2021 13:28:01

José Antonio Armada Pérez na data 27/07/2021 13:28:12

Ramón Carballo Páez na data 27/07/2021 13:28:27

María Felisa Rodríguez Carrera na data 27/07/2021 13:28:43

Daniel Vega Pérez na data 27/07/2021 13:28:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Pleno**.

O centro sociosanitario Hestia Santa María, foi rehabilitado para este uso no ano 1999.

Ofrece servizos como recurso de hospitalización para atender a enfermos crónicos ou convalecentes que precisen unha atención especializada e personalizada, formando parte da rede sanitaria pública galega.

A atención sociosanitaria comprende o conxunto de coidados destinados a aquelas persoas enfermas, xeralmente con carácter crónico, e persoas con discapacidade que, polas súas características especiais (persoas con demencia, enfermidades neurolóxicas, maiores, persoas con enfermidades terminais avanzadas, e coidados paliativos), pódense beneficiar da actuación simultánea dos servizos sanitarios e sociais para potenciar a súa autonomía, paliar as súas limitacións ou sufrimentos e facilitar a súa reinserción social.

Hai uns días a Consellería de Sanidade informou ao centro, que non poderá continuar por «deficiencias estruturais e non asistenciais».

Esta decisión obriga a recolocar con urxencia a medio centenar de doentes e a aplicar un ERTE para as 32 persoas traballadoras.

Santa María estaba en fase de renovación da autorización hospitalaria —forma parte do Sergas— e se ata o de agora se rexía por uns criterios socio sanitarios, agora tería que facelo polos hospitalarios, un cambio legal que o pon contra as cordas e lle obriga a cerrar por non poder cumprilos.

A noticia do peche do sanatorio, pillou por sorpresa a moitas familias, que estes días están pendentes de saber cal é o destino dos seus familiares, que na maioría dos casos, son grandes dependentes.

O Sergas está a levar a cabo o traslado dos doentes, sen que a día de hoxe moitos saiban onde van ir os seus familiares.



Pontevedra non conta cunha alternativa sociosanitaria polo que algúns están volvendo ao hospital de orixe, outros a centros de irmáns misioneiros, ao Hestia de La Robleda e tamén para as casas de familiares, pero hai quen non ten fogar.

As familias aínda están asimilando esta nova situación que foi de súpeto sen que puidesen ter capacidade de resposta, nunha actitude por parte do Sergas dunha total falla de sensibilidade, cara a estas persoas en situación de vulnerabilidade e os seus familiares.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego dotar Pontevedra dalgún centro sociosanitario de carácter público?

Pazo do Parlamento, 28 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/07/2021 09:55:37

Julio Torrado Quintela na data 28/07/2021 09:55:45

Marina Ortega Otero na data 28/07/2021 09:55:52



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero, Pablo Arangüena Fernández e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O día 18 de febreiro de 2021, o sindicato CNT rexistrou unha convocatoria de folga dirixida a todo o persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, do que dependen servizos sociais como a Galiña azul ou centros de día para maiores, ante a imposibilidade de poder acadar unha solución consensuada ao problema de temporalidade ao que se enfronta este organismo.

Á folga está chamada todo o persoal do Consorcio, que se fai cargo do redor de 150 escolas infantís da Galiña Azul, 64 centros de día, once centros residenciais e seis vivendas comunitarias de maiores, ademais doutros servizos relacionados coa inclusión, o tratamento da violencia ou o programa Xantar na casa.

A folga xa dura 8 xornadas, e os/as representantes dos e das traballadoras, xa pediron varias reunións coa Dirección Xeral de Función Pública e o conselleiro da área, sen obter ningunha resposta.

Non entendemos este desleixo por parte do goberno da Xunta, que ten a obriga de sentarse a negociar co sindicato convocante, e neste caso aínda máis grave ao afectar esta folga ás persoas máis vulnerables.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é a razón, pola que o Goberno galego, que está a recorrer tódalas sentenzas de firmeza de todas as traballadoras do consorcio, non recorreu as que afectaban ás traballadoras da escola infantil de Oleiros (As Galeras)?

Pazo do Parlamento, 28 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Paloma Castro Rey na data 27/07/2021 16:29:45

Marina Ortega Otero na data 27/07/2021 16:29:53

Pablo Arangüena Fernández na data 27/07/2021 16:30:02

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2021 16:30:11



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Noelia Otero Lago e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O partido xudicial de Vigo, é un dos 45 partidos xudiciais existentes no noso país, e na actualidade está formado polos municipios de Vigo, Baiona, Gondomar, e Nigrán.

Conta con 11 tribunais de 1ª Instancia, que tramitan asuntos de carácter ordinario; 3 Xulgados de Familia e un dedicado con carácter temporal a cláusulas solo e preitos hipotecarios.

Durante o ano 2019 a actividade xudicial destes xulgados incrementouse un 30 %, e a tendencia continuou durante o ano 2020, rexistrándose algo máis de 17.000 procedementos, sumando asuntos e execucións.

Atopándose este volume de procedementos, moi por riba dos parámetros establecidos polo CGPJ para cada Xulgado ou Tribunal.

En base a isto, hai máis dun ano os maxistrados solicitaron por unanimidade ao TSXG o incremento de 2 xulgados máis, para facer fronte ao volume de traballo existente, pero esta petición foi desbotada por entender que a alta litixiosidade podería deberse a un incremento puntual.

Pasado o tempo, a permanencia no volume de traballo demostra que a demanda é algo permanente, polo tanto, compre necesario dar respostas dende a administración en aras ao cumprimento do dereito constitucional á tutela xudicial efectiva.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado o Goberno galego, asumir a petición da maxistratura de aumentar en 2 xulgados de 1ª Instancia para o partido xudicial de Vigo?

Pazo do Parlamento, 28 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Noelia Otero Lago
Leticia Gallego Sanromán
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/07/2021 16:32:29

Pablo Arangüena Fernández na data 27/07/2021 16:32:37

Noelia Otero Lago na data 27/07/2021 16:32:45

María Leticia Gallego Sanromán na data 27/07/2021 16:32:57



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O estado de abandono e desleixo no que se atopa a estrada PO-546, coñecida coma a estrada vella Pontevedra-Marín, non é algo novo.

Esta situación vén sendo denunciada polos veciños e veciñas afectados e polo Concello de Pontevedra durante anos, solicitando unha actuación inmediata por parte da Xunta de Galicia.

Pero esta actuación non chega, a única actuación que fixo a Xunta de Galicia nos últimos anos foi a limpeza e reparación dalgunhas marxes da estrada, tarefas que nada melloran o estado no que se atopa, nin reducen o risco de sinistralidade.

O estado no que se atopa esta estrada segue a ser lamentable, e isto entraña un grave risco xa que se trata dunha estrada que soporta o paso de máis de 200 camións de gran tonelaxe que entran e saen diariamente da empresa Ence, o que acelera o deterioro do firme, ao que se suma os problemas de seguridade viaria para a veciñanza, e as persoas usuarias, coma é o caso dos ciclistas.

Esta estrada é moi utilizada para la práctica do ciclismo, xa que na autovía de Marín esta prohibido este tipo de vehículo, obrigando a este colectivo a ter que usar este firme, co estado no que se atopa e co perigo que supón.

A maiores é necesario o mantemento e limpeza destas beirarrúas, xa que no estado no que se atopan son susceptibles de provocar accidentes entre viandantes, entre os que se atopan moitos escolares.



E o acondicionamento e reposición da sinalización horizontal e vertical, medidas de calmado de tráfico o la instalación de pasos de peóns elevados.

A pesar desta situación o Goberno galego non inviste o mantemento desta infraestrutura.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno da Xunta de Galicia, no ano 2021, levar a cabo algún tipo de actuación na estrada PO-546?

Pazo do Parlamento, 28 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey

Patricia Otero Rodríguez

Luís Manuel Álvarez Martínez

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/07/2021 16:34:15

Patricia Otero Rodríguez na data 27/07/2021 16:34:22





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2021 09:58:58
Nº Registro: 19556
Data envío: 28/07/2021 09:58:58.472

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/07/2021 16:34:31

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG5p1sK30653
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Pleno**.

A estrada PO-308, é unha das estradas con maior índice de accidentes do noso país, unha das vías con maior tránsito de vehículos sobre todo nas temporadas estivais, e tamén con moito tránsito peonil polas súas beirarrúas.

A pesar desta perigosidade, a Xunta de Galicia leva anos poñendo parches, sen levar a cabo unha actuación completa e sen implantar unha vía alternativa que permita facilitar a convivencia dos veciños que lindan con esta estrada.

A Xunta de Galicia no ano 2018 anunciou que ante o alto índice de sinistralidade que mostraban os últimos datos, ía reforzar a seguridade viaria na estrada PO-308, mediante a construción de 3 sendas peonís Fontenla-Combarro, Combarro-Chancelas-Samieira e O Covelo-Raxó, e a maiores actuacións complementarias da mellora da seguridade viaria nestes teitos da estrada.

O custo desta obra sería de 6,5 millóns de euros, con cargo a fondos europeos e estaría rematada no ano 2020.

Pero a realidade é que a Xunta de Galicia non cumpriu o seu compromiso xa que estamos no 2021 e só executou o tramo Raxó-Samieira, cun investimento de aproximadamente 4 millóns de euros.

Aínda quedan Fontenla-Combarro, Combarro-Chancelas, a pesar de cualificalo hai 3 anos como “inaprazable”.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista esiximos ao Goberno da Xunta que cumpra coas súas promesas e remate as obras comprometidas para o concello de Poio, xa que se trata dunha estrada principal neste municipio, e adquiriu un compromiso cos seus veciños e veciñas.



Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai o Goberno galego executar no ano 2021 o proxecto de senda e mellora da seguridade viaria nos treitos Fontenla-Combarro, Combarro-Chancelas?

Pazo do Parlamento, 28 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/07/2021 16:39:41

Patricia Otero Rodríguez na data 27/07/2021 16:39:48

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/07/2021 16:39:59



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Máis de 11 anos de Goberno do presidente Feijóo, Galicia perde oportunidades de avanzar, sen posibilidade de recibir as subvencións da UE e coa imposición de sancións pola súa deficiente depuración.

A Comisión Europea xa ten imposto sancións a España e xa ten anunciado novas denuncias ante o Tribunal de Xustiza da UE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en varias zonas de Galicia; porque falta un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública.

O curioso é que temos un Plan de saneamento 2000-2015, que no seu inicio xa daba por feito que uns 500.000 galegos se terían que contentar con sistemas de saneamento individuais, é dicir, con fosas sépticas.

E tamén temos un Plan hidrolóxico da demarcación Galicia-Costa, que estará vixente ata 2027 se as reiteradas sentenzas do TS que veñen anulando os reais decretos de aprobación do dito plan hidrolóxico non o impiden.

Mais o certo é que, con estes resultados ao longo dos anos, non hai datos sobre o nivel de cumprimento do Plan de saneamento, non hai datos de balance.

Como moitos outros concellos de Galicia, o de Pontearreas ten importantes deficiencias na rede de saneamento e depuración das augas residuais, pois moitas das súas parroquias non teñen rede de saneamento; unha desas parroquias é a de Ribadetea, que conta con 800 veciñas e veciños.

Moitos deles verten a minidepuradoras que non funcionan correctamente e moitos a fosas sépticas, mais moitos ao río Tea.



No mes de setembro de 2018, o Pleno do Concello aprobaba por unanimidade esixirlle ao Goberno galego un proxecto de saneamento integral para a parroquia e o Goberno comprometeuse ao facer.

De feito, en setembro de 2019 ese proxecto era licitado, comprometéndose de novo o Goberno a telo en funcionamento no mes de marzo de 2020.

Ante a inactividade da Xunta de Galicia no mes de Outubro de 2020, o Pleno municipal de Pontareas, aproba novamente por unanimidade unha moción conxunta de tódolos grupos na que se insta á Xunta de Galicia a contemplar no orzamento 2021, entre outras, as seguintes partidas:

- a) Incorporar unha partida económica de 300.000 € para subscribir un convenio de colaboración co Concello para completar a rede municipal de abastecemento de auga nas parroquias de San Mateo de Oliveira e Moreira.
- b) Contemplar a primeira fase do colector xeral de saneamento na parroquia de Ribadetea, en base ao proxecto redactado por Augas de Galicia.
- c) Prever a primeira anualidade para cofinanciar coa sociedade estatal Acuaes e o Concello de Pontareas as obras de novos colectores no entorno do núcleo urbano e a nova EDAR na Moscadeira, tendo en conta que estas obras foron declaradas de interese xeral do Estado.

A maiores o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presentou varias emendas as orzamentos xerais da Xunta de Galicia para 2021, nas que se solicitaba a habilitación de varias partidas destinadas a estes fins.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é o balance sobre o nivel de cumprimento do Plan de saneamento 2000-2015?

Pazo do Parlamento, 28 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez



Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/07/2021 16:41:15

Pablo Arangüena Fernández na data 27/07/2021 16:41:22

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/07/2021 16:41:33

Patricia Otero Rodríguez na data 27/07/2021 16:41:42



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No *Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade*, así como o artigo 14 da *Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*, establécese a obriga de implantar unha linguaxe non sexista no ámbito administrativo e o fomento desta no inclusión nas relacións sociais, culturais e artísticas.

A lexislación establece claramente o uso non sexista da linguaxe, entendendo por tal a utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto do masculino.

Consecuencia desta normativa, dende a Xunta de Galicia se vén elaborando un informe de impacto de xénero, onde se examinan a perspectiva de xénero e á linguaxe inclusiva, no articulado das leis, con anterioridade a súa aprobación polo Parlamento de Galicia.

Isto fai que o que na actualidade, con carácter xeral non se inclúa unha linguaxe sexista na nova lexislación galega pero aínda así son múltiples os exemplos deste tipo no noso ordenamento xurídico.

Coma a normativa en vigor sobre o “Valedor” do Pobo de Galicia, que mantén tal nome incluso logo da aprobación de varias modificacións lexislativas. Denominación que contrasta co feito de que, tanto no pasado como na actualidade, tal institución estea ocupada por unha muller.

Ou as leis autonómicas que regulan a varios colexios profesionais, como a de “podólogos”, de “educadores sociais” ou de “protésicos”; ou a lei de confrarías de “pescadores”; ou, no ámbito da sanidade, a relativa a historia clínica “dos” pacientes.



Son expresión que compre modificar e substituír por outras que eviten formas discriminatorias ou androcéntricas, de modo que a terminoloxía empregada estea en harmonía co principio de igualdade de sexos. Así o recolle mesmo o artigo 97 das directrices de técnica normativa aprobadas en Galicia.

Faise pois convinte tomar as medidas precisas para contribuír dende a Xunta de Galicia a instaurar unha política de igualdade, para o cal a nosa linguaxe debe ser igualitaria, non discriminatoria, inclusiva e non androcéntrica, estando libre de estereotipos sexistas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entende o Goberno galego que a linguaxe utilizada no noso ordenamento xurídico galego debe ser igualitaria, non discriminatoria, inclusiva, non androcéntrica, e libre de estereotipos sexistas?

Pazo do Parlamento, 28 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/07/2021 16:43:04

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2021 16:43:12

Noelia Otero Lago na data 27/07/2021 16:43:22

Pablo Arangüena Fernández na data 27/07/2021 16:43:35



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No ano 2009 Portos de Galicia firmou un convenio co Concello de Poio para o acondicionamento dos peiraos de Raxó e Covelo.

Estas actuacións que incluso chegaron a ser presupostadas en varios exercicios, executándose unicamente o 10 % do conveniado.

No orzamento 2021 xa nin aparece, a pesar de terse reunido a finais do 2020 a ex delegada territorial e o director de portos cos representantes do Concello, e comprometerse a acadar un acordo, para iniciar e executar este proxecto.

O desleixo de Portos de Galicia é unha tomadura de pelo a tódolos habitantes de Covelo, que ven como logo de 11 anos o entrono do seu peirao segue practicamente igual, agás a actuación no peirao propiamente dita.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que este proxecto ten unha gran importancia para o desenvolvemento socio económico desta zona, xa que vén dinamizar ademais da actividade pesqueira, o interese turístico e de ocio.

Entendemos que neste momento, é prioritario construír un paseo marítimo, dotar o acceso dun dobre sentido de circulación, e adecuar o entorno.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai o Goberno galego, a través de Portos de Galicia levar a cabo un acondicionamento da contorna do paseo marítimo de Covelo, nos termos que no seu día foron acordados ou, no seu defecto, na forma consensuada co Concello?

Pazo do Parlamento, 28 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Patricia Otero Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/07/2021 16:44:38

Patricia Otero Rodríguez na data 27/07/2021 16:44:45

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2021 16:44:55



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Leticia Gallego Sanromán e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Para o Goberno do Estado, o Camiño de Santiago é un elemento vertebrador do territorio, e un valor cultural que ten a obriga de protexer, por iso vai velar porque as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Policía Nacional e Garda Civil garantan a total seguridade dos peregrinos/as e visitantes, como dos actos que se poidan celebrar, co fin de ter un Camiño de Santiago seguro.

Ademais de garantir a seguridade, o reforzo da presenza das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado terá como obxectivo a protección do patrimonio cultural e artístico, do medio ambiente, e o normal desenvolvemento de tódolos acontecementos, sociais e relixiosos.

Para iso, fai unhas semanas o secretario de Estado de Seguridade veu a Galicia a presentar un dispositivo especial de seguridade que porase en marcha neste verán 2021.

Este plan estará formado por 3.600 axentes da Policía Nacional e de Garda Civil e participan as Xefaturas Superiores de Policía de Aragón, Navarra, Cantabria, Castela- León e Galicia a través das diferentes comisarías.

Por outra banda, estableceranse por primeira vez, as Oficinas Móviles de Atención ao Peregrino (OMAP's) do Camiño de Santiago da Garda Civil, cuxo obxectivo vai ser prestar apoio próximo ao peregrino/a.

Estas oficinas atoparanse ao longo de todo o camiño en lugares e eventos de especial afluencia de peregrinos/as, tanto nacionais como estranxeiros.

Neste ámbito, a Policía Nacional reforzará o traballo dos Centros de Cooperación Policial e Aduaneira destas comunidades autónomas atravesadas polo camiño.

Ademais a aplicación AlertCops do Ministerio do Interior mantén a funcionalidade que reforza a seguridade no Camiño de Santiago e que permite xeolocalizar aos peregrinos que a activen nos seus móbiles.



A funcionalidade debe ser habilitada de forma voluntaria polo cidadán/a, permitindo compartir as súas 10 últimas posicións.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera importante o Goberno galego a anticipación e coordinación das Forzas e Corpos de Seguridade, de cara aos actos e desprazamentos pola celebración do ano Xacobeo?

Pazo do Parlamento, 28 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Leticia Gallego Sanromán
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/07/2021 16:45:49

María Leticia Gallego Sanromán na data 27/07/2021 16:45:56

Pablo Arangüena Fernández na data 27/07/2021 16:46:03



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A sala Gesell toma o seu nome do pediatra e psicólogo estadounidense Arnold Gesell quen concibira a creación dunha habitación na que poder observar o comportamento dos nenos e das nenas sen que ninguén lles puidera perturbar.

No ano 2015 aprobouse a nivel estatal, o Estatuto da Vítima, que supuxo un antes e un despois na protección das persoas que sufriron algún tipo de feitos delictivos ao longo da súa vida, sobre todo, para aquelas vítimas vulnerables con necesidades de especial protección.

Entre estas medidas de protección creáronse nas sedes xudiciais o que se coñece como cámara ou sala Gesell, que son espazos axeitados para levar a cabo as entrevistas a menores e persoas con discapacidade que foran vítimas ou testemuñas de maltrato grave ou de delitos sexuais, así como a posibilidade que estas declaracións poidan ser recollidas a través de medios audiovisuais e realizadas por profesionais especializados.

As cámaras ou salas Gesell consisten nunhas habitacións con espellos e amobladas, nun espazo cómodo, próximo ao menor, para que este poida ser preguntado por profesionais axeitados (psicólogos e asistentes sociais pertencentes ao Imelga), sen a presenza física do xuíz/a, fiscal e partes, que observarán por videoconferencia as respostas do menor e poderán formularlle novas preguntas a través destes profesionais.

En Galicia a día de hoxe só o edificio xudicial de Ourense conta cunha sala Gesell, a pesar de que o custo das mesmas non é elevado, sobre 20.000 €, deixando nunha clara desprotección ás persoas menores e persoas máis vulnerables que se enfrontan a un procedemento xudicial, e nunha clara vulneración da normativa existente para a protección das vítimas.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entende o Goberno galego que as salas Gesell son imprescindibles para a protección das persoas máis vulnerables nun procedemento xudicial?

Pazo do Parlamento, 28 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Marina Ortega Otero
Juan Carlos Francisco Rivera
Carmen Rodríguez Dacosta
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/07/2021 16:47:03

Pablo Arangüena Fernández na data 27/07/2021 16:47:11

Marina Ortega Otero na data 27/07/2021 16:47:20

Juan Carlos Francisco Rivera na data 27/07/2021 16:47:29

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/07/2021 16:47:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á Rede Natura 2000.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En marzo de 2020 o Estado español entregou á Comisión Europea o documento definitivo do Marco de Acción Prioritaria (MAP) para o financiamento da Rede Natura 2000 (RN 2000) no período 2021-2027.

Este documento compoñíase dunha memoria xeral e 20 anexos, un para a administración xeral do Estado e un por cada comunidade ou cidade autónoma.

No MAP correspondente a Galiza (código NUT ES11), elaborado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta, menciónase no seu apartado C “Situación actual de la RN 2000”, subapartado C.1 “Estadísticas de la zona de la RN 2000” o seguinte (páx. 13):

“Tras la retirada de la iniciativa de ampliación de la Red Natura 2000 emprendida en el 2011, se está recopilando la información de base para la elaboración de una nueva propuesta de declaración de nuevos lugares de importancia comunitaria (LIC) o ampliación de los existentes”.

Ao longo do texto do MAP para Galiza menciónase en repetidas ocasións a retirada da proposta de ampliación emprendida pola Xunta en 2011 e o feito de que a D.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

X. de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda está traballando nunha nova proposta de declaración de LICs (Lugares de Importancia Comunitaria) e de ampliación dos existentes en Galiza.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Atendendo ao comunicado pola Xunta ao Estado sobre a situación da RN2000 en Galiza para a redacción do MAP 2021-2027, en que estado se atopa a elaboración dunha nova proposta de novos lugares de importancia comunitaria (LIC) ou ampliación dos existentes (denominación, límites xeográficos, hábitats atinxidos, etc.)?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/07/2021 10:05:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 28/07/2021 10:05:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A serra do Suído forma parte do sur da Dorsal Galega, un sistema montañoso que se estende de norte a sur de Galiza e que na provincia de Pontevedra está conformado polas serras do Candán, O Cando, O Testeiro, O Faro de Avión e O Suído.

O Suído esténdese por polos concellos de A Lama, Avión, Beariz, Covelo, Fornelos e Mondariz ao longo de 492 km², configurando un espazo con identidade propia, con unha historia común e con unha grande riqueza natural e cultural.

A serra representa unha mesma unidade etnográfica, composta por toda a rede de construcións gandeiras estacionais da Serra do Suído e Alto Tea. Os chozos ou chozas, sesteiros, curralas e cortellos ou parideiras atópanse diseminados de tal modo que se insiren na paisaxe beneficiándose das súas características ambientais e orográficas, para se asentar ora nas pequenas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

valgadas e chans, para aproveitaren os seus pastos, ora nos cumes ou cotos para aproveitaren a tendencia espontánea do gando para sestear neles.

Estas construcións facíanse mediante a técnica da “pedra seca” ou “cachotería en seco”, unha técnica de construción tradicional que foi incluída na listaxe do patrimonio inmaterial da UNESCO no ano 2018.

Empregáronse até a segunda metade do século XX para o pastoreo do gando na estación estival. Organizábase mediante un sistema de rolda, na que participaba de xeito rotatorio a veciñanza dos lugares aos que pertencía cada chozo.

A paisaxe da serra do Suído foi recoñecida como Paisaxe Cultural polo Instituto del Patrimonio Cultural de España (IPCE) e incluída no Plan de Paisaxes Culturais na categoría de “Actividades agrícolas, gandeiras e forestais” nas que se inclúen os “sistemas agro-silvo-pastorís históricos”.

Ademais dos conxuntos etnográficos relacionados coa actividade gandeira, na serra teñen unha importante representación os foxos ou “forças” do lobo, construcións de grandes dimensións situadas nas valgadas e formadas por valados en forma de V que converxen nun pozo (foxo) a onde se conducía o lobo en batidas colectivas. No Suído e Alto Tea existen 6 foxos do lobo, o máis espectacular dos cales é o Foxo da Portela, no Coto de Eiras.

Outras das manifestacións senlleiras do Suído son os camiños tradicionais, pola situación estratéxica do Suído como lugar de paso entre importantes comarcas do país. Cabe sinalar a este respecto o Camiño dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Arrieiros, que comunica O Ribeiro con Pontevedra, o Camiño Breeiro que ía cara Aciveiro e Compostela; o camiño da Brea que comunicaba a reitoral de Barcia de Mera co Mosteiro de Melón; e a Calzada do Alén, un camiño empedrado que vai pola marxe dereita do río Alén desde a Ponte de San Xoán do Mosteiro até o concello de Fornelos.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta recabar os informes pertinentes e incoar o expediente de declaración do patrimonio etnográfico gandeiro da serra do Suído e Alto Tea como Ben de Interese Cultural na categoría de paisaxe cultural?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Manuel Lourenzo Sobral

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 28/07/2021 10:07:38

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/07/2021 10:07:50

Xosé Luis Bará Torres na data 28/07/2021 10:07:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** relativa á serra do Suído.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A serra do Suído forma parte do sur da Dorsal Galega, un sistema montañoso que se estende de norte a sur de Galiza e que na provincia de Pontevedra está conformado polas serras do Candán, O Cando, O Testeiro, O Faro de Avión e O Suido.

O Suído esténdese por polos concellos de A Lama, Avión, Beariz, Covelo, Fornelos e Mondariz ao longo de 492 km², configurando un espazo con identidade propia, con unha historia común e con unha grande riqueza natural e cultural.

A ubicación próxima á costa e as altitudes de máis de 1.000 metros fan que esteamos ante unha das serras de maior pluviosidade de toda a península ibérica, con máis de 2.400 mm de precipitación media anual. Os ríos que nacen na serra, o Tea, o Avia e o Verdugo-Oitavén son dos mellor conservados da demarcación Galiza-Costa, tanto pola calidade das augas, pola boa conservación das ribeiras e pola variedade de flora e fauna.

A orografía, o clima, a paisaxe, a historia fan da serra do Suído un espazo de extraordinarios valores ambientais, culturais e sociais que é necesario preservar e dinamizar no seu conxunto, prevendo impactos que alteren os equilibrios e fomentando actividades sustentábeis e creadoras de valor engadido.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Atendendo a riqueza ambiental e á súa importancia para a preservación da biodiversidade nos anos 2008 e 2012 iniciáronse senllos procedementos para a declaración de parte da serra do Suído (aproximadamente 110 km²) como Lugar de Importancia Comunitaria e a conseguinte inclusión na Rede Natura, iniciativas que non chegaron a concluírse malia as demandas da Comisión Europea para que se protexesen hábitats de interese prioritario presentes na serra. No ano 2008 tamén se iniciou o procedemento para a ampliación do LIC Rede Natura 2000 Río Tea coa inclusión do Alto Tea, sen que tamén neste caso chegase a facerse realidade a declaración.

No Suído e Alto Tea existen 12 tipos de hábitats de interese comunitario (Directiva Hábitats), dos cales 4 son de interese prioritario (en risco de desaparición): as turbeiras altas activas (7110*), os bosques aluviais de amieiros e freixos (91EO*), as matogueiras húmidas atlánticas ((4020*) e os bosques de ladeiras, desprendementos ou barrancos (9180*).

A serra do Suído e o Alto Tea atesouran un grande número de formacións de turbeira, hábitat de grande interese para a biodiversidade e para a prevención e mitigación do cambio climático. As turbeiras funcionan como reguladoras do ciclo hidrolóxico, xa que actúan como unha especie de esponxas que reteñen a auga da chuvia e vana liberando gradualmente. Caracterízanse pola presenza dunha grande variedade de flora e fauna, entre a que se inclúen especies en perigo de extinción.

En total están rexistradas 53 formacións de turbeira que ocupan unha superficie total de 80,8 ha. As turbeiras máis extensas atópanse no Suído: Chan do Libro con 10 ha de superficie, As Pontellas (8ha), Coto de Eiras e Outeiro Vello (5 ha cada unha). A maior parte das turbeiras sitúanse na cabeceira da conca do Oitavén-Verdugo (32). O río Tea e os seus afluentes suman un total de 20 formacións de turbeira mentres que na



cabeceira do Avia só se rexistra unha (O Pozo Novo). O 78% destas formacións están situadas nos concellos da Lama e O Covelo.

Concello	Número	Superficie
Covelo	23	31,4 ha (38,8% do total)
A Lama	16	32 ha (39,6%)
Fornelos	10	11,4 ha (14,2%)
Mondariz	2	5,2 ha (6,4%)
Avión	2	0,8 ha (1%)

A parroquia de Campo (Covelo) é a que rexistra un maior número de turbeiras, denominadas “porcas”, que ocupan un total de 20 hectáreas.

Unha parte destas turbeiras aparecen recollidas no Inventario de humidais de Galiza (2003) mais non contan con protección específica. Existe unha proposta para declarar as brañas do Suído como Humidal protexido e como humidais incluídos na listaxe internacional Ramsar (Conservación e xestión dos humidais en Galicia, IBADER, 2017, ©Pablo Ramil-Rego, Luís Gómez-Orellana e Javier Ferreiro da Costa editores).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A CMVMC de Santiago de Covelo, ubicada na conca do Alto Tea, ten desde o ano 2017 o recoñecemento de área protexida a nivel mundial (UNEP-WCMC) dentro do programa da ONU de medio ambiente.

3. Todo este rico patrimonio cultural e natural viuse mermado e sometido a múltiples agresións, que se poden agravar de maneira irreparábel debido a proliferación de proxectos mineiros e de parques eólicos.

Con respecto aos parques eólicos, a Comisión Europea (EC, 2010) identifica os impactos na fase de construción do parque en canto á perda de superficie ocupada por hábitats de interese comunitario debido á apertura de viais, cimentación dos aeroxeradores, instalación de liñas áreas e subterráneas, construción de centrais eléctricas e edificacións auxiliares, introdución de especies invasoras, etc. Tamén fai referencia aos impactos na fase de explotación, pola mortalidade que causan os aeroxeradores na avifauna e polo incremento do ruído.

No caso de humidais, a creación de pistas e drenaxes alteran a hidroloxía superficial. Os viais acostuman a converterse en receptores de augas de grandes superficie de terreo, que son transportadas a lugares afastados por medio das gabias.

Nos últimos meses, a Xunta de Galiza está a tramitar 16 parques eólicos na Serra do Suído, no Alto Tea e no Faro de Avión. O proceso de tramitación destes parques estase desenvolvendo con falta de transparencia e con graves limitacións ao dereito de información e participación pública, debido ás restricións derivadas da pandemia. Por outra parte, o proceso adoce de irregularidades en relación coa avaliación de impacto ambiental, xa que non se están considerando os impactos conxuntos de todas as infraestruturas e na práctica estase consumando unha fraude de lei ao fragmentar parques que comparten infraestruturas en unidades máis pequenas, un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

procedemento fraudulento que xa foi obxecto de sentenzas condenatorias polos tribunais de xustiza.

Ademais, na tramitación dos parques non se ten en conta o establecido na lei 5/2019 do patrimonio natural e a biodiversidade, que consolida a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, o principio de precaución a respecto das intervencións que poidan afectar negativamente ao patrimonio natural e a biodiversidade, e mais a prevención dos problemas derivados do cambio climático.

En relación con esta última cuestión cómpre avaliar a incidencia dos parques eólicos e das súas infraestruturas nos recursos hídricos, co obxecto de preservar a función do Suído como gran colector de auga que abastece as concas do Avia, Oitavén-Verdudo e Tea.

Por outra parte, o solo afectado polos proxectos sectoriais vai experimentar unha radical modificación na súa cualificación urbanística e o seu uso, xa que pasa a cualificarse como solo rústico de especial protección de infraestruturas. Na práctica supón abrir paso a un proceso de explotación industrial de espazos de grande interese ambiental, cultural e paisaxístico.

En relación coa afección á paisaxe, cómpre ter en conta que o Catálogo das Paisaxes de Galicia inclúe a Serra do Suído como Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP_08_15), polo que se deberá estar ao disposto na Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia. Resulta evidente que a construción de até 16 parques eólicos e as súas correspondentes infraestruturas van ter un enorme impacto visual na paisaxe da serra.

Atendendo a moitas destas razóns, no ano 2008 paralizáronse proxectos de construción de parques eólicos como é o caso do PE Bidueiros, un antecedente que se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

debe ter en conta na tramitación dos actuais parques. Precisamente un dos que se están a tramitar na actualidade é o que foi denegado en 2008.

Aínda estamos a tempo de frear esta xigantesca desfeita, que responde a intereses alleos e non ás necesidades dos concellos e da súa veciñanza. Calquera planificación do desenvolvemento de enerxías renovábeis debe facerse contando coa participación dos concellos e a veciñanza, debe respectar os valores ambientais e culturais do territorio, debería ter como contrapartida o abaratamento do prezo da enerxía eléctrica e debería ter como principais beneficiarias as comunidades locais.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego ordenar a paralización cautelar dos proxectos eólicos da serra do Suído e do Alto Tea para evitar o risco de destrución irreversible de especies e hábitats de interese comunitario e de interese prioritario?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Manuel Lourenzo Sobral

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/07/2021 10:09:26

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/07/2021 10:09:29

Alexandra Fernández Gómez na data 28/07/2021 10:09:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** relativa á serra do Suído.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A serra do Suído forma parte do sur da Dorsal Galega, un sistema montañoso que se estende de norte a sur de Galiza e que na provincia de Pontevedra está conformado polas serras do Candán, O Cando, O Testeiro, O Faro de Avión e O Suido.

O Suído esténdese por polos concellos de A Lama, Avión, Beariz, Covelo, Fornelos e Mondariz ao longo de 492 km², configurando un espazo con identidade propia, con unha historia común e con unha grande riqueza natural e cultural.

A ubicación próxima á costa e as altitudes de máis de 1.000 metros fan que esteamos ante unha das serras de maior pluviosidade de toda a península ibérica, con máis de 2.400 mm de precipitación media anual. Os ríos que nacen na serra, o Tea, o Avia e o Verdugo-Oitavén son dos mellor conservados da demarcación Galiza-Costa, tanto pola calidade das augas, pola boa conservación das ribeiras e pola variedade de flora e fauna.

A orografía, o clima, a paisaxe, a historia fan da serra do Suído un espazo de extraordinarios valores ambientais, culturais e sociais que é necesario preservar e dinamizar no seu conxunto, prevendo impactos que alteren os equilibrios e fomentando actividades sustentábeis e creadoras de valor engadido.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Atendendo a riqueza ambiental e á súa importancia para a preservación da biodiversidade nos anos 2008 e 2012 iniciáronse senllos procedementos para a declaración de parte da serra do Suído (aproximadamente 110 km²) como Lugar de Importancia Comunitaria e a conseguinte inclusión na Rede Natura, iniciativas que non chegaron a concluírse malia as demandas da Comisión Europea para que se protexesen hábitats de interese prioritario presentes na serra. No ano 2008 tamén se iniciou o procedemento para a ampliación do LIC Rede Natura 2000 Río Tea coa inclusión do Alto Tea, sen que tamén neste caso chegase a facerse realidade a declaración.

No Suído e Alto Tea existen 12 tipos de hábitats de interese comunitario (Directiva Hábitats), dos cales 4 son de interese prioritario (en risco de desaparición): as turbeiras altas activas (7110*), os bosques aluviais de amieiros e freixos (91EO*), as matogueiras húmidas atlánticas ((4020*) e os bosques de ladeiras, desprendementos ou barrancos (9180*).

A serra do Suído e o Alto Tea atesouran un grande número de formacións de turbeira, hábitat de grande interese para a biodiversidade e para a prevención e mitigación do cambio climático. As turbeiras funcionan como reguladoras do ciclo hidrolóxico, xa que actúan como unha especie de esponxas que reteñen a auga da chuvia e vana liberando gradualmente. Caracterízanse pola presenza dunha grande variedade de flora e fauna, entre a que se inclúen especies en perigo de extinción.

En total están rexistradas 53 formacións de turbeira que ocupan unha superficie total de 80,8 ha. As turbeiras máis extensas atópanse no Suído: Chan do Libro con 10 ha de superficie, As Pontellas (8ha), Coto de Eiras e Outeiro Vello (5 ha cada unha). A maior parte das turbeiras sitúanse na cabeceira da conca do Oitavén-Verdugo (32). O río Tea e os seus afluentes suman un total de 20 formacións de turbeira mentres que na



cabeceira do Avia só se rexistra unha (O Pozo Novo). O 78% destas formacións están situadas nos concellos da Lama e O Covelo.

Concello	Número	Superficie
Covelo	23	31,4 ha (38,8% do total)
A Lama	16	32 ha (39,6%)
Fornelos	10	11,4 ha (14,2%)
Mondariz	2	5,2 ha (6,4%)
Avión	2	0,8 ha (1%)

A parroquia de Campo (Covelo) é a que rexistra un maior número de turbeiras, denominadas “porcas”, que ocupan un total de 20 hectáreas.

Unha parte destas turbeiras aparecen recollidas no Inventario de humidais de Galiza (2003) mais non contan con protección específica. Existe unha proposta para declarar as brañas do Suído como Humidal protexido e como humidais incluídos na listaxe internacional Ramsar (Conservación e xestión dos humidais en Galicia, IBADER, 2017, ©Pablo Ramil-Rego, Luís Gómez-Orellana e Javier Ferreiro da Costa editores).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A CMVMC de Santiago de Covelo, ubicada na conca do Alto Tea, ten desde o ano 2017 o recoñecemento de área protexida a nivel mundial (UNEP-WCMC) dentro do programa da ONU de medio ambiente.

3. Todo este rico patrimonio cultural e natural viuse mermado e sometido a múltiples agresións, que se poden agravar de maneira irreparábel debido a proliferación de proxectos mineiros e de parques eólicos.

Con respecto aos parques eólicos, a Comisión Europea (EC, 2010) identifica os impactos na fase de construción do parque en canto á perda de superficie ocupada por hábitats de interese comunitario debido á apertura de viais, cimentación dos aeroxeradores, instalación de liñas áreas e subterráneas, construción de centrais eléctricas e edificacións auxiliares, introdución de especies invasoras, etc. Tamén fai referencia aos impactos na fase de explotación, pola mortalidade que causan os aeroxeradores na avifauna e polo incremento do ruído.

No caso de humidais, a creación de pistas e drenaxes alteran a hidroloxía superficial. Os viais acostuman a converterse en receptores de augas de grandes superficie de terreo, que son transportadas a lugares afastados por medio das gabias.

Nos últimos meses, a Xunta de Galiza está a tramitar 16 parques eólicos na Serra do Suído, no Alto Tea e no Faro de Avión. O proceso de tramitación destes parques estase desenvolvendo con falta de transparencia e con graves limitacións ao dereito de información e participación pública, debido ás restricións derivadas da pandemia. Por outra parte, o proceso adoce de irregularidades en relación coa avaliación de impacto ambiental, xa que non se están considerando os impactos conxuntos de todas as infraestruturas e na práctica estase consumando unha fraude de lei ao fragmentar parques que comparten infraestruturas en unidades máis pequenas, un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

procedemento fraudulento que xa foi obxecto de sentenzas condenatorias polos tribunais de xustiza.

Ademais, na tramitación dos parques non se ten en conta o establecido na lei 5/2019 do patrimonio natural e a biodiversidade, que consolida a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, o principio de precaución a respecto das intervencións que poidan afectar negativamente ao patrimonio natural e a biodiversidade, e mais a prevención dos problemas derivados do cambio climático.

En relación con esta última cuestión cómpre avaliar a incidencia dos parques eólicos e das súas infraestruturas nos recursos hídricos, co obxecto de preservar a función do Suído como gran colector de auga que abastece as concas do Avia, Oitavén-Verdudo e Tea.

Por outra parte, o solo afectado polos proxectos sectoriais vai experimentar unha radical modificación na súa cualificación urbanística e o seu uso, xa que pasa a cualificarse como solo rústico de especial protección de infraestruturas. Na práctica supón abrir paso a un proceso de explotación industrial de espazos de grande interese ambiental, cultural e paisaxístico.

En relación coa afección á paisaxe, cómpre ter en conta que o Catálogo das Paisaxes de Galicia inclúe a Serra do Suído como Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP_08_15), polo que se deberá estar ao disposto na Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia. Resulta evidente que a construción de até 16 parques eólicos e as súas correspondentes infraestruturas van ter un enorme impacto visual na paisaxe da serra.

Atendendo a moitas destas razóns, no ano 2008 paralizáronse proxectos de construción de parques eólicos como é o caso do PE Bidueiros, un antecedente que se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

debe ter en conta na tramitación dos actuais parques. Precisamente un dos que se están a tramitar na actualidade é o que foi denegado en 2008.

Aínda estamos a tempo de frear esta xigantesca desfeita, que responde a intereses alleos e non ás necesidades dos concellos e da súa veciñanza. Calquera planificación do desenvolvemento de enerxías renovábeis debe facerse contando coa participación dos concellos e a veciñanza, debe respectar os valores ambientais e culturais do territorio, debería ter como contrapartida o abaratamento do prezo da enerxía eléctrica e debería ter como principais beneficiarias as comunidades locais.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que plans de actuación desenvolveu ou prevé desenvolver a Xunta para a protección e conservación dos humidais e das turbeiras do serra do Suído?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Manuel Lourenzo Sobral

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 28/07/2021 10:14:15

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/07/2021 10:14:18

Xosé Luis Bará Torres na data 28/07/2021 10:14:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** en demanda dun plan de reactivación urxente para os sectores culturais que atenda as demandas do propio sector.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Observatorio da Cultura Galega, dependente do Consello da Cultura Galega, acaba de publicar o Barómetro da Cultura Galega II, unha radiografía comparada do grave impacto da pandemia iniciada hai case un ano nos sectores culturais galegos.

Esta análise realizada en xaneiro de 2021 ofrece un contraste actualizado a respecto da ofrecida en xuño de 2020, o que achega unha perspectiva global dos efectos da pandemia na actividade cultural galega.

Entre algunhas das conclusións deste estudos cómpre salientar que este ano comezou con apenas un 34,9 % de empresas culturais que recoñecen estar a traballar con normalidade.

En canto á situación laboral, a crise segue a destruír emprego nas empresas do sector cultural, constatando un aumento de 3,5 puntos da porcentaxe de entidades que realizaron algún despedimento no segundo semestre de 2020.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como consecuencia da crise, o 56,3% das empresas do sector cultural galego adiou ou desbotou os investimentos que tiñan previsto realizar no negocio no 2020 (7,5 puntos máis que en xullo).

Os tres problemas máis citados polos sectores culturais seguen a ser o cesamento ou caída da actividade da clientela (80%), os de tesouraría (42,3%, 10,8 puntos menos que en xullo) e as dificultades para pagar impostos e seguros sociais (35,3%). En cuarto lugar atópanse agora as limitacións de cabida (32,3%).

Unha realidade que non permite aflorar mudanzas, pois, pensando no conxunto do sector da cultura, algo máis dun 60% non ven razóns para o optimismo de aquí a seis meses.

Novamente, as empresas das artes escénicas son as que en maior medida padeceron o impacto das perdas en todos os parámetros

Entre as medidas de reactivación demandadas polas empresas da cultura destacan as axudas directas ou subvencións a fondo perdido, a supresión ou rebaixa de impostos e seguros sociais e as axudas fiscais. Tamén destacan a flexibilización e rapidez das axudas, o adiamento no pago de impostos e seguros sociais, o aumento do gasto público en produtos e servizos culturais e a reactivación dos circuitos de concertos e teatros.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten elaborado o goberno galego un plan de reactivación urxente dos sectores culturais galegos após un ano de se veren gravemente prexudicados pola pandemia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 28/07/2021 10:18:33

Daniel Castro García na data 28/07/2021 10:18:50

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/07/2021 10:18:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Montserrat Prado Cores e Carme González Iglesias, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de aumentar a dotación de persoal sanitario que ten prevista a Consellería de Sanidade para o novo Centro de Saúde de Bouzas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de que pasasen once anos dende que se presentase o proxecto para un centro de saúde na vila de Bouzas, a Xunta de Galiza ven de anunciar un novo prazo para a finalización da obra no primeiro semestre deste ano.

Ao longo deste tempo a proposta inicial sufriu de parálise, demoras e, tamén, de severos recortes. A proposta inicial contaba con 1.200 m² de superficie útil que ficaron reducidos a unha superficie total de 860 m². Este recorte traducíuse nunha redución do 50% do número de consultas de medicina xeral e de enfermería, pasando de 6 a 3 cada unha delas, da eliminación do servizo de pediatría e do espazo para dispor dun traballador/a social. É dicir, a Xunta anunciou un centro de saúde para Bouzas e pretende entregar un mini centro de saúde que non cubre as necesidades básicas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A vila de Bouzas leva anos agardando a contar cun centro de saúde que dea servizo ás preto de 6.000 veciños e veciñas que residen nesta vila. A renovación do censo que viviu nos últimos anos e o proceso de recuperación do seu centro histórico non están sendo acompañados por un incremento dos servizos públicos, pois resulta incomprendible que non se conte co servizo de pediatría e o número de consultas resulta a todas luces insuficiente. Esta actitude por parte da Xunta forma parte da súa estratexia de redución ao mínimo da Atención Primaria na cidade de Vigo. Estratexia á que nos opomos frontalmente dende o grupo do Bloque Nacionalista Galego, xa que a Atención Primaria é un dos piares básicos que sustenta a sanidade pública e que precisa de forma urxente ser reforzada.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai aumentar a Xunta de Galiza a dotación de persoal sanitario que ten prevista a Consellería de Sanidade para o novo Centro de Saúde de Bouzas?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
Carme González Iglesias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 28/07/2021 10:26:00

María do Carme González Iglesias na data 28/07/2021 10:26:10

María Montserrat Prado Cores na data 28/07/2021 10:26:17





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación na que se atopa a Torre de Caldaloba no concello de Cospeito e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A torre de Caldaloba é o último resto en pé do que noutrora foi unha fortaleza destruída tras as revoltas irmandiñas. Pertenceu ao Mariscal Pardo de Cela, tras a súa decapitación, herdaron a Dona Constança de Castro e Fernán Ares de Saavedra filla e xenro do Mariscal. Foi o derradeiro reduto da nobreza galega en resistencia á política colonial e centralista de Castela na época dos Reis Católicos. Posúe unha planta cuadrangular de 10,2 metros de lado, mais de 30 metros de altura e uns muros de 2,65 metros de espesor. Os catro andares dos que dispoñía foron erguidos en mampostería de xisto e granito, rematada por unha bóveda de canón percorrida por arcos fachóns como salienta Angel del Castillo.

Así pois, este ben patrimonial declarado BIC en 1994, posúe un valor histórico e cultural incalculábel mais está a esmorecer por falta de conservación e malia a súa relevancia é aínda unha grande descoñecida para milleiros de persoas no noso país.

Cómpre lembrar que a Torre de Caldaloba atópase nuns predios propiedade privada nos que as esquinas do propio ben actúan a modo de marco.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De acordo coa lexislación vixente, nomeadamente coa Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galiza as propietarias e propietarios privados teñen a obriga de salvagardar e conservar os bens patrimoniais que posúen correspondéndolle á Xunta de Galiza velar e esixir para que así sexa con todos os medios ao seu alcance.

Para o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego o mantemento, a conservación e a posta en valor da Torre de Caldaloba é unha urxencia, tendo en conta o seu deterioro.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir a conservación e posta en valor da Torre de Caldaloba?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 28/07/2021 10:27:49

Mercedes Queixas Zas na data 28/07/2021 10:27:56





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral e Olalla Rodil Fernández, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre o centro social Alende en Moraña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 4 de marzo de 2019 a Xunta de Galicia e o Concello de Moraña presentaron o proxecto do novo centro social de Alende na parroquia de Santa Xusta. A conselleira de Política Social, Fabiola García, e a entón alcaldesa, Luisa Piñeiro, mantiveron ese día unha reunión informativa coa veciñanza para explicarlles o proxecto, que consistía en:

- Rehabilitación integral do edificio da Casa das Sociedades Agrarias de Moraña, mediante un convenio de colaboración entre o concello e a consellaría de Política Social

- Uso do edificio para o desenvolvemento de iniciativas sociais e da terceira idade, como eventos de envellecemento activo, encontros interxeracionais, promoción da autonomía persoal e prevención da dependencia

- Unidade pública de atención ao alzheimer, para a que a consellaría prevía destinar 22.000 euros para poñer en marcha este servizo terapéutico dotado de 10 prazas

As obras, que contaron con un orzamento de 258.000 euros, rematáronse en agosto do ano 2020, mais a día de hoxe o local está pechado e nada se soubo da Unidade pública de atención ao alzheimer. A pesar de que houbo varios anuncios da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inauguración do centro social, pasados máis de 6 meses desde o remate das obras aínda non se procedeu á súa apertura

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando prevé a Xunta a apertura do centro social de Alende e a posta en funcionamento da Unidade de Atención ao Alzheimer?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Manuel Lourenzo Sobral
Olalla Rodil Fernández
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/07/2021 10:31:12

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/07/2021 10:31:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 28/07/2021 10:31:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a necesidade de incrementar e mellorar os servizos de fisioterapia na Sanidade Pública na comarca da Mariña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da Sanidade Pública da Mariña continua a ser de extrema precariedade. A inmensa maioría dos servizos sanitarios presentan eivas tanto na cantidade de persoal como na cantidade de medios e, como non podería ser doutro xeito, o servizo de fisioterapia tamén está a sufrir estas eivas.

A día de hoxe podemos sinalar como o Hospital da Mariña en Burela soamente conta cunha soa médica rehabilitadora para preto de setenta mil habitantes. Unha profesional que evidentemente non é capaz de ofrecer un servizo de calidade e rápido, debido á evidente sobrecarga de traballo coa que ten que convivir. Esta sobrecarga faise aínda maior se temos en conta que no Centro de Saúde de Burela non existe este servizo, provocando que os e as doentes teñan que acudir á xa máis que sobrecargada profesional do Hospital Comarcal.

Mais este problema non se circunscribe soamente ao concello de Burela xa que a ausencia de profesionais desta especialidade pode dicirse que está xeralizada na totalidade da comarca. Deste xeito observamos como tanto no concello de Viveiro e no Ribadeo os seus centros de saúde non contan con servizo de fisioterapia na quenda de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tarde. Isto ademais dá lugar a unha situación canto menos estraña na que na Atención Primaria dispoñemos de instalacións que están infrautilizadas, dotadas de material, nas que faría falta contratar fisioterapeutas para darlles total rendemento, alixeirar as agardas e evitar derivacións á privada que acaban sendo a última das consecuencias do desleixo deste servizo. Alén de todo isto, temos tamén os exemplos de Foz e Mondoñedo que a día de hoxe non teñen garantido a atención fisioterapéutica nos seus centros de saúde nas quendas de mañá e de tarde.

Finalmente é necesario que falemos do caso da fisioterapia de atención temperá no Hospital de Burela. Neste caso o servizo atende a nenos e nenas con idades entre os cero e seis anos. O servizo dispón de fisioterapeuta motora, pero esta non fai fisioterapia respiratoria, o que provoca que nos contextos nos que hai que impartilas conxuntamente os nenos e nenas reciben en Burela a rehabilitación motora, mais teñen que desprazarse ao HULA para a respiratoria.

Por estes motivos formúlase a seguinte para resposta oral en Pleno:

Vai aumentar a Xunta de Galiza o número de profesionais de rehabilitación do Hospital da Mariña?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**
Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 28/07/2021 10:38:24

Iria Carreira Pazos na data 28/07/2021 10:38:34

María Montserrat Prado Cores na data 28/07/2021 10:38:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a nova carreira investigadora anunciada pola Xunta de Galiza e as medidas que debe adoptar ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión plenaria do 9 de marzo de 2021 o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria anunciou na súa comparecencia que a Xunta de Galiza vai deseñar “unha nova carreira científica no Sistema Universitario de Galiza que fomente a estabilidade e impulse o talento dos nosos investigadores” e investigadoras, así como para aproveitar a potencialidade da Rede CIGUS de Centros de Investigación do Sistema Universitario Galego, co obxectivo de seguir avanzando na captación de talento “desde o convencemento de que a investigación é un elemento fundamental para a reactivación de Galiza”.

O persoal investigador galego vén denunciando desde hai anos as súas condicións laborais, a ausencia dunha carreira investigadora completa en Galiza que lles permita desenvolverse profesionalmente ao longo das diversas etapas formativas e, especialmente, profesionais así como a inestabilidade que soportan.

Porén, malia os anuncios feitos, descoñecemos o contido concreto dos plans da Xunta de Galiza nesta materia máis alá do enunciado polo conselleiro de Cultura e Educación na súa comparecencia. De igual maneira, descoñecemos se esa “nova





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

carreira investigadora” se vai estender ás demais áreas do goberno que tamén ten competencias en materia de I+D+i como a Consellaría de Industria e Innovación e GAIN ou a Consellaría de Sanidade e a ACIS.

Se ben, o Sistema Universitario Galego (SUG) é o principal motor na xeración de coñecemento e a produción investigadora e científica, a carreira investigadora non pode trazarse apenas desde un departamento senón que toda a política en materia de I+D+i debería implicar o conxunto do executivo nunha visión integral da mesma.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

En que consiste a nova carreira investigadora anunciada pola Xunta?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 28/07/2021 10:39:54

Noa Presas Bergantiños na data 28/07/2021 10:40:03

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/07/2021 10:40:11



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O pasado mes de marzo celebráronse varios exames de oposición para acceder a postos de psicólogo/a e traballador/a social da Xunta de Galicia.

Trala realización destes exames sucedéronse as queixas en relación ao contido dos mesmos, varios colectivos entre eles os colexios profesionais de psicólogos e traballadores sociais denunciaron que as probas non cumprían os criterios mínimos esixibles.

Denunciaban que as preguntas estaban cheas de imprecisións, mal formuladas ou cunha formulación errónea, sobre materia que estaba fóra de temario.

Por outra banda, quéixanse que na convocatoria non se especificaban os criterios de corrección, e que unha vez estes se publicaron atendían a uns criterios incomprensibles e cheos de contradicións.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que o acontecido é consecuencia do desleixo da Consellería de Facenda que amosou dende un inicio a falta de respecto total cara estas profesións.

Porque senón non se pode explicar que na configuración dos tribunais de oposición, non houbera persoas coa formación específica de cada unha das especialidades que se estaban a examinar.



Por todo isto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que criterios utilizou o Goberno galego para a designación do Tribunal que ía a estar ao fronte das oposicións da categoría A2, para acceder ao posto de psicólogos e traballadores sociais da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 28 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/07/2021 10:41:47

Pablo Arangüena Fernández na data 28/07/2021 10:41:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Castro García e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a sentenza ao presidente da Federación Galega de Fútbol Rafael Louzán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Rafael Louzán, presidente da Federación Galega de Fútbol e ex-alto cargo do PP, foi condenado polo xulgado do penal número 3 de Pontevedra a dous anos de prisión e oito de inhabilitación para o exercicio de cargo público polos delitos de prevaricación e fraude, cometidos pola adxudicación irregular das obras de construción do campo de fútbol de Moraña. Polos mesmos feitos tamén foi condenada a xefa territorial da Xunta en Pontevedra Luísa Piñeiro.

Mentres que Luísa Piñeiro dimitiu do seu cargo debido á gravidade dos feitos e da condena, Rafael Louzán segue exercendo como presidente da Federación Galega de Fútbol o que implica xestionar centos de miles de euros de fondos públicos e tomar decisións en relación con feitos como os que acarrearón a súa condena.

Máis alá da valoración legal e do feito de que a sentenza non sexa firme, estamos a falar de feitos de extrema gravidade e que son censurábeis desde o punto de vista da moralidade, da ética e da exemplaridade con que deben actuar as persoas que teñen responsabilidades públicas. Máis aínda se cabe nun ámbito como o deportivo no





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que as persoas dirixentes deben ser exemplo para a sociedade e para as xeracións máis novas.

Desde que se fixo pública a sentenza o pasado 5 de febreiro pasou máis de un mes sen que a Presidencia da Xunta, da que dependen as competencias en materia deportiva, actuase neste caso para velar pola integridade e exemplaridade que debe presidir o funcionamento dunha institución tan relevante como a Federación Galega de Fútbol. A lei do deporte proporciona instrumentos nos seu artigo 57 para intervir nun caso coma este e, ademais, o Comité Galego de Disciplina Deportiva, regulado nos artigos 91, 92, 93 e 94 da citada lei, ten entre as súas funcións intervir incoando un expediente disciplinario e adoptando medidas preventivas.

Ademais, a Presidencia da Xunta, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, debe velar polo cumprimento dos estatutos da Federación Galega de Fútbol, que establecen no artigo 31 que os dirixentes da entidade deben reunir como requisito “non estar inhabilitados para desempeñar cargos públicos”.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego instar ao Comité Galego de Disciplina Deportiva a que incoe expediente disciplinario ao presidente da Federación Galega de Fútbol e adopte as medidas preventivas acordadas coa gravidade dos feitos e da condena xudicial?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Daniel Castro Garíca
Iria Carreira Pazos
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/07/2021 10:45:01

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/07/2021 10:45:11

Daniel Castro García na data 28/07/2021 10:45:20

Iria Carreira Pazos na data 28/07/2021 10:45:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o centro de saúde de Salceda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de xuño de 2020 abriu ao público o novo centro de saúde de Salceda, logo de 10 anos de promesas e retrasos. Se ben o novo edificio supuxo unha importante mellora en canto á dotación de espazos e equipamentos, Salceda segue a ter un importante déficit de atención sanitaria.

O principal problema ten que ver coa existencia de máis de 7.800 tarxetas sanitarias, polo que a media de pacientes por médico/a supera as 1.600, cando o número recomendado é de 1.300.

O déficit de persoal sanitario supliuse de maneira provisional coa dotación dunha médico e unha enfermeira, prazas que se cubriron como persoal de refrozo mais sen praza fixa no centro de saúde de Salceda. Isto quere dicir que en calquera momento, de haber unha necesidade na zona, o SERGAS podería desprazar este persoal a outro centro.

Fonte a esta situación de provisionalidade, o plan funcional do SERGAS prevé a dotación con carácter permanente dunha praza de medicina de familia e outra dse





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

enfermaría, o que permitiría unha mellor planificación, estabilidade e calidade da asistencia sanitaria.

Como consecuencia das carencias de persoal e de deficiencias organizativas, estanse a producir excesivas demoras nas consultas telefónicas e presenciais e tamén nas analíticas de sangue, que poden chegar a demorarse até 40 días. Outras das queixas recorrentes é a desproporción entre atención telefónica e presencial, que se sitúan aproximadamente no 80% no caso da primeira e arredor do 20% na segunda.

Ademais, hai que ter en conta que o incremento e a evolución demográfica do concello de Salceda está a producir unha saturación no servizo de pediatría, no que hai unhas 1.300 tarxetas para un só posto de pediatra. Debido a esta situación de deterioro dos servizos de pediatría, en moitas vilas galegas entán proliferando clínicas privadas que ofrecen estes servizos.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que previsións ten o goberno galego para dotar con carácter permanente unha praza de medicina de familia e outra de enfermaría no centro de saúde de Salceda de Caselas?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores
Iria Carreira Pazos
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 28/07/2021 10:47:36

María Montserrat Prado Cores na data 28/07/2021 10:47:39

Xosé Luis Bará Torres na data 28/07/2021 10:47:50



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A conciliación da vida familiar e laboral e a corresponsabilidade seguen a ser temas pendentes na nosa sociedade, e para iso son precisas medidas que favorezan a igualdade e corrixan as enormes desigualdades existentes, que se fixeron aínda máis manifestas coa pandemia da Covid-19.

Entre esas medidas, a Xunta de Galicia concede dende hai máis dunha década axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada. Estas axudas están dirixidas a homes e a persoas traballadoras de familias monomarentais ou monoparentais, deixando así fóra a maioría das mulleres, que son quen reducen as súas xornadas para coidar dos fillos e fillas.

Esta convocatoria de axudas foi recentemente denunciada pola asociación Petra Maternidades Feministas, que apunta con ela unha nova penalización sobre as nais, xa que a redución de xornada que solicitan nos seus traballos non se ve bonificada de ningunha maneira; moi ao contrario, vén reducidos os seus salarios mentres os homes que decidan acollerse a ela en moitos dos casos non verán merma nos seus salarios.

Deste xeito, tal e como manifestan, o que a priori deberá ser unha acción positiva para rachar coa desigualdade, parece resultar nun incremento da discriminación que se pretende solucionar.

Se ben o propósito inicial destas axudas era favorecer a implicación dos homes pais nas tarefas dos coidados, á vista dos datos de axudas concedidas ao longo destes anos (non chegan a 300 os homes que cada ano conseguen esta axuda) non parece que se cumpra a finalidade que persegue -o aumento da corresponsabilidade-. Hoxe só 1 de cada 4 reducións de xornadas en Galicia é para homes e segundo os últimos datos do IGE (2018), fronte ás 8.900 mulleres



que deixaron de traballar para o coidado dos fillos e fillas, só 700 homes fixeron o propio.

Á vista dos datos que apuntan a unha ineficacia destas axudas e a unha dupla discriminación das mulleres, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Valora a Xunta de Galicia modificar a convocatoria de axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para mellorar a súa eficacia e non discriminar as mulleres?

Pazo do Parlamento, 28 de xullo do 2021

Asdo.: Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 28/07/2021 09:29:27

Noelia Otero Lago na data 28/07/2021 09:29:37

Marina Ortega Otero na data 28/07/2021 09:29:43

Julio Torrado Quintela na data 28/07/2021 09:29:52



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

As medidas sanitarias para tratar de controlar o avance da quinta vaga do coronavirus fai que se teña que reducir as prazas nos albergues de peregrinos o que está creando un serio problema para as persoas que están facendo o Camiño de Santiago e queren pernoctar nos albergues.

Durante toda a semana pasada moitos albergues colgaron o cartel de completo e incluso tiveron que coordinarse entre todos os albergues dalgunha vila para tratar de dar acubillo a todos os peregrinos e peregrinas que solicitaban praza para pasar a noite.

Os aforos dos albergues dependen do nivel de restricións de cada concello, nas vilas onde están ó 50 % do aforo é moi complicado atopar unha praza nun albergue, incluso os que están ó 30 % do aforo tampouco teñen prazas vacantes.

Están chegando milleiros de peregrinos e peregrinas a nosa terra e están tendo serios problemas para pernoctar nos albergues, moitos incluso piden durmir no chan ante a desesperación.

Os peregrinos que queren atopar un lugar nos albergues públicos atopan estes días que non poden reservar con antelación -nos privados, si- como mandato institucional.

O horario de apertura destes establecementos é a partir das 13:00 horas e os que teñen limitacións físicas teñen prioridade para atopar un lugar, seguido dos que fan o Camiño a pé. Despois, entrarían os que peregrinan a cabalo, os que van en bicicleta e, finalmente, os que viaxan en coches de apoio e os que comezan a ruta no albergue correspondente.



O Grupo Parlamentario Socialista demandamos á Xunta de Galicia dar unha solución urxente a eses milleiros de peregrinas e peregrinos que están facendo o Camiño de Santiago e atópanse có problema de non ter onde pasar a noite, creando mal estar e queixas por parte destes turistas. Esta imaxe non é boa nin para o turismo, nin para o ano Xacobeo, nin para Galicia.

O Goberno autonómico tería que ter algunha alternativa por se nalgún momento acontecía isto, era bastante previsible estando nunha pandemia. Ante esta problemática na que nos atopamos non existe ningunha alternativa para todos os turistas que están facendo o Camiño de Santiago e non teñen onde pasar a noite.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que solución vai dar a Xunta de Galicia ás persoas que están facendo o Camiño de Santiago e non poden pecnoctar nos albergues de peregrinos debido á limitación de aforos?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 28/07/2021 09:42:08

Martín Seco García na data 28/07/2021 09:42:16



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG5p1sK30653
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

